



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 9 de setembro de 2022

RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 9 DE SETEMBRO DE 2022.

ASUNTOS

[*Declaración institucional a favor dos traballadores de Teleperformance..... 5](#)

Información e actas

[1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2022, de 29 de xullo. 7](#)

[2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xullo de 2022 ata o 2 de setembro de 2022. 7](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

[3. Rectificación do acordo adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, punto terceiro da orde do día: "Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación PuntoGal para financiar o proxecto "Estudo do impacto PuntoGal" e aprobación do correspondente convenio de colaboración. 7](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

[4. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2021 co código 2021.2100.0144.0 17](#)

[5. Aprobación do 2º proxecto modificado do investimento denominado "Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2019 co código 2019.2100.0016.0. 19](#)

[6. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de viarios nos lugares de Casas Novas e a Serra, viario do lugar de Piñeiro ao lugar de Igrexa, viarios entre o lugar de a Veiga e o lugar de Porto, viario no lugar de Mangoño, viario no lugar de Burrícios e viario Burrícios a Coiroa", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+2020, co código 2020.2000.0180.0 21](#)

[7. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Rúas interiores en Arcai de Abaixo \(Gorgullos\)" do Concello de Tordoia, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+2021, co código 2021.2000.0289.0 24](#)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

[8. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a](#)

provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xullo de 2022..... 26

9. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2022. 27

10. Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2023. 27

11. Aprobación inicial da modificación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos (art. 35.4). 27

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

12. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excmá. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal para financiar o proxecto " Mercado e Festa do Mar 2022 na Coruña" 60

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición dun plan sectorial para o monte galego 70

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para loitar contra a ocupación ilegal e mellorar a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios. 87

3.Moción dos Grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG en defensa da frota pesqueira e da pesca de fondo galegas. 100

4. Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG en defensa do servizo básico e esencial da educación pública 110

ROGOS E PREGUNTAS 125

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 9 de setembro de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 9 de setembro de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Excusados:

Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Luis Pérez Añón	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:15 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Bo días a todos e a todas. Empezamos esta sesión de Pleno coa declaración institucional en favor dos traballadores de Teleperformance.

Sra. Secretaria

Declaración institucional a favor dos traballadores de TELEPERFORMANCE

A partir do próximo mes de setembro, o servizo de atención telefónica ao cliente de Unión Fenosa Distribución (UFD), que presta o servizo de atención de avarías eléctricas da distribuidora do Grupo Naturgy, pasará a ser realizado en máis dun 80% por persoal de Colombia.

Até esa data, e desde hai máis de 25 anos, este servizo préstase tanto en galego como en castelán desde a delegación de Teleperformance, na cidade da Coruña, dando cobertura a toda a clientela da Distribuidora (UFD) do grupo Naturgy, non só en Galicia, senón tamén nas outras zonas de España, onde esta compañía ten despregada a súa rede de distribución.

Estamos a falar dun servizo ao que os clientes se dirixen cando teñen calquera problema coa súa subministración eléctrica, para notificar cortes, avarías, subas de tensión, altas e baixas do servizo de electricidade, reclamacións. É dicir, falamos dun servizo básico e esencial para a cidadanía.

Desde primeiros de setembro esta atención pasará a realizarse desde Colombia, perdéndose máis de 90 postos de traballo que van ser deslocalizados desde a Coruña, co que isto implica para o emprego.

Desde hai xa uns cantos anos, é práctica habitual que o Grupo Naturgy (antiga Fenosa), de orixe galega e que mantíña un certo compromiso coa súa galegitude, traslade os postos de traballo dos servizos de atención ao cliente das empresas do seu grupo fóra do país. Estes postos, que antes se desempeñaban desde Galicia, a maioría desde as instalacións de Teleperformance A Coruña, pouco a pouco pasaron a ser realizados desde fóra coa conseguinte perda de emprego.

Así pasou en 2013, cando a daquela "Gas Natural Fenosa" decidiu eliminar a atención ao cliente da súa filial "Unión Fenosa Comercial" ou en 2019 cando se deslocalizou para Reus o servizo de atención á clientela do mercado regulado de GNSUR (actual Comercializadora Regulada Gas& Power).

Todos estes servizos estaban sendo atendidos desde varios puntos de Galicia, a maioría desde Teleperformance A Coruña, e pouco a pouco foron marchando para fóra.

O Comité de Empresa está moi preocupado por esta situación por todo o que isto conleva a nivel de emprego. Nos últimos anos en Teleperformance A Coruña, debido a estes procesos de deslocalización e cambio de contratas, destruíronse máis de 800 postos de traballo, perdéndose buques insignia da delegación como R Cable, Naturgy, Orange, e agora UFD, onde chegou a haber máis de 900 persoas empregadas.

A preocupación amplíase tamén á perda aparelada que leva na calidade dos servizos á clientela.

Cada vez máis as empresas, incluídas as que prestan servizos básicos e de primeira necesidade para a cidadanía, como son os relacionados coa electricidade, telecomunicacións, banca. están indo a un modelo onde prima o puramente económico sobre a calidade da atención á cidadanía, os seus dereitos como consumidores e os dereitos laborais dos traballadores.

Un novo modelo onde o que importa cada vez máis é atender o maior número de chamadas factible para que as empresas subcontratadas, que realizan estes servizos, facturen o máximo posible (cobran por número de chamada atendida), sen importar ou, en todo caso poñer sempre en segundo plano, a resolución e a calidade na xestión da demanda que solicita a clientela.

Neste modelo de atención a experiencia, o saber facer, a formación, a garantía á saúde dos traballadores do sector, está sempre nun segundo plano ou brilla pola súa ausencia. Esta é a verdadeira razón de por que se deslocalizan estes servizos a outros puntos da xeografía. A empresa subcontratada que ofrezca o servizo máis barato, aínda que sexa en menoscabo dunha verdadeira atención personalizada e eficaz do consumidor, é a que resulta sempre adxudicataria. Xa non importa a calidade só a cantidade.

Cando, como clientes, chamamos a un servizo é para que nos resolvan a consulta de forma eficiente, a poder ser na primeira chamada ou contacto coa compañía. E isto queda precisamente garantido con persoal que conte coas ferramentas suficientes para poder realizar de xeito satisfactorio o seu traballo.

Lembramos que estamos a falar que o persoal que desempeña o traballo de UFD na actualidade, leva máis de 25 anos de experiencia acumulada. E este persoal vai ser substituído por outro totalmente novo e alleo á realidade do usuario de UFD.

O cliente necesita para resolver as súas consultas que o atendan dun xeito personalizado, próximo, amosando empatía cos seus problemas, sendo resolutivos e coñecendo sempre de primeira man a súa realidade inmediata. Necesita que o atendan con cortesía na súa lingua e que non se vulnere ningún dereito como consumidor, como o dereito á protección de datos, que sempre queda en entredito nestes procesos de deslocalización a países sen lexislación ou, cunha moito máis laxa, co perigo que iso pode implicar no uso de datos sensibles (enderezos, DNI, datos bancarios, datos sanitarios...).

Os procesos de deslocalización, pola experiencia acumulada, non garanten isto, porque non apostan por un modelo de atención de calidade, senón por un puro criterio de ganancia empresarial. Precísase un modelo que atenda mellor á clientela.

Precisamente por iso desde o Comité de Empresa sempre defenderon a necesaria profesionalización do sector de atención ao cliente, apostando sempre pola calidade e garantía total dos servizos.

Por todo isto, o pleno da corporación, apoiamos aos traballadores de Teleperformance

segundo as súas reivindicacións, defendendo e difundíndoas no relativo a:

- Defender outro modelo de atención ao cliente, que aposte por manter e aumentar estes postos de traballo aquí, no país, tamén como garantía necesaria, non só na defensa dos dereitos lingüísticos e da calidade da atención da cidadanía, senón tamén para contar cun emprego de calidade e con condicións laborais dignas para as persoas que traballan no sector.
- Levar a cabo mobilizacións para defender os seus postos de traballo na Coruña e garantir tamén os dereitos da cidadanía.

E, dende a nosa posición como administración, comprometémonos a negociar co Grupo Naturgy para que reconsidere a súa decisión e se poidan manter, e mesmo aumentar, estes postos de traballo no noso centro da Coruña.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2022, de 29 de xullo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 8/2022, de 29 de xullo.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xullo de 2022 ata o 2 de setembro de 2022.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xullo de 2022 ata o 2 de setembro de 2022.

3.- Rectificación do acordo adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, punto terceiro da orde do día: "Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación PuntoGal para financiar o proxecto "Estudo do impacto PuntoGal" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Rectificar o acordo adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, punto

terceiro da orde do día: “Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación PuntoGal para financiar o proxecto Estudo do impacto PuntoGal” e **aprobación do correspondente convenio de colaboración coa seguinte redacción**, axustada aos termos que figuran no expediente 2022000001005 tramitado ao efecto:

1- Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de Autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o Capítulo XI. Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan Estratéxico de Subvencións establécese como Obxectivo estratéxico E.09 "Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 20-22 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve Puntogal, e tendo en conta a grande difusión que se acada a través da internet co medio principal de actuación de puntogal para as súas actividades de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación PuntoGal, G70065107, correspondente á subvención nominativa por importe de 29.000,00 euros co obxecto do "Estudo do impacto PuntoGal". A porcentaxe de financiamento proposta é do 65,90909 % de acordo co texto do convenio que se achega.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2023, autorice o correspondente orzamento.

4. Incluír a subvención no Plan estratéxico provincial de subvencións 2020/2022, da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PUNTOGAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR O ESTUDO DO IMPACTO PUNTOGAL “.GAL”.

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Asociación PuntoGal

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación PuntoGal é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en 2006, que ten como fins principais:

Promover as actuacións e actividades necesarias relacionadas coa consecución, creación, xestión e control do rexistro do nome de dominio “.gal”, doutros identificadores únicos empregados nas redes globais de comunicación e, en xeral, da promoción da lingua e a cultura galegas no ámbito de internet e das tecnoloxías da información e da comunicación. Esta finalidade realizaraa directamente ou mediante outras persoas ou entidades cos acordos que cómpre.

Que baixo o dominio .gal se poidan rexistrar dominios daquelas entidades, empresas ou persoas que se expresen en lingua galega e/ou contribúan ao fomento da cultura galega.

Realizar as xestións para obter o fin descrito con campañas de divulgación e concienciación.

Amosar un grande apoio social das comunidades lingüística e cultural galegas, ás que se quere representar, no logro de seren identificadas en internet cun dominio propio.

Representar os intereses da asociación perante as administracións locais, provinciais, nacionais, estatais, institucións públicas e privadas e tamén diante da Unión Europea e outras organizacións internacionais, naquilo que afecte os obxectivos esenciais da asociación.

Promover iniciativas legislativas e administrativas que beneficien a consecución dos seus fins.

Contribuír ao proceso de normalización lingüística.

A Asociación PuntoGal promoverá as súas actividades en todo o ámbito específico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017:

“Artigo 19:

1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares”.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación PuntoGal, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación PuntoGal, G70065107, para financiar o “Estudo do impacto .gal” para obter unha idea clara e definida da situación da rede en Galicia,

para ofrecer unha información fiable sobre a presenza do galego na rede, para analizar en que lingua está redactado, que entidade a mantén e que público a busca.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Implementación importación e tratamento das bases de datos de dominios 8.000 euros
2. Desenvolvemento da ferramenta de análise de datos 7.500 euros
3. Procesamento de datos, automático e manual 3.500 euros
4. Análise de resultados 6.000 euros
5. Formato, maquetación e presentación de resultados 4.000 euros
6. Deseño, desenvolvemento e mantemento da web 3.000 euros
7. Definición de requisitos e ferramentas para a realización do traballo 2.000 euros
8. Tarefas de posta en marcha do Observatorio 2.000 euros
9. Asesoría xurídica de protección de datos 1.000 euros
10. Horas de xestión e traballo do persoal da oficina durante a elaboración do informe 3.500 euros
11. Horas de coordinación do proxecto 1.500 euros
12. Difusión dos resultados do primeiro informe 2.000 euros

Total dos gastos: 44.000,00 euros.

Asociación PuntoGal acredita que achegará dos seus fondos ata os 15.000,00 euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **29.000,00 euros**, non podendo superar o coeficiente de financiamento o **65,90909 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará como máximo o importe que represente o **65,90909 %** da cantidade efectivamente xustificada e sen superar en ningún caso a porcentaxe de financiamento resultante do gasto inicial previsto e a cantidade máxima que se compromete a aportar a Deputación. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Asociación PuntoGal obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación PuntoGal. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación PuntoGal, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación PuntoGal deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que Asociación PuntoGal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Asociación PuntoGal.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación PuntoGal unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscribida polo representante legal de Asociación PuntoGal, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén

se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, Asociación PuntoGal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación PuntoGal para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación PuntoGal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación PuntoGal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste

convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación PuntoGal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, Asociación PuntoGal deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación PuntoGal poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Asociación PuntoGal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou do atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación PuntoGal serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación PuntoGal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2023, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2023 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na data citada.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0144.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Carral do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0144.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carral	2021.2000.0144.0	Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel	137.991,95	0,00	137.991,95

Logo de aprobar o Concello de Carral, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento redactado en maio de 2022 polos arquitectos Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya, do estudio de arquitectura Mmasa, SLP, que xa redactaran o proxecto inicial e que foi asinado dixitalmente o 8 de xullo de 2022 pola arquitecta Patricia Muñiz Núñez, en calidade de representante do estudio de arquitectura, cun incremento do seu orzamento de contrata de 12.978,15 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, optando ademais por suprimir algunhas das actuacións previstas no proxecto inicial, como é a eliminación da cortiña separadora divisoria da pista polideportiva, da pintura dos parámetros interiores do pavillón e a substitución do

pavimento da pista polideportiva por outro máis apropiado para a práctica de deportes sobre rodas, ao ser o patinaxe, a diferenza do previsto inicialmente, o deporte que se prevé que se practique con máis intensidade.

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado o 22 de xullo de 2022 polo arquitecto municipal, no que indica que o proxecto modificado non precisa de ningunha autorización sectorial e que os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

Logo de ver o informe técnico- xurídico (Anexo VI), asinado o 22 de xullo de 2022 polo arquitecto municipal e a secretaria accidental do Concello de Carral, no que se acredita que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento, ao tratarse de bens de dominio público municipal.

Logo de ver o certificado de existencia de crédito emitido pola interventora municipal con data 13 de xullo de 2022, para facer fronte ao incremento do orzamento de contrata deste proxecto modificado.

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado xa que quedou deserta a licitación e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 16 de xuño de 2022 polo Servizo de asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel”, do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0144.0, que aínda non está adxudicado dado que a licitación quedou deserta e que foi aprobado polo Concello de Carral, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Carral tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Carral “Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel” Código 2021.2000.0144.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	137.991,95	137.991,95	0,00
Concello	0,00	12.978,15	12.978,15
Total	137.991,95	150.970,10	12.978,15

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos."

5.- Aprobación do 2º proxecto modificado do investimento denominado "Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0016.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda" do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2100.0016.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Cee cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2019.2100.0016.0	Cee	Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda	57.596,00	0,00	57.596,00

Logo de ver que que o Concello de Cee, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2021, adxudicoulle este investimento á empresa BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L., co NIF B70355615, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar.

Logo de aprobar o Concello de Cee un proxecto modificado nº 2 deste investimento,

asinado dixitalmente o 11 de xullo de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos e director da obra, Joaquín Álvarez Portela, que xa fora o redactor do proxecto inicial e do modificado nº 1, a instancias da empresa adxudicataria e co informe favorable do director da obra, que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que supón un incremento do orzamento total de adxudicación con respecto do proxecto modificado nº 1 de 10.422,70 €, cuxo financiamento asume integramente o concello, que foi redactado para recoller as unidades de obra necesarias e non previstas, por imprevisibles, no anterior proxecto modificado, para a retirada dos lodos apelmazados na parte inferior da fosa séptica e que non resulta posible a súa retirada mediante o sistema de bombeo previsto no modificado nº1, así como o seu transporte á planta de tratamento, conforme á lexislación vixente.

Tendo en conta que segundo indica a arquitecta municipal, Cayetana Silva Seoane, no Anexo V, asinado o 13 de abril de 2022 de maio, para a execución deste proxecto modificado nº 2 é suficiente cunha declaración responsable dirixida a Augas de Galicia, que xa consta no expediente para o proxecto modificado nº 1 e que segundo o informe complementario da arquitecta de data 12 de agosto de 2022, segue sendo válida para este Modificado e que débese dar traslado deste proxecto á Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico (Augas de Galicia), a efectos de deixar constancia desta intervención.

Logo de ver o escrito da Xefa da Área de Vertidos de Augas de Galicia, asinado dixitalmente o 30 de xuño de 2022, polo que se lle comunica ao Concello de Cee, en atención a súa solicitude, a concesión dunha prórroga de tres meses para a finalización das referidas obras.

Tendo en conta que para o proxecto modificado nº 1 era necesario obter a preceptiva autorización de Augas de Galicia, exclusivamente en relación co peche da depuradora de Ameixenda e que xa consta no expediente, pero que foi concedida o 19 de maio de 2020 cun período de validez de 24 meses.

Logo de ver a solicitude presentada polo Concello de Cee o 17 de agosto de 2022, ante a Xunta de Galicia, para que se lle conceda unha prórroga da autorización concedida por Resolución asinada dixitalmente o 19 de maio de 2020 pola directora de Augas de Galicia para a realización de obras de peche de estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Ameixenda, na zona de policía do Rego da Fume da Cal (no lugar Lamas).

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 26 de xullo de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado nº2 do investimento denominado “Posta en marcha

das depuradoras de Estorde e Ameixenda”, do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0016.0, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello a instancias da empresa adxudicataria e coa conformidade do director das obras, logo de que o concello estimara parcialmente o recurso de reposición presentado pola empresa adxudicataria contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo de 2022, que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de introducir novas unidades de obra non previstas, por imprevisibles, no proxecto modificado nº 1, para retirar os lodos compactados na parte inferior da fosa séptica que non poden ser levados á EDAR de Ameixenda mediante o sistema de bombeo tal e como estaba recollido no proxecto contractual así como o seu transporte á planta de tratamento conforme á lexislación vixente, que ten un orzamento de adxudicación superior ao do proxecto modificado nº 1 que rexiu a licitación que é asumido íntegramente polo concello, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello de Cee Código: 2019.2100.0016.0 “Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	57.596,00	52.290,00	57.596,00	52.290,00	0,00
Concello	0,00	0,00	11.480,32	10.422,70	10.422,70
Total	57.596,00	52.290,00	69.076,32	62.712,70	10.422,70

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

6.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de viarios nos lugares de Casas Novas e a Serra, viario do lugar de Piñeiro ao lugar de Igrexa, viarios entre o lugar de a Veiga e o lugar de Porto, viario no lugar de Mangoño, viario no lugar de Burricios e viario Burricios a Coiroa", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, co código 2020.2000.0180.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de viarios nos lugares de Casas Novas e a Serra, viario do lugar de Piñeiro ao lugar de Igrexa, viarios entre o lugar de a Veiga e o lugar de Porto, viario no lugar de Mangoño, viario no lugar de Burricios e viario Burricios a Coiroa", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, co código 2020.2000.0180.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Oza -Cesuras	2020.2000.0180.0	Aglomerado de viarios lug.de Casas Novas, a Serra e outros	82.864,61	4.143,23	87.007,84

Logo de ver que o Concello de Oza -Cesuras, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2021, adxudicoulle a obra á empresa Canarga S.L., co NIF B15360902, por importe de 83.900,00 € e que, no día de hoxe, consta pendente de certificar na súa totalidade

Logo de aprobar o Concello de Oza -Cesuras un proxecto modificado deste investimento, sen variación do seu orzamento total, asinado dixitalmente o 23 de marzo de 2022 pola arquitecta municipal, que xa redactara o proxecto inicial, polo director das obras e polo representante de empresa adxudicataria, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade de todos os asinantes do proxecto modificado, coa finalidade de eliminar no proxecto inicial, na actuación número 3 consistente no aglomerado de viais entre o lugar da Veiga e o lugar de Porto, nas parroquias de Salto e Cines, respectivamente, aqueles tramos ou viais que están xa executados polo concello por telos incluídos noutro Plan e substituílos por outros camiños contiguos situados na mesma zona

Tendo en conta o informe emitido polo director de obra o 25 de febreiro de 2022 e incorporado ao proxecto modificado no seu Anexo 4, no que se solicita autorización para a redacción e tramitación do correspondente proxecto modificado, indicando que as modificacións encadraríanse no suposto previsto no artigo 205.2 c) da lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e na cláusula 34.7 do prego que rexe a contratación; que non teñen carácter substancial, xa que non altera equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dun xeito non previsto no contrato inicial e que non se introducen novas unidades de obra, supoñendo unicamente un lixeiro cambio da situación/medición dalgunhas das actuacións, sen alterar o orzamento parcial e total

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado o 22 de xullo de 2022 pola

arquitecta municipal e redactora do proxecto modificado, no que indica que para a execución deste proxecto modificado será necesario presentar a correspondente declaración responsable ante Augas de Galicia por tratarse de obras de mantemento e mellora da rede viaria municipal; a autorización da Deputación Provincial da Coruña, por afectar ás estradas DP 0106 e DP 3203 e da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI), por afectar á estrada AC 840 e que este investimento constitúe unha obra completa susceptible de utilización independente

Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado o 30 de marzo do 2022 pola arquitecta municipal e o secretario do concello, no que este último conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado, previa a presentación da correspondente declaración responsable ante Augas de Galicia e a obtención das autorizacións da Deputación Provincial da Coruña e da Axencia Galega de Infraestruturas

Logo de ver a Resolución da presidencia desta corporación provincial numero 18320, do 19 de abril de 2022, pola que se concede a autorización para a execución deste proxecto modificado cunhas condicións técnicas e o informe emitido o 26 de abril de 2022 pola arquitecta municipal, no que indica que este proxecto modificado cumpre coas condicións técnicas impostas na referida Resolución e que respecto das que poidan implicar partidas non previstas no mesmo, adquírese o compromiso de darlles cumprimento e serán financiadas polo concello

Logo de ver a Resolución asinada o 27 de abril de 2022 polo xefe do Servizo Provincial da Coruña da AXI, pola que se concede a autorización para a execución deste proxecto modificado, cunhas condicións particulares e xerais, así como o informe emitido o 10 de maio de 2022 pola arquitecta municipal, no que indica que este proxecto modificado cumpre coas condicións técnicas impostas na Resolución da AXI e que respecto das que poidan exceder ou que resulten alleas ao contido do proxecto técnico, adquírese o compromiso de darlles cumprimento durante a execución das obras

Logo de ver a comunicación do xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia de que, tras ser revisada a Declaración Responsable para actuacións menores presentada polo Concello de Oza-Cesuras para a execución deste proxecto modificado, compróbase que cumpre co disposto no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas

Tendo en conta o informe do Secretario-Interventor do Concello de Oza-Cesuras, asinado dixitalmente o 29 de abril de 2022, favorable á tramitación do proxecto modificado xa que o expediente conta con todos os documentos necesarios e considérase axustada a dereito a modificación do contrato que se propón polo director facultativo

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 24 de marzo de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario

adoptado na sesión realizada o 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208, do 31 de outubro de 2019 e modificadas mediante acordo plenario do 30 de abril de 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de viarios nos lugares de Casas Novas e a Serra, viario do lugar de Piñeiro ao lugar de Igrexa, viarios entre o lugar de a Veiga e o lugar de Porto, viario no lugar de Mangoño, viario no lugar de Burricios e viario Burricios a Coiroa", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, co código 2020.2000.0180.0, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, sen variación do seu orzamento total de contrata, que conta coas autorizacións necesarias para a súa execución e que ten como obxecto modificar parte do trazado inicialmente previsto no proxecto inicial, ao estar un camiño xa executado polo concello por telo incluído noutro Plan, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Oza-Cesuras Código 2020.2000.0180.0 "Aglomerado de viarios lug.de Casas Novas, a Serra e outros"	Deputación	82.864,61	82.864,61	0,00	0,00	82.864,61
	Concello	4.143,23	1.035,39	3.107,84	0,00	1.035,39
	Total	87.007,84	83.900,00	3.107,84	0,00	83.900,00

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4547/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos."

7.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Rúas interiores en Arcaí de Abaixo (Gorgullos)" do Concello de Tordoia, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0289.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rúas interiores en Arcai de Abaixo (Gorgullos)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0289.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 30 de xuño de 2021, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que no Anexo IV a este acordo plenario provincial figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2021 con cargo á Achega 2020, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Tordoia denominada "Rúas interiores en Arcai de Abaixo (Gorgullos)", co código 2021.2000.0289.0

Logo de ver que segundo se desprende da documentación remitida polo concello xustificativa desta modificación, a obra foi adxudicada polo Concello de Tordoia á empresa OBRAS E VIALES DE GALICIA, mediante Resolución de Alcaldía número 376/2021 do 26 de novembro de 2021, por un importe de 55.620,00 €.

Logo de aprobar o Concello de Tordoia un proxecto técnico modificado desta obra, cun orzamento de contrata de 57.089,17 €, que foi asinado dixitalmente o 5 de xullo de 2022 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan, vista a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, o informe técnico xustificativo da modificación, a certificación da Secretaria acreditativa de que se trata dunha modificación puntual que non altera o obxecto inicial sustancial nin presupostariamente, tendo en conta a conformidade do contratista adxudicatario, así como o resto da documentación administrativa xustificativa correspondente, constando así mesmo no expediente o informe de supervisión favorable do proxecto modificado emitido o 26 de xullo de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.-Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Rúas interiores en Arcai de Abaixo (Gorgullos)", do Concello de Tordoia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)

POS+2021 co código 2021.2000.0289.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021.

Este proxecto modificado foi asinado dixitalmente o 5 de xullo de 2022 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial e foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Esta modificación non supón unha variación sustancial nin do seu obxecto nin da súa finalidade, tampouco implica un alteración do orzamento de contrata do proxecto técnico da obra por mor da eliminación dun treito de terreo previsto no proxecto inicial e a execución de dous novos ramais adxacentes, para o que conta coa conformidade da empresa adxudicataria da obra, coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución e coa xustificación do técnico no seu informe de que beneficia a un maior número de veciños por ter unha maior demanda social, sendo os seus datos de financiamento os seguintes:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2021.2000.0289.0	Tordoia	Rúas interiores en Arcai de Abaixo(Gorgullos)	44.244,84	12.844,33	57.089,17

2.-A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Tordoia para os efectos oportunos."

8.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xullo de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e

Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de xullo de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de xullo de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

9.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2022.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao segundo trimestre de 2022, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

10.- Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2023.

Dáse conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2023, de aprobación pola Presidencia.

11.- Aprobación inicial da modificación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos (art. 35.4).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos, consistente en numerar correctamente o apartado 4 do artigo 35, que pasa a ser o apartado 3, e substituír o seu contido polo seguinte:

"3. Tampouco se admitirá como garantía, con carácter xeral, a anotación de embargo practicada no procedemento de prema sobre bens ou dereitos do debedor. No seu lugar esixirase a constitución de hipoteca ou prenda sobre os ditos bens ou dereitos ou sobre outros que reúnan as condicións necesarias. No entanto, con carácter excepcional e sempre que a situación económico-financeira do debedor non permita

presumir a existencia de dificultades futuras de carácter estrutural que poidan desembocar nunha situación concursal e que ademais o valor dos bens ou dereitos cubra suficientemente o importe a garantir, admitirase o embargo como garantía para o aprazamento ou fraccionamento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) *Que, en atención á contía e prazo da débeda, ou a calquera outras circunstancias, a constitución de garantía poida resultar excesivamente onerosa, debendo o propio debedor achegar a proba correspondente para o efecto.*
- b) *Que, con posterioridade á data da anotación do embargo, consten anotadas outras cargas sobre os citados bens ou dereitos, de xeito que a constitución de hipoteca ou prenda sobre os mesmos faga perder á Deputación a prioridade que lle corresponda pola data de inscrición no Rexistro."*

O texto íntegro do Regulamento modificado pasa a ser o seguinte:

REGULAMENTO DE XESTIÓN DE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

ÍNDICE

PREÁMBULO.

CAPÍTULO 1º. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

Artigo 2.- Normativa aplicable.

CAPÍTULO 2º. CRITERIOS XERAIS.

Artigo 3.- Criterios xerais.

CAPÍTULO 3º. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

Artigo 4.- Lexitimación.

Artigo 5.- Prazos de presentación.

Artigo 6.- Lugar e forma.

Artigo 7.- Contido.

Artigo 8.- Efectos.

Artigo 9.- Documentación obrigatoria.

Artigo 10.- Documentación complementaria.

Artigo 11.- Informe de valoración.

CAPÍTULO 4º. TRAMITACIÓN.

Artigo 12.- Coincidencia con recursos e solicitudes de suspensión ou compensación.

Artigo 13.- Emenda de defectos da solicitude.

Artigo 14.- Análise da situación económico-financeira.

Artigo 15.- Pagos parciais a conta.

Artigo 16.- Calendario provisional de pagos.

Artigo 17.- Exame da garantía ofrecida.

Artigo 18.- Dispensa de garantía.

Artigo 19.- Medidas cautelares substitutivas da garantía.

Artigo 20.- Requirimentos.

Artigo 21.- Proposta de resolución.

Artigo 22.- Resolución.

Artigo 23.- Notificación.

CAPÍTULO 5º. OUTRAS FORMAS DE TERMINACIÓN.

Artigo 24.- Non admisión.

Artigo 25.- Desistencia.

Artigo 26.- Arquivo.

CAPÍTULO 6º. RECONSIDERACIÓN

Artigo 27.- Modificación das condicións acordadas.

Artigo 28.- Solicitud relacionada con outra denegada, non admitida ou incumprida.

CAPÍTULO 7º. LIQUIDACIÓN DOS XUROS DE MORA.

Artigo 29.- Criterio xeral.

Artigo 30.- Liquidación e períodos de cálculo.

Artigo 31.- Tipo de xuro.

CAPÍTULO 8º. A GARANTÍA.

Artigo 32.- Regras xerais.

Artigo 33.- Informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade.

Artigo 34.- Emenda de defectos da garantía.

Artigo 35.- Garantías non admisibles.

Artigo 36.- Prazo de formalización.

Artigo 37.- Documento de formalización.

Artigo 38.- Consecuencias da falta de formalización.

Artigo 39.- Aceptación.

Artigo 40.- Liberación.

Artigo 41.- Execución.

CAPÍTULO 9º. EXECUCIÓN DO APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO.

Artigo 42.- Pago.

Artigo 43.- Consecuencias da falta de pago dos vencementos.

Artigo 44.- Incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

CAPÍTULO 10º. DÉBEDAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN CONCURSAL.

Artigo 45.- Solicitudes en situación preconcursal.

Artigo 46.- Tramitación.

Artigo 47.- Solicitudes anteriores á declaración de concurso.

CAPÍTULO 11º. DESENVOLVEMENTO E ENTRADA EN VIGOR.

Artigo 48.- Desenvolvemento.

Artigo 49.- Entrada en vigor.

Artigo 50.- Disposición derogadora.

PREÁMBULO.

O presente Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos non é una norma “ex novo”, senón o desenvolvemento e adaptación da normativa básica estatal, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e o Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación (RXR), nun aspecto moi concreto e específico do procedemento de recadación tributaria: a

xestión de aprazamentos e fraccionamentos de pago. É, ademais, a evolución necesaria das actualmente vixentes Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación, aprobadas polo Pleno da Corporación mediante acordo adoptado na súa sesión do 31 de maio de 2013, e que entraron en vigor o día 15 de outubro de 2013 ao publicarse no Boletín Oficial da Provincia número 195, do 14 de outubro de 2013.

Dende entón, as ditas Normas modificáronse por acordo do 30 de maio de 2014, para adaptar á normativa SEPA (Zona Única de Pago en Euros) varios modelos de documentos, e por acordo do 28 de maio de 2021, para modificar o contido do artigo 7.2 en relación coas entidades sen ánimo de lucro.

Á marxe destas modificacións, a experiencia acumulada na aplicación das Normas durante este tempo aconsella unha revisión e actualización en profundidade, que se pretende con este Regulamento.

Resulta necesario para corrixir defectos e omisións das Normas actuais e tamén para a súa adaptación á normativa tributaria básica e ás circunstancias sociais e económicas actuais, o que vai incidir en mellorar o procedemento, dando máis posibilidades aos cidadáns, sen que supoña unha diminución dos intereses xerais que defende a administración tributaria neste caso.

Con este Regulamento preténdese axilizar os procesos e facer máis accesibles estas facilidades de pago aos contribuíntes que máis o precisan.

Resulta proporcional, xa que se trata precisamente de, buscando obxectivos recadatorios, dar o trato máis axeitado a cada tipo de contribuínte, achegándose en cada caso ás súas circunstancias obxectivas.

Resulta favorable á seguridade xurídica, xa que trata de clarear e mellorar a regulación desta materia concreta feita na normativa estatal na que se apoia, pensada en primeiro lugar para a administración estatal e ignorante das peculiaridades da administración local.

Resulta transparente, ao facer máis evidentes para todas as partes intervintes os principios fundamentais, os circuítos do procedemento, as posibilidades de actuación en cada caso e as consecuencias desas actuacións.

E, finalmente, redundará nunha maior eficiencia administrativa, axilizará procedementos e mellorará as posibilidades de cobro da administración provincial e as facilidades de pago dos contribuíntes.

A primeira modificación faise no título da norma, que se simplifica e manifesta expresamente o seu rango formal.

Establécense de entrada unha serie de principios xerais arredor dos cales xirará o resto dos preceptos reguladores do procedemento.

Modifícanse os prazos máximos de duración dos aprazamentos ou fraccionamentos, tendo en conta factores como o importe das débedas, o esforzo e compromiso de pago e a garantía ofrecida.

Elimínanse do texto algunhas regulacións que son susceptibles de sufrir cambios con certa frecuencia e non alteran o núcleo esencial da norma. Así sucede, por exemplo, coa incorporación e tratamento da solicitude na aplicación informática tributaria, as actuacións internas a realizar en determinados supostos, os modelos oficiais a utilizar no procedemento ou o método de avaliación da documentación contable. Estes

aspectos pasarán a ser regulados mediante Resolución da Presidencia, o que permitirá unha máis rápida e áxil reacción fronte a calquera necesidade de actualización ou corrección.

Reordénase a regulación da documentación que segundo cada suposto debe ser achegada coa solicitude, intentado facer unha enumeración máis clara e comprensible e incorporando a dalgún suposto como o de solicitude con proposta de garantía consistente en fianza persoal solidaria, que carece de regulación incluso na normativa básica estatal.

Sinálanse con máis precisión as obrigas dos solicitantes e as consecuencias do seu incumprimento.

Regúlanse máis polo miúdo os aspectos relacionados coas garantías, establecendo o contido mínimo do informe de valoración dos bens e relacionando determinados bens que con carácter xeral serán considerados non idóneos para ser aceptados como garantía.

Tal como se expón no inicio deste preámbulo, esta norma regula un aspecto parcial e moi concreto do procedemento de recadación tributaria, (regulado primeiramente na LXT, e desenvolvido polo RXR), ademais de non impoñer obrigas relevantes aos seus destinatarios (agás, naturalmente, das que xa impoñen as normas estatais antes citadas) de xeito que, segundo se prevé no parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é preciso realizar a consulta pública previa regulada no apartado 1 do dito precepto, sen prexuízo do trámite de exposición pública e prazo de alegacións que se abrirá unha vez producida a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación.

CAPÍTULO 1º. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O presente Regulamento será de aplicación ás solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago das débedas de dereito público cuxo cobro estea atribuído ao Servizo Central de Recadación da Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 2.- Normativa aplicable.

Na xestión dos aprazamentos e fraccionamentos respectaranse, seguindo os principios de xerarquía e autonomía normativas, os preceptos aplicables á materia contidos nas seguintes normas:

1. A Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, ou norma que a substitúa, respecto das débedas de natureza tributaria.
2. A Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou norma que a substitúa, respecto das débedas non tributarias.
3. O Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ou norma que o substitúa.
4. O presente Regulamento.
5. As Resolucións da Presidencia que desenvolvan este Regulamento.

CAPÍTULO 2º. CRITERIOS XERAIS.

Artigo 3.- Criterios xerais.

A xestión dos aprazamentos e fraccionamentos rexerese polos seguintes criterios, que deberán ser respectados por todos os involucrados na súa tramitación, concesión e execución:

1. As seguintes débedas non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento:
 - a) As multas por infracción da normativa de tráfico e seguridade viaria, no seu período voluntario de pago.
 - b) As débedas concursais e contra a masa.
 - c) As que no momento da presentación da solicitude non sexan esixibles por non estar aprobadas, por estar suspendidas, por non ter iniciado o seu período voluntario de pago ou por calquera outra causa obxectiva que impida a súa esixibilidade no momento da solicitude.
 - d) As que estiveran suspendidas con garantía na tramitación dun recurso ou reclamación e fosen confirmadas total ou parcialmente por resolución firme.
 - e) As incluídas nun aprazamento ou fraccionamento que se denegase ou cancelase con anterioridade debido ao incumprimento das obrigas do debedor. O seu pago inmediato será requisito previo indispensable para o aprazamento ou fraccionamento do resto de débedas, se as houbese.
2. O conxunto de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento dun mesmo debedor, tanto en trámite como en execución, formarán unha unidade, de xeito que:
 - 1) Para determinar o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento computaranse o principal, os xuros de mora, as recargas do período executivo e os custos do procedemento, das débedas obxecto da solicitude e das que solicitara e non se resolvera un aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes da formalización e aplicación do seu ingreso dos aprazamentos ou fraccionamentos en execución agás que estean garantidos.
 - 2) O incumprimento das obrigas do debedor nun dos aprazamentos ou fraccionamentos terá as consecuencias que procedan tamén nos demais.
3. O importe conxunto das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento non poderá ser inferior a cen euros (100,00 €).
4. A solicitude deberá incluír a totalidade das débedas no período executivo esixibles e pendentes de pago no momento da súa presentación.
5. O prazo mínimo de duración será de tres (3) meses para os aprazamentos ou de tres (3) fraccións mensuais para os fraccionamentos.

Os prazos máximos de duración serán os seguintes:

a) Aprazamentos:

- 1) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €): seis (6) meses.
- 2) De débedas superiores a tres mil euros (3.000,00 €) sen obriga de achegar garantía ou con dispensa total ou parcial de achegala: doce (12) meses.
- 3) Con garantía: trinta e seis (36) meses.

b) Fraccionamentos:

- 1) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €): doce (12) fraccións.
 - 2) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €) que inclúan algún concepto de carácter periódico cuxa recadación no período voluntario estea atribuída á Deputación Provincial da Coruña e o debedor solicite simultaneamente ou teña xa en vigor un plan individualizado de pagos que comprenda a totalidade dos conceptos de carácter periódico ao seu nome: vinte e catro (24) fraccións.
 - 3) De débedas superiores a tres mil euros (3.000,00 €) e que non superen os dezaioito mil euros (18.000,00 €): vinte e catro (24) fraccións.
 - 4) De débedas superiores a dezaioito mil euros (18.000,00 €) sen obriga de achegar garantía ou con dispensa total ou parcial de garantía: corenta e oito (48) fraccións.
 - 5) Con garantía: sesenta (60) fraccións.
6. Será obrigada a domiciliación bancaria dos vencementos.
7. Os vencementos, que nos fraccionamentos terán periodicidade mensual, produciranse en día vinte (20) ou inmediato hábil posterior. Os cargos na conta bancaria realizaranse o día cinco (5) ou seguinte hábil posterior, do mes seguinte ao dos correspondentes vencementos.
8. Cando o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento non exceda de trinta mil euros (30.000,00 €), o debedor non estará obrigado a xustificar as dificultades económico-financeiras de carácter transitorio, que se presumirán pola presentación da solicitude, nin a achegar garantía.

Tampouco se esixirá a xustificación das dificultades económico-financeiras cando o debedor fora declarado en concurso de acredores e teña convenio aprobado en vigor, por considerarse que a aprobación do convenio xa acredita suficientemente tanto a existencia das dificultades como a súa transitoriedade.

As entidades sen ánimo de lucro que consten debidamente rexistradas como tales no correspondente rexistro público quedarán eximidas, calquera que sexa o importe das débedas para aprazar ou fraccionar, das obrigas de xustificar as dificultades económico-financeiras e de achegar garantía. Será suficiente a acreditación da inscrición no rexistro e a declaración responsable do seu representante legal de que a entidade atravesará por dificultades económico-financeiras de carácter transitorio.

9. Cando, por aplicación dos criterios contidos neste artigo, nunha solicitude resulte esixible a achega de garantía e nalgún aprazamento ou fraccionamento en execución do mesmo debedor xa se tivese constituído garantía, o importe a cubrir pola nova garantía será unicamente o das débedas que non estivesen xa garantidas.
10. Dende o momento da presentación da solicitude e durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento, o debedor estará obrigado a manterse ao corrente das súas obrigas de pago respecto das débedas de dereito público recadadas polos servizos tributarios da Deputación Provincial da Coruña.
- O incumprimento desta obriga terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto do incumprimento de condicións distintas do pago dos vencementos.
- Unha vez producida a cancelación ou a non admisión por este motivo, a posterior desaparición da circunstancia que a orixinou non poderá alegarse para a reconsideración da dita cancelación ou non admisión.
11. No suposto regulado no apartado 5.b).2) deste artigo, o debedor quedará obrigado a manter o plan individualizado de pagos polo menos durante a vixencia do fraccionamento. O incumprimento desta obriga terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto do incumprimento de condicións distintas do pago dos vencementos.

CAPÍTULO 3º. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

Artigo 4.- Lexitimación.

Estarán lexitimados para solicitar o aprazamento ou fraccionamento de pago das débedas o debedor obrigado ao pago, sexa como contribuínte ou como cotitular, ou os seus representantes legais ou voluntarios.

A estes efectos, considerarase cotitular ao obrigado ao pago que, sen figurar como contribuínte nas cartas de pago das débedas, conste como cotitular dos obxectos tributarios que as orixinaron.

Cando o debedor autorice a outra persoa a solicitar no seu nome o aprazamento ou fraccionamento considerarase que a designa como o seu representante a todos os efectos necesarios para a tramitación da solicitude, incluída a recepción das notificacións pendentes relativas ás ditas débedas.

Esta representación referirase exclusivamente á condición de debedor e non á de titular da conta bancaria, xa que a domiciliación dos cargos unicamente poderá ser formalizada polo titular da conta ou unha persoa que figure autorizada previamente ante a entidade bancaria, e así o acredite.

O herdeiro dun debedor falecido unicamente poderá solicitar o aprazamento ou fraccionamento das débedas do falecido cando estas figuren identificadas como correspondentes á herdanza e acredite a súa condición de herdeiro.

Artigo 5.- Prazos de presentación.

O aprazamento ou fraccionamento poderá solicitarse nos prazos seguintes:

- a) Respecto das débedas no período voluntario, dentro do dito período.

- b) Respecto das débedas no período executivo, en calquera momento anterior á notificación do acordo de execución dos bens embargados.

O prazo de caducidade indicado nos documentos de pago non se terá en conta en relación co prazo de presentación da solicitude nin co importe da débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento.

Artigo 6.- Lugar e forma.

A solicitude poderase presentar en calquera dos lugares e nas formas que se determinen na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7.- Contido.

A solicitude deberá axustarse ao modelo oficial aprobado ao efecto, incluíndo como mínimo os seguintes datos indispensables:

- 1) Apelidos e nome ou razón social e Número de Identificación Fiscal (NIF) do debedor e, se é o caso, do seu representante.
- 2) Domicilio completo de notificación aos efectos da solicitude.
- 3) Identificación das débedas das que se solicita o aprazamento ou fraccionamento, así como o seu importe principal.
- 4) Data de vencemento do aprazamento ou número de fraccións do fraccionamento, segundo o caso, tendo en conta que son excluíntes un do outro.
- 5) Autorización de domiciliación bancaria dos vencementos e Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) da conta.
- 6) Lugar e data da solicitude.
- 7) Sinatura do debedor ou do seu representante.
- 8) Sinatura do titular da conta bancaria ou persoa autorizada nela.

Artigo 8.- Efectos.

A presentación da solicitude terá os seguintes efectos:

- a) Respecto das débedas no período voluntario, a suspensión inmediata do procedemento recadatorio.
- b) Respecto das débedas no período executivo, a suspensión das actuacións de embargo. Durante a tramitación da solicitude poderase ditar e notificar a providencia de prema, que nese caso terá efectos unicamente se o aprazamento ou fraccionamento resultase arquivado, denegado, non admitido ou cancelado.

Non se levantarán os embargos practicados con anterioridade á solicitude, agás que se substitúan por mellores ou máis idóneas garantías.

Artigo 9.- Documentación obrigatoria.

1. Xunto coa solicitude, achegarase con carácter xeral a seguinte documentación:

- 1) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente das persoas físicas que interveñan na solicitude (debedor, representante, titular da conta, autorizado na conta, etc.), cando non asinen por medios electrónicos.
- 2) No seu caso, acreditación da representación legal ou voluntaria.
- 3) Cando o solicitante sexa un herdeiro do debedor falecido, acreditación desta condición mediante algún destes documentos:
 - a) Testamento do debedor.
 - b) Escritura de aceptación da herdanza.
 - c) Declaración notarial de herdeiros.
 - d) Certificado de últimas vontades no que conste que o falecido non outorgou testamento, acompañado de copia do libro de familia, certificado actualizado de matrimonio ou equivalente, segundo o caso.
- 4) Cando non estea recollida na propia solicitude, autorización de cargo na conta bancaria, axustada ao modelo oficial aprobado ao efecto e asinada polo titular da conta ou persoa autorizada nela.
- 5) Acreditación da titularidade da conta de cargo.

Será suficiente calquera documento emitido pola entidade bancaria no que figure o Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) e o nome e apelidos ou razón social do titular ou autorizado que asine a autorización de cargo. Non serán válidas a estes efectos as capturas de páxinas web ou de aplicacións móbiles.

2. Cando deba xustificarse a existencia de dificultades económico-financeiras de carácter transitorio, achegaranse ademais os seguintes documentos:

- a) Se o debedor non está obrigado por lei a levar contabilidade:
 1. Copia íntegra da declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente ao último exercicio ou, na súa falta, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) de non estar obrigado a presentala.
 2. Se recibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido polo organismo pagador.
 3. No seu caso, certificación da prestación por desemprego facendo constar o seu importe, ou de atoparse en situación de demanda de emprego, expedidas polo organismo competente.
- b) Se o debedor está obrigado por lei a levar contabilidade:
 1. Último balance trimestral de comprobación de sumas e saldos, certificado polas persoas que ostenten a súa administración ou representación.
 2. Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente das persoas que asinen o balance trimestral de comprobación de sumas e saldos, cando non asinen por medios electrónicos.

3. Cando deba ofrecerse garantía, achegarase con carácter preferente compromiso de aval bancario ou de certificado de seguro de caución, axustados aos modelos oficiais aprobados ao efecto.

4. Cando se ofreza unha garantía distinta de aval ou de seguro de caución, achegarase, ademais dos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os seguintes documentos:

- 1) Xustificación da imposibilidade de obter aval ou seguro de caución, consistente en certificados emitidos polo menos por dúas (2) entidades.
- 2) Informe de valoración dos bens ou dereitos ofrecidos como garantía.

Non se esixirá cando o ben ofrecido como garantía sexa un inmovible e o debedor xustifique que o seu valor catastral é superior ao importe a garantir, sempre que o dito valor catastral sexa firme na vía administrativa.

Cando se ofrezan bens mobles poderá ser substituído pola factura de compra, se ten unha antigüidade máxima de tres (3) meses respecto da data de achega. Nese caso, considerarase como valor dos bens o prezo de compra excluído o Imposto sobre o valor engadido (IVE).

3) Cando os bens ou dereitos ofrecidos como garantía sexan susceptibles de inscrición nalgún rexistro público, achegarase acreditación da súa inscrición, consistente en nota expedida polo rexistro público correspondente, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, que acredite a propiedade e as cargas que puidesen recaer sobre eles.

4) No caso de debedores obrigados por lei a levar contabilidade, as contas anuais do último exercicio cerrado e informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.

5. Cando a garantía ofrecida consista en hipoteca inmobiliaria achegarase, ademais dos enumerados nos apartados 1, 2 e 4 deste artigo, os seguintes documentos:

- 1) Se algún inmovible ten cargas consistentes en créditos hipotecarios, certificados actualizados emitidos polas entidades financeiras sobre a contía pendente de amortizar.
- 2) No seu caso, detalle da conta de deterioración de valor e información sobre os feitos que motivaron a súa dotación.

6. Cando a garantía ofrecida sexa unha hipoteca mobiliaria ou prenda achegarase, ademais dos enumerados nos apartados 1, 2 e 4 deste artigo, os seguintes documentos:

- 1) Detalle das características dos bens ou dereitos ofrecidos, relación dos mesmos e lugar onde se atopan.
- 2) Declaración de que os bens ou dereitos ofrecidos non están afectos ou comprometidos a outra garantía.
- 3) No seu caso, detalle da amortización acumulada e das deterioracións de valor que se dotaron.
- 4) Acreditación expedida polo Rexistro de Bens Mobles respecto da inscrición ou non dos bens e das súas cargas, se é o caso.

7. Cando a garantía ofrecida consista en fianza persoal e solidaria achegarase,

además dos enumerados nos apartados 1, 2 e 4 deste artigo, os seguintes documentos:

- 1) Xustificación da carencia de bens ou dereitos do debedor que poidan ser ofrecidos como garantía total ou parcial. Deberán achegarse necesariamente certificacións actualizadas do Catastro, do Rexistro da Propiedade e do Rexistro de Bens Mobles.
- 2) Compromiso de fianza, asinado por dúas (2) ou máis persoas físicas ou representantes de persoas xurídicas, e copia do respectivo Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente, cando non se asine por medios electrónicos.
- 3) Respecto de cada persoa física fiadora: Declaración correspondente ao último exercicio do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e, no seu caso, do Imposto sobre o patrimonio.
- 4) Respecto de cada persoa xurídica fiadora: As contas anuais do último exercicio cerrado e informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.
- 5) Certificacións, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) ou organismo competente da Comunidade Autónoma correspondente ao respectivo domicilio fiscal, a Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e o concello do seu domicilio, acreditando que cada un dos fiadores está ao corrente das súas obrigas de pago cos ditos organismos.

8. Cando se solicite dispensa total ou parcial de garantía achegaranse, además dos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os seguintes documentos:

- 1) Xustificación da imposibilidade de obter aval ou seguro de caución, consistente en certificados emitidos polo menos por dúas (2) entidades.
- 2) Xustificación da carencia de bens ou dereitos do debedor que poidan ser ofrecidos como garantía ou, se a dispensa é parcial, de non posuír outros distintos dos ofrecidos. Deberán achegarse necesariamente certificacións, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, do Catastro, do Rexistro da Propiedade e do Rexistro de Bens Mobles.
- 3) No caso de debedores obrigados por lei a levar contabilidade, además:
 1. As contas anuais dos tres (3) últimos exercicios cerrados, xunto co informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.
 2. Relación dos bens retirados ou dados de baixa no último exercicio, data da baixa, amortización acumulada e ingreso obtido coa súa venda.
 3. Inventario físico valorado do inmovilizado correspondente ao último exercicio cerrado.
 4. Resumo actualizado das altas e baixas de calquera ben integrante do patrimonio do debedor durante os tres (3) últimos exercicios.

9. Cando se solicite a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía achegaranse, además dos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os

seguintes documentos:

- 1) Xustificación de que a achega de garantía resulta excesivamente custosa para a economía do debedor e pon en risco a continuidade da súa actividade económica.
- 2) Descrición da medida cautelar cuxa adopción se propón, de entre as previstas ao efecto na Lei xeral tributaria.
- 3) No caso de debedores obrigados por lei a levar contabilidade, ademais:
 1. As contas anuais dos tres (3) últimos exercicios cerrados, xunto co informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.
 2. Relación dos bens retirados ou dados de baixa no último exercicio, data da baixa, amortización acumulada e ingreso obtido coa súa venda.
 3. Inventario físico valorado do inmovilizado correspondente ao último exercicio cerrado.
 4. Resumo actualizado das altas e baixas de calquera ben integrante do patrimonio do debedor durante os tres (3) últimos exercicios.
- 4) Cando a medida cautelar consista no embargo preventivo de bens ou dereitos:
 1. Informe de valoración dos ditos bens ou dereitos, cos requisitos e contido establecidos neste Regulamento.
 2. Cando os bens sexan susceptibles de inscrición nun rexistro oficial, acreditación da súa inscrición, consistente en nota expedida polo rexistro público correspondente, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, que acredite a propiedade e as cargas que puidesen recaer sobre eles.
 3. Cando se trate de bens inmoables e algún teña cargas consistentes en créditos hipotecarios, certificado actualizado da entidade financeira sobre a contía pendente de amortizar.

Artigo 10.- Documentación complementaria.

Ademais da documentación de achega obrigatoria detallada no artigo anterior, e sen prexuízo da que poida achegar voluntariamente o debedor, a unidade administrativa instrutora do expediente poderá requirir calquera outra información e documentación que estime necesaria para formular a proposta de resolución.

En particular, no caso de ofrecemento de garantía consistente en fianza persoal poderá requirirse inventario e acreditación da titularidade dos bens que posúan os fiadores, con indicación das cargas que estean constituídas ou se comprometeron a constituír sobre os mesmos aínda cando non exista anotación no rexistro público correspondente, así como relación de avais ou fianzas concedidos con carácter previo como garantía doutras obrigas, e aínda non cancelados.

Artigo 11.- Informe de valoración.

1. Cando se requira informe de valoración de bens ou dereitos, deberá estar

elaborado por empresa ou profesional especializado e independente e cunha antigüidade máxima de seis (6) meses respecto da data de achega. Poderá esixirse una antigüidade menor cando así o aconselle a natureza dos bens ou dereitos.

No caso de informes de valoración cunha antigüidade superior a seis (6) meses e inferior a dous (2) anos, será necesaria e suficiente unha actualización do mesmo.

Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, o informe de valoración deberá efectuarse necesariamente por unha empresa ou profesional inscrito nel. As solicitudes nas que o informe de valoración non cumpra este requisito serán denegadas.

O informe de valoración non poderá estar sometido a ningún condicionante. Se contivese advertencia de calquera tipo que impida ou dificulte o coñecemento exacto da valoración efectuada, a solicitude será denegada.

2. O informe de valoración dun ben inmovible axustarase ao seguinte contido mínimo:

- 1) Solicitante do informe e finalidade.
- 2) Métodos ou criterios utilizados.
- 3) Identificación e localización do ben, incluíndo a identificación rexistral e catastral.
- 4) Comprobacións e documentación.
- 5) Análise de mercado, sinalando:
 1. As características do segmento do mercado inmobiliario relativo aos bens comparables ao que sexa obxecto de valoración, cando exista.
 2. As diferenzas apreciadas entre o valor de mercado ao tempo da taxación e o valor hipotecario, que terá en conta a evolución previsible tanto do ben como do mercado durante o período de vixencia da garantía, así como as expectativas de oferta/demanda e de revalorización.
- 6) Descrición urbanística, na que se indicará:
 1. O grao de adecuación das características físicas do ben para o uso ao que estea destinado.
 2. A súa vinculación á normativa e planificación urbanística vixente.
 3. Se está suxeito a algún tipo de protección urbanística ou histórica.
- 7) Réxime de protección, tenencia e ocupación, indicando e valorando:
 1. O estado de ocupación do inmovible así como as súas características e vixencia.
 2. Se está afectado a algún tipo de explotación económica.
 3. Se existe algún tipo de gravame ou limitación, xa sexa de natureza real, legal, urbanística ou de protección pública do ben.

Nestes casos indicará expresamente estes feitos e a cuantificación da súa afección sobre o valor. No caso de ocupación por arrendamento, deberá achegarse o contrato suscrito.

- 8) Datos e cálculo dos valores técnicos.

- 9) Valores de taxación, entendendo como tal:
 1. O valor de mercado do ben ao tempo de elaborar a taxación.
 2. O seu valor sustentable no tempo, determinado por unha valoración prudente da posibilidade futura de executar o ben a través dos procedementos de alleamento, e que teña en conta as perspectivas de mantemento do valor durante o período de vixencia da garantía.
- 10) Data de emisión, caducidade e sinaturas.
- 11) Documentación anexa ao informe.

A presentación dun informe de valoración de bens inmóbeis que non se adecúe no seu contido ao disposto neste apartado poderá producir a denegación da solicitude presentada, motivada nas carencias que se poñan de manifesto tralo estudo do dito informe.

CAPÍTULO 4º. TRAMITACIÓN.

Artigo 12.- Coincidencia con recursos e solicitudes de suspensión ou compensación.

1. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento realizada con carácter subsidiario a un recurso terá efectos suspensivos, aínda que non se continuará a súa tramitación ata a resolución do recurso.
2. Cando se acorde a suspensión dalgunha débeda incluída nunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento, actuarase como segue:
 - a) Se o acordo se produce antes de resolverse o aprazamento ou fraccionamento excluírase a dita débeda e tramitarase a solicitude polas débedas restantes se as houberse.
 - b) Se o acordo é posterior á resolución de concesión, cancelarase o expediente e tramitarase de novo a solicitude coas débedas restantes se as houberse, mantendo os efectos da data da solicitude.

Na nova resolución que se dite farase referencia á exclusión e ao motivo polo que se fixo.

3. Se antes de resolverse o aprazamento ou fraccionamento se presentase unha solicitude de compensación de débedas incluídas nel suspenderanse as débedas, pero non se continuará a súa tramitación ata que remate o procedemento de compensación. Se non quedasen débedas pendentes, archivarase a solicitude por perda de obxecto, sen necesidade de comunicación ao debedor.

Se con posterioridade á concesión dun aprazamento ou fraccionamento se solicitase a compensación dunha débeda incluída nel, considerarase que se formula tamén unha solicitude de modificación das condicións acordadas e actuarase segundo se establece para o dito suposto.

Artigo 13.- Emenda de defectos da solicitude.

1. Cando se comprobe a existencia dalgún defecto corrixible en relación co contido indispensable da solicitude ou coa documentación obrigatoria, requirirase ao debedor para que o emende, coa advertencia das consecuencias de non atender debidamente

o requirimento, que serán as seguintes:

- a) A falta de contestación determinará o arquivo da solicitude sen máis trámite, considerándose non presentada.
- b) A contestación sen corrixir a totalidade dos defectos suporá a denegación da solicitude.
- c) Se non se emendan os defectos relativos á identidade ou lexitimación das persoas que interveñen na solicitude ou á conta bancaria de cargo, arquivarase a solicitude sen máis trámite e considerarase non presentada.

2. A documentación complementaria será requirida ao debedor coa advertencia de que a falta de contestación ao requirimento ou a súa atención defectuosa poderá ter como consecuencia a denegación da solicitude.

3. Non se formulará requirimento cando os defectos apreciados se refiran a datos ou documentos que xa posúa a Deputación e na solicitude se faga referencia suficiente ao procedemento ou expediente no que figuren.

4. Cando a solicitude non comprenda a totalidade das débedas pendentes no período executivo, incorporaranse de oficio e requirirase ao debedor para que achegue xustificantes de pago se os posúe. No caso de que os achegue no prazo, excluíranse as débedas pagadas e tramitarase o expediente polas restantes. Se non contesta ao requirimento no prazo, ou facéndoo non achega os xustificantes, o expediente tramitarase pola totalidade das débedas incorporadas.

As débedas cargadas na aplicación informática tributaria directamente no período executivo por terse feito por outra entidade pública a súa recadación no período voluntario non se terán en conta a estes efectos ata que teñan notificada a providencia de prema.

5. Cando a solicitude non identifique debidamente cada unha das débedas para aprazar ou fraccionar, senón que se limite a facer unha referencia xenérica, considerarase que comprende a totalidade das débedas pendentes de pago, tanto no período voluntario como no período executivo. Se a referencia é a un expediente executivo, entenderase que a solicitude comprende a totalidade das débedas pendentes de pago no período executivo, estean ou non no dito expediente.

6. Se a solicitude propón condicións que resulten contrarias ou incompatibles coas establecidas neste Regulamento, o expediente tramitarase axustándose ás condicións establecidas neste, sen necesidade de formular requirimento para a emenda da solicitude. No entanto, se a solicitude tivese outros defectos que emendar poderase incluír no correspondente requirimento a advertencia da modificación das condicións propostas polo debedor. En calquera caso, na resolución farase indicación destas modificacións e dos motivos polos que se fixeron.

Artigo 14.- Análise da situación económico-financeira.

Examinarase o cumprimento das obrigas tributarias do debedor, especialmente as relativas a outros aprazamentos ou fraccionamentos solicitados con anterioridade.

Teranse en conta as circunstancias que poidan indicar a existencia de dificultades estruturais, a falta de viabilidade da actividade económica ou a utilización indebida desta facilidade de pago, particularmente nas solicitudes presentadas sistematicamente, de prazos longos, con dispensa total ou parcial de garantías.

A reiteración de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas de carácter periódico considerarase unha proba da existencia de dificultades económicas de carácter estrutural. Entenderase que se produce esta reiteración cando se presenten tres (3) veces consecutivas, aínda que se refiran a conceptos distintos.

Cando corresponda, avaliarase a existencia das dificultades económico-financieiras transitorias do debedor mediante a análise da documentación obrigatoria e, no seu caso, a complementaria achegada polo debedor voluntariamente ou previo requirimento.

Cando a exame da documentación achegada conclúa que a actividade económica do debedor ten moi difícil viabilidade, sen capacidade de xeración de ingresos para atender as obrigas derivadas da concesión do aprazamento ou fraccionamento, entenderase que as dificultades económico-financieiras do debedor son de carácter estrutural.

Artigo 15.- Pagos parciais a conta.

Ata a formulación da proposta de resolución, o debedor poderá realizar pagos parciais a conta, que se aplicarán a minorar o importe das débedas que sinale expresamente ou, no seu defecto, seguindo a norma xeral de imputación de pagos no procedemento de recadación.

Liquidaranse e esixiranse os xuros de mora que procedan segundo o establecido neste Regulamento.

Artigo 16.- Calendario provisional de pagos.

Cando a resolución da solicitude poida verse demorada como consecuencia da complexa tramitación do expediente, a unidade administrativa instrutora poderá establecer un calendario provisional de pagos ata que se emita a proposta de resolución.

O calendario será notificado ao debedor, indicando a causa que o motiva e as consecuencias do seu incumprimento. Advertiráselle que ao tratarse dun acto de trámite non cabe interpor recurso ou reclamación algunha.

Estes pagos consideraranse pagos parciais a conta. O seu importe aplicarase ás débedas incluídas na solicitude, de maior a menor antigüidade, seguindo a norma xeral de imputación de pagos no procedemento de recadación.

Liquidaranse e esixiranse os xuros de mora que procedan segundo o establecido neste Regulamento.

O incumprimento do calendario suporá a denegación da solicitude por incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos, coas consecuencias previstas neste Regulamento para ese suposto.

Artigo 17.- Exame da garantía ofrecida.

1. Cando se ofrezca garantía, unha vez recibida a documentación requirida o expediente pasará ao dispor da Vicetesourería, que emitirá o correspondente informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade segundo se establece neste Regulamento.

Cando o exame da garantía presente especial complexidade, a Vicetesoraría poderá requirir o asesoramento dos servizos técnicos e xurídicos da Deputación Provincial da Coruña que resulten axeitados en cada caso.

2. Cando se ofrezca como garantía unha fianza persoal, comprobarase que as persoas fiadoras están ao corrente das súas obrigas de pago respecto dos ingresos de dereito público xestionados pola Deputación Provincial da Coruña e que nos últimos catro (4) anos non se teña seguido contra elas ningún procedemento de prema polos servizos tributarios da Deputación Provincial da Coruña. Se algunha delas non cumprieste estes requisitos proporase o rexeitamento da garantía por non idónea e a denegación do aprazamento ou fraccionamento.

Artigo 18.- Dispensa de garantía.

1. Cando o debedor solicite a dispensa total ou parcial da obriga de achegar garantía, elaborárase informe sobre a comprobación das circunstancias precisas para obter a dita dispensa, especialmente a inexistencia ou insuficiencia de bens e dereitos susceptibles de ser ofrecidos como garantía.

Se do informe se desprendese a existencia de bens ou dereitos que poidan ser ofrecidos como garantía total ou parcial requirirase ao debedor para que os ofrezca, advertíndolle das seguintes consecuencias:

- a) Se o requirimento é atendido no seu prazo, continuarase a tramitación na forma establecida para os supostos de aprazamento ou fraccionamento con garantía ou con dispensa parcial, segundo que os bens sexan ou non suficientes para garantir totalmente o aprazamento ou fraccionamento.
- b) Se o requirimento non é atendido no seu prazo ou non se considerase suficientemente xustificada a imposibilidade de achegar a garantía, proporase a denegación das solicitudes de dispensa e de aprazamento ou fraccionamento.

2. Concedido un aprazamento ou fraccionamento con dispensa total ou parcial de garantía, calquera acto que implique a distribución de beneficios durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento requirirá previamente a comunicación á Deputación Provincial da Coruña e a constitución de garantía.

De producirse a comunicación polo debedor, requiriráselle para que proceda á formalización da garantía nos mesmos termos e prazos previstos con carácter xeral e coas mesmas consecuencias que no caso de falta de formalización.

A falta de comunicación previa á distribución de beneficios, a desatención ao requirimento para a constitución de garantía ou a distribución de beneficios sen constituír previamente a garantía terán as consecuencias previstas neste Regulamento para os supostos de incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

Artigo 19.- Medidas cautelares substitutivas da garantía.

Cando o debedor solicite a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía, a solicitude tramitarase coas especialidades que se indican de seguido:

1. Comprobarase que concorren as seguintes circunstancias:

- 1) Que non exista expediente executivo aberto a nome do debedor.

- 2) Que o debedor xustificou suficientemente que a achega de garantía resulta excesivamente custosa para a súa economía e pon en risco a continuidade da súa actividade económica.
- 3) Que, existindo dificultades económico-financeiras de carácter transitorio, non se aprecien dificultades futuras de carácter estrutural que poidan desembocar nunha situación concursal.
- 4) Que a medida cautelar ofrecida sexa algunha das previstas ao efecto na Lei xeral tributaria.

Se non se da algunha das circunstancias sinaladas, formularase proposta de denegación da solicitude de adopción de medidas cautelares e do aprazamento ou fraccionamento.

2. A Vicetesourería valorará a idoneidade e a suficiencia xurídica e económica da medida cautelar proposta e emitirá informe ao respecto, que terá carácter vinculante.

3. A Presidencia concederá ou denegará, de forma motivada e no mesmo acto, tanto a solicitude de adopción de medidas cautelares como a do aprazamento ou fraccionamento.

4. Emitida resolución que inclúa a adopción de medidas cautelares, levaranse a cabo polas unidades administrativas competentes as actuacións necesarias para a súa efectiva adopción.

En concreto, cando a medida cautelar consista no embargo preventivo de bens ou dereitos inscribibles nun rexistro público, o órgano competente expedirá mandamento de embargo no que deixará constancia das circunstancias polas que se adopta a medida cautelar e da advertencia expresa de que o embargo preventivo terá vixencia ata que se cancele ou se converta en definitivo dentro do procedemento de prema.

O mandamento de embargo preventivo será entregado ao solicitante para que, no prazo de dous (2) meses dende a entrega, proceda á súa inscrición no rexistro público e achegue nota, expedida polo dito rexistro, acreditativa da inscrición.

Cando proceda a cancelación do embargo preventivo, o órgano competente expedirá mandamento de cancelación que se entregará ao debedor para que proceda á súa presentación no rexistro público.

5. Os gastos que por honorarios profesionais, taxas ou outros conceptos orixinen tanto a adopción como a cancelación da medida cautelar correrán por conta do debedor.

6. No suposto de incumprimento do aprazamento ou fraccionamento, a medida cautelar adoptada será convertida en definitiva no procedemento de prema.

Artigo 20.- Requisitos.

Os requisitos aos que se fai referencia neste Regulamento deberán ser atendidos no prazo improrrogable de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de recepción da notificación. A falta de atención dentro do prazo ou a atención defectuosa terán as consecuencias que se sinalan en cada caso.

Con carácter xeral, e agás que se indique expresamente outra cousa na solicitude, os requisitos serán dirixidos ao debedor, ao domicilio sinalado nela ou, no seu defecto, ao seu domicilio fiscal.

Artigo 21.- Proposta de resolución.

1. Unha vez realizados os trámites previos necesarios, formularase proposta de resolución.

Se o debedor solicitou a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía, incluírase na proposta o pronunciamento motivado sobre a súa concesión ou denegación.

2. A proposta de concesión respectará os seguintes criterios:

- 1) Poderá sinalar, de forma motivada, condicións e prazos distintos dos propostos polo debedor, para que se axusten ao que se establece neste Regulamento.
- 2) Cando se propoña a concesión de dispensa parcial de garantías, deberá facerse constar que a garantía que se constituía quedará afecta ao pago da totalidade das débedas do aprazamento ou fraccionamento.
- 3) Cando unha solicitude inclúa débedas tanto no período voluntario como no período executivo, os vencementos correspondentes ás débedas no período executivo deberán ser anteriores aos das débedas no período voluntario.

3. Proporase a denegación nos supostos nos que así se establece neste Regulamento e, particularmente, nos seguintes casos:

- a) Cando non se aprecie a existencia de dificultades económico-financeiras ou estas sexan de carácter estrutural.
- b) Cando a solicitude inclúa débedas incluídas en expediente executivo e o debedor teña outros aprazamentos ou fraccionamentos en trámite ou xa concedidos, por supor o incumprimento previo polo debedor do seu deber de manterse ao corrente das obrigas de pago coa Deputación Provincial da Coruña, motivo polo que ademais serán denegados ou cancelados, segundo o seu estado de tramitación, os ditos aprazamentos ou fraccionamentos.
- c) Cando o debedor non xustifique a imposibilidade de ofrecer aval bancario ou certificado de seguro, ou desatenda un requirimento de achega de garantía.
- d) Cando a garantía ofrecida fora anteriormente rexeitada por falta de idoneidade ou por insuficiencia económica ou xurídica.

Artigo 22.- Resolución.

1. A resolución que conceda o aprazamento ou fraccionamento conterá, entre outras, as seguintes indicacións:

- 1) Apelidos e nome ou razón social do debedor, e o seu Número de Identificación Fiscal (NIF).
- 2) Identificación das débedas obxecto do aprazamento ou fraccionamento.
- 3) Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) da conta de domiciliación dos vencementos e os apelidos e nome ou razón social e Número de Identificación Fiscal (NIF) do seu titular.
- 4) Calendario de vencementos.

- 5) Antecedentes e normativa que serven como fundamento da decisión adoptada.
- 6) Cando se concedan aprazamentos ou fraccionamentos en condicións distintas ás solicitadas polo debedor, os motivos para facelo así.
- 7) Que o cálculo dos xuros realizouse segundo os tipos vixentes á data da proposta de resolución, sen prexuízo do novo cálculo que proceda na última fracción, en función das modificacións que poidan introducir as leis de orzamentos xerais do Estado.
- 8) Que o debedor dispón dun prazo improrrogable de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de recepción da notificación, para regularizar o pago dos vencementos que estean caducados á data de notificación, para o que as oficinas tributarias de asistencia ao contribuínte facilitaranlle a información que precise.
- 9) As demais condicións que se estimen oportunas para asegurar o pago efectivo no prazo máis breve posible e para garantir a preferencia da débeda aprazada ou fraccionada, así como o correcto cumprimento das obrigas do debedor.
- 10) Consecuencias do incumprimento das obrigas do debedor, tanto as referidas ao pago dos vencementos como das demais que establece este Regulamento.
- 11) Cando se deba constituír garantía, prazo para acreditar a súa constitución e consecuencias de non facelo.
- 12) No caso de debedores en concurso de acredores, advertencia de que se o concurso remata en liquidación, as débedas post-concursais pasarán a considerarse débedas contra a masa, polo que o aprazamento ou fraccionamento concedido será cancelado automaticamente sen necesidade de comunicación ao debedor.
- 13) Cando se conceda dispensa total ou parcial de garantía, a resolución incluírá ademais a advertencia de que o debedor quedará obrigado a comunicar á Deputación Provincial da Coruña calquera variación económica ou patrimonial que lle permita achegar garantía, e de que calquera acto que implique a distribución de beneficios requirirá previamente a comunicación á Deputación Provincial da Coruña e a constitución de garantía.

2. A resolución denegatoria motivarase adecuadamente segundo as circunstancias de cada caso, e conterá necesariamente as seguintes indicacións e advertencias:

- 1) Respecto das débedas no período voluntario, a obriga de pagalas no prazo establecido no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, que se iniciará coa notificación da resolución, e as consecuencias do incumprimento da obriga anterior ou da presentación dunha nova solicitude de aprazamento ou fraccionamento destas débedas no dito prazo de pago.
- 2) Respecto das débedas no período executivo, a inmediata iniciación ou continuación do procedemento de prema.
- 3) Que se liquidarán os xuros de mora que procedan conforme co que se establece neste Regulamento.

3. A resolución que resolva a non admisión da solicitude indicará os antecedentes e a normativa que serven como base da decisión adoptada, os motivos e as consecuencias.

4. A resolución indicará, en todo caso, os recursos que poden interporse contra ela, os prazos establecidos para facelo e os órganos aos que deben dirixirse.

Artigo 23.- Notificación.

1. Con carácter xeral, e agás que se indique expresamente outra cousa na solicitude, a notificación da resolución irá dirixida ao debedor ao domicilio sinalado nela ou, no seu defecto, ao seu domicilio fiscal.

A notificación deberá efectuarse no prazo máximo de seis (6) meses dende a presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución, o debedor poderá entender denegada a solicitude aos efectos de interpor o correspondente recurso de reposición.

2. A notificación da proposta de resolución nos casos de xestión presencial terá os mesmos efectos que a notificación da resolución, agás que se dite e notifique posteriormente unha resolución con contido distinto.

CAPÍTULO 5º. OUTRAS FORMAS DE TERMINACIÓN.

Artigo 24.- Non admisión.

Producirase a non admisión da solicitude nos seguintes supostos:

- a) Cando sexa reiterativa doutra anterior denegada ou non admitida e non conteña modificación substancial respecto dela, en particular cando se considere que a reiteración ten por finalidade dilatar, dificultar ou impedir o desenvolvemento normal da xestión recadatoria.

Entenderase que se persegue finalidade dilatoria, entre outros supostos, cando a nova solicitude se presente sen acompañar toda a documentación obrigatoria necesaria que fora debidamente requirida e non achegada ao tramitar a solicitude anterior.

- b) Cando se presente despois de terse producida a notificación do acordo de execución de bens embargados.
- c) Cando inclúa débedas que non poidan ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento segundo se establece neste Regulamento. A non admisión producirase respecto das ditas débedas, continuándose a tramitación polas restantes, se as houbese.
- d) Cando o debedor concursado non xustifique o pago das débedas cualificadas como concursais privilexiadas ou contra a masa, unha vez requirido para facelo.

A non admisión da solicitude determinará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos.

Advertida a existencia dunha causa de non admisión, a unidade instrutora do expediente levantará de inmediato a suspensión das débedas afectadas por dita causa.

A resolución de non admisión notificarase ao debedor, advertíndolle das súas consecuencias e da posibilidade de interpor recurso de reposición contra a mesma.

Artigo 25.- Desistencia.

O debedor poderá desistir do aprazamento ou fraccionamento en calquera momento efectuando o pago da totalidade das débedas incluídas nel. Se non se emitiu resolución, procederase ao arquivo da solicitude sen necesidade de comunicación ao debedor. Se xa se emitiu resolución, considerarase un pago anticipado.

A desistencia sen pago será posible unicamente antes da notificación da resolución. Suporá o arquivo da solicitude, que se considerará non presentada. Non será necesaria a comunicación ao debedor.

Liquidaranse os xuros que procedan en cada suposto, conforme co establecido neste Regulamento.

Artigo 26.- Arquivo.

1. O arquivo da solicitude nos supostos contemplados neste Regulamento terá as consecuencias seguintes:

- 1) O levantamento da suspensión das débedas.
- 2) A continuación do procedemento recadatorio.
- 3) A solicitude considerarase non presentada.

2. Agás nos supostos nos que se establece expresamente o contrario neste Regulamento, o arquivo será comunicado ao debedor para os únicos efectos informativos, sen que poida ser obxecto de recurso.

CAPÍTULO 6º. RECONSIDERACIÓN

Artigo 27.- Modificación das condicións acordadas.

1. Se unha vez concedido un aprazamento ou fraccionamento o debedor solicitase unha modificación das súas condicións, a dita solicitude non suspenderá a execución do aprazamento ou fraccionamento xa concedido.

2. Se a modificación é concordante co establecido neste Regulamento, procederase á anulación do aprazamento ou fraccionamento inicialmente concedido e á tramitación dun novo expediente, mantendo os efectos da suspensión realizada como consecuencia da primeira solicitude.

No entanto, cando a modificación consista na ampliación da débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento tramitarase un novo expediente pola débeda ampliada, sen anular o expediente inicial.

3. A modificación terá efectos dende a data de notificación da nova resolución e estará condicionada, no seu caso, á achega ou actualización da garantía.

4. Calquera modificación das condicións do aprazamento ou fraccionamento deberá ter en conta que, consideradas en conxunto as condicións do aprazamento ou fraccionamento inicialmente concedido e as do novo, non poderán superar as limitacións establecidas neste Regulamento respecto do número total de fraccións ou do tempo máximo de aprazamento ou fraccionamento.

5. A solicitude de modificación da conta de cargo deberá materializarse nun documento axustado ao modelo oficial de autorización de cargo na conta aprobado ao

efecto, e cos mesmos requisitos. Deberá presentarse cunha antelación mínima de cinco (5) días respecto da data de vencemento na que se pretenda que comece a ter efectos. Non será preciso ditar resolución de aceptación desta modificación.

Artigo 28.- Solicitud relacionada con outra denegada, non admitida ou incumprida.

1. Calquera escrito do debedor no que manifieste a súa desconformidade coa resolución adoptada ou coa cancelación do aprazamento ou fraccionamento cualificarase como recurso de reposición.

Cando no mesmo escrito o debedor propoña unha modificación substancial das condicións propostas na solicitude anterior, considerarase que presenta unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento con carácter subsidiario á interposición do recurso, e actuarase segundo se establece neste Regulamento para ese suposto.

2. A solicitude que comprenda débedas incluídas nunha solicitude denegada ou non admitida por un motivo distinto ao incumprimento das obrigas do debedor tramitarase unicamente se desapareceron as causas polas que se produciu a denegación ou non admisión. Se aínda persisten, a solicitude non será admitida, por reiterativa.

3. O prazo de pago aberto pola notificación dunha resolución denegatoria de aprazamento ou fraccionamento de débedas no período voluntario terá efectos exclusivamente para o dito pago. Se o debedor solicitase de novo nese prazo o aprazamento ou fraccionamento desas débedas, a solicitude considerarase presentada no período executivo agás que non estivese aínda rematado o período voluntario orixinal das ditas débedas.

CAPÍTULO 7º. LIQUIDACIÓN DOS XUROS DE MORA.

Artigo 29.- Criterio xeral.

A liquidación e esixencia dos xuros de mora nos aprazamentos e fraccionamentos levarase a cabo segundo o establecido no Regulamento xeral de recadación, coas especialidades que se regulan nos artigos seguintes.

Artigo 30.- Liquidación e períodos de cálculo.

1. Nas desistencias, nas cancelacións e nos pagos parciais a conta, os xuros de mora liquidaranse polos seguintes períodos:

- 1) Respecto das débedas cuxo período voluntario non estivese rematado á data da desistencia ou pago, non se liquidarán.
- 2) Respecto das débedas que estiveran no período voluntario na data da solicitude pero xa tivera rematado o dito período na data da desistencia ou pago, ou coa recarga do período executivo do cinco por cento (5%) ou do dez por cento (10%), calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data da desistencia, da cancelación ou do pago.

Notificaranse ao debedor para o seu pago nos prazos sinalados no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria. No entanto, cando sexa factible poderanse incluír os xuros no importe a pagar que se calcule.

- 3) Respecto das débedas con recarga do período executivo do vinte por

cento (20%), liquidaranse e esixiranse no procedemento recadatorio ordinario, simultaneamente coas débedas que os orixinaron.

2. Nas denegacións, os xuros de mora liquidaranse polos seguintes períodos:

- 1) Respecto das débedas cuxo período voluntario non estivese rematado á data de notificación da resolución de denegación, non se esixirán.
- 2) Respecto das débedas que estiveran no período voluntario na data da solicitude pero xa tivera rematado o dito período na data de notificación da resolución de denegación, ou coa recarga do período executivo do cinco por cento (5%) ou do dez por cento (10%):
 - a. Se o pago se realiza no prazo concedido na resolución, calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data do pago.
 - b. Se non se realiza o pago no prazo concedido na resolución de denegación, calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data na que remate o dito prazo.

Notifícaranse ao debedor para o seu pago nos prazos sinalados no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria.

3) Respecto das débedas coa recarga do período executivo do vinte por cento (20%), liquidaranse e esixiranse no procedemento recadatorio ordinario, simultaneamente coas débedas que os orixinaron.

3. Cando o debedor manifeste a súa intención de aboar anticipadamente o importe pendente do aprazamento ou fraccionamento concedido, facilitaráselle unha carta de pago de validez limitada que incluíra o dito importe e os xuros de mora, que se calcularán dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario de cada débeda ata a data de emisión da carta de pago.

4. Pola Presidencia da Deputación poderanse establecer límites mínimos de importes para liquidar e esixir os xuros de mora regulados neste artigo.

Artigo 31.- Tipo de xuro.

1. No caso de débedas tributarias, o tipo de xuro será o previsto no artigo 26.6 da Lei xeral tributaria.

Para as débedas non tributarias, o tipo de xuro será o previsto no artigo 17 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria.

2. Cando algún vencemento coincida nun período para o que aínda non estea fixado o tipo oficial de xuro, aplicaráselle o último tipo fixado. Unha vez vixente o tipo oficial que corresponda a ese período, calcularanse de novo automaticamente os xuros de mora no último vencemento, se aínda non se produciu.

CAPÍTULO 8º. A GARANTÍA.

Artigo 32.- Regras xerais.

1. Cando se deba constituír garantía, consistirá preferentemente en aval solidario emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, ou en certificado de seguro de caución. Cando se xustifique a imposibilidade de achegar este tipo de

garantía, poderá substituírse por hipoteca, prenda, fianza persoal ou algunha outra que se considere idónea e suficiente.

2. A garantía deberá cubrir:

- a) Respecto das débedas no período voluntario, o seu principal, os xuros de mora xerados no aprazamento ou fraccionamento e un vinte e cinco por cento (25%) da suma das dúas partidas.
- b) Respecto das débedas no período executivo, o seu principal, as recargas do período executivo, os xuros de mora xerados no aprazamento ou fraccionamento e un cinco por cento (5%) da suma das tres partidas.

3. A garantía deberá formalizarse conforme á súa natureza xurídica e co alcance, forma e contido que resulte das normas de dereito civil, mercantil ou administrativo, segundo proceda.

Cando os bens ou dereitos ofrecidos como garantía estean inscritos nun rexistro público, os documentos de formalización e de aceptación da garantía inscribíranse tamén no dito rexistro.

Cando a garantía consista en hipoteca ou prenda, deberá ser formalizada en documento público e inscrita unilateralmente polo debedor.

A garantía consistente en fianza persoal deberá ser formalizada necesariamente nun documento público.

Os gastos derivados da formalización e inscrición da garantía, da súa aceptación e da súa liberación correrán en todo caso por conta do debedor.

4. No suposto de concesión de dispensa parcial de garantía, a que se constituía quedará afecta ao pago da totalidade das débedas do aprazamento ou fraccionamento.

5. A garantía terá vixencia ata que a Deputación Provincial da Coruña acorde a súa cancelación.

Artigo 33.- Informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade.

Cando se ofrezga garantía, a Vicetesoraría comprobará:

- 1) A súa admisibilidade e suficiencia xurídica e económica.
- 2) A súa idoneidade dende a perspectiva da súa execución e da capacidade para asegurar o cobro das débedas que debe garantir.

O resultado desta comprobación plasmarase no correspondente informe, coas seguintes consecuencias:

- a) Se é positivo, continuarase coa tramitación do expediente.
- b) Se é negativo por considerala non admisible ou non idónea, formularase proposta de denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.
- c) Se é negativo por considerala insuficiente xurídica ou economicamente, requirirase ao debedor para que corrixa a insuficiencia, coa advertencia de que se non o fai no prazo de contestación ao requirimento proporase a denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

Se o debedor atende o requirimento, a Vicetesourería emitirá novo informe. No caso de que este volvese a ser negativo, formularase proposta de denegación da solicitude. Se fose positivo, continuarase a tramitación do expediente.

Artigo 34.- Emenda de defectos da garantía.

1. No caso de ofrecemento de garantía distinta ao aval ou certificado de seguro, se a imposibilidade de obtención destes non estivese suficientemente xustificada requirirase ao debedor para que o faga, coa advertencia de que se non atende debidamente o requirimento proporase a denegación da solicitude.

2. Cando, deducidas as cargas, a valoración do ben ou dereito ofrecido resultase insuficiente para garantir o aprazamento ou fraccionamento, requirirase ao debedor para que achegue garantía complementaria ou acredite a imposibilidade de achegala, nos mesmos termos e cos mesmos efectos previstos para os casos de dispensa de garantías.

3. Se como consecuencia de anulacións, compensacións ou pagos realizados antes da formulación da proposta de resolución o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento pasase a ser inferior ao límite establecido neste Regulamento para a esixencia de garantía, continuarase a tramitación do expediente sen a dita esixencia.

Artigo 35.- Garantías non admisibles.

1. Polas súas características intrínsecas ou as limitadas posibilidades da súa execución, certos tipos de bens e dereitos non reúnen, en principio, as condicións mínimas de idoneidade e suficiencia xurídica ou económica para poder ser admitidos como garantía dos aprazamentos ou fraccionamentos.

O informe da Vicetesourería neses casos deberá ser negativo con carácter xeral. No entanto, poderá excepcionalmente admitilos como garantía cando considere que reúnen as condicións mínimas indicadas.

En calquera caso, o informe deberá estar debidamente motivado con referencia ás concretas circunstancias do expediente.

2. Os bens e dereitos que, en principio, non se admitirán como garantía dos aprazamentos ou fraccionamentos son os seguintes:

- a) Bens e dereitos con cargas previas.
- b) Bens inmobles rústicos, agás que na valoración achegada, tendo en conta especialmente a análise de mercado, a localización e o valor de execución, poida considerarse garantida suficientemente a débeda.
- c) Vehículos e transportes non comerciais, agás que teñan un valor actualizado no mercado de segunda man que asegure un importe mínimo executable do trescentos por cento (300%) do importe a garantir.
- d) Instalacións e montaxes fixas que se atopen indisolublemente unidas a naves ou centros de explotación ou traballo.
- e) Maquinaria específica, agás que sexa de alto valor, non deseñada a medida e exista un mercado de segunda man cunha demanda solvente

e áxil que facilite a súa execución.

- f) Existencias e materias primas, así como produtos en curso, exceptuando xoias e materias preciosas que sexan suficientemente individualizables.
- g) Bens mobles dotados dun alto grao de obsolescencia física ou técnica, tales como aparellos electrónicos e tecnolóxicos, bens de uso continuo, etc.
- h) Prendas sobre valores ou accións de entidades para os que non exista un mercado de negociación secundario oficial que asegure de maneira rápida e efectiva a súa execución.
- i) Obras de arte, agás que se achegue informe de valoración emitido por empresa de recoñecida solvencia no sector detallando a concorrencia dun mercado no que poder executalas.
- j) Bens incluídos no patrimonio histórico ou cultural do Estado ou as comunidades autónomas ou bens inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural (BIC), agás que contén con permiso de venda emitido polo organismo competente e se achegue informe de valoración emitido por empresa de recoñecida solvencia no sector detallando a concorrencia dun mercado no que poder executalos.
- k) Participacións inferiores ao sesenta e cinco por cento (65%) en comunidades pro indiviso do pleno dominio de calquera elemento patrimonial.
- l) Dereito de aproveitamento por quenda de inmobles.
- m) Dereitos reais limitados. No caso de ofrecerse tamén os bens sobre os que pesan tales limitacións, valoraranse detidamente as posibilidades de execución. No caso de dereitos de superficie, para consideralos admisibles como garantía deberán estar valorados en mais do douscentos por cento (200%) do importe a garantir.

3. Tampouco se admitirá como garantía, con carácter xeral, a anotación de embargo practicada no procedemento de prema sobre bens ou dereitos do debedor. No seu lugar esixirase a constitución de hipoteca ou prenda sobre os ditos bens ou dereitos ou sobre outros que reúnan as condicións necesarias. No entanto, con carácter excepcional e sempre que a situación económico-financeira do debedor non permita presumir a existencia de dificultades futuras de carácter estrutural que poidan desembocar nunha situación concursal e que ademais o valor dos bens ou dereitos cubra suficientemente o importe a garantir, admitirase o embargo como garantía para o aprazamento ou fraccionamento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que, en atención á contía e prazo da débeda, ou a calquera outras circunstancias, a constitución de garantía poida resultar excesivamente onerosa, debendo o propio debedor achegar a proba correspondente para o efecto.
- b) Que, con posterioridade á data da anotación do embargo, consten anotadas outras cargas sobre os citados bens ou dereitos, de xeito que a constitución de hipoteca ou prenda sobre os mesmos faga perder á Deputación a prioridade que lle corresponda pola data de inscrición no Rexistro.

Artigo 36.- Prazo de formalización.

A garantía deberá formalizarse e, no seu caso, inscribirse no correspondente rexistro público, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte á data de notificación da resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento, cuxa eficacia estará condicionada á formalización da garantía.

Excepcionalmente, o dito prazo poderá ser prorrogado como máximo por un (1) mes máis previa solicitude xustificada do debedor. A prórroga acordarase mediante resolución da Presidencia.

Artigo 37.- Documento de formalización.

Como condición de suficiencia xurídica, o contido mínimo do documento no que se formalice a garantía será o seguinte:

- 1) Nome e apelidos, ou razón social, e NIF das persoas que interveñen no acto como debedor e como garante ou do seu representante, se é o caso.
- 2) Relación individualizada das débedas cuxo pago se garante, e calendario de vencementos. Esta información poderá ser substituída pola indicación do número e data da resolución de concesión e do número de expediente de aprazamento ou fraccionamento.
- 3) Importes totais garantidos en concepto de principal, recarga do período executivo e xuros de mora, segundo proceda.
- 4) Declaración de que a condición de acreedor ou beneficiario recae na Deputación Provincial da Coruña, a cuxo favor se constitúe a garantía.
- 5) Cando proceda, relación de bens e dereitos que se afectan ao pago das débedas aprazadas ou fraccionadas, incorporando no seu caso a información que conste no rexistro público correspondente.
- 6) Declaración de que os gastos que comporte a formalización, aceptación e inscrición da garantía correrán a cargo do debedor.
- 7) Declaración de que o garante renuncia expresamente a calquera beneficio, e especificamente aos de orde, división e excusión de bens do debedor, e responderá integramente polos importes garantidos, con independencia de que, por calquera causa, a débeda garantida quede vinculada a convenio que puidera celebrarse no caso de concurso do debedor.
- 8) Declaración de que non se lle poderá opor ao acreedor ningunha excepción derivada da relación do garante co debedor, nin sequera a falta de pago da prima ou cota, no seu caso.
- 9) Declaración de que o garante comprométese a facer efectiva a garantía, cando sexa requirido para iso, no prazo do artigo 62.5 da Lei Xeral Tributaria e de que no caso de que sexa necesaria a execución da garantía seguirase o procedemento de prema.
- 10) Declaración de que a garantía terá vixencia ata que a Deputación Provincial da Coruña acorde expresamente a súa cancelación.
- 11) Referencia á normativa hipotecaria aplicable, cando a garantía sexa inscritable nun rexistro público.

12) Referencia á normativa aplicable sobre o contrato de seguro, cando proceda.

Artigo 38.- Consecuencias da falta de formalización.

Rematado o prazo previsto sen que se teña formalizada a garantía, quedará cancelado o aprazamento ou fraccionamento aínda que o debedor estivese cumprindo coas obrigas de pago dos vencementos.

A cancelación, que non será necesario que se comunique ao debedor, terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto de incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

Artigo 39.- Aceptación.

Formalizada a garantía e acreditado o cumprimento das condicións formais e materiais requiridas para a súa plena eficacia, elaborárase a proposta de aceptación.

A aceptación da garantía efectuarase mediante resolución da Presidencia que será notificada ao debedor.

Se a garantía foi inscrita nun rexistro público, o debedor deberá inscribir tamén a súa aceptación e achegar a acreditación de telo feito, para o que disporá do prazo dun (1) mes dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución de aceptación.

Artigo 40.- Liberación.

A garantía será liberada de oficio, unha vez comprobado o pago ou extinción total das débedas garantidas incluídos, no seu caso, a recarga do período executivo, os xuros de mora e os custos do procedemento.

A liberación e devolución da garantía ordenarase por resolución da Presidencia.

Artigo 41.- Execución.

Chegado o caso, a execución da garantía efectuarase polo procedemento de prema, nos termos previstos ao respecto na Lei xeral tributaria. O importe líquido obtido aplicarase ao pago das débedas pendentes, incluídos os custos do procedemento, as recargas do período executivo e os xuros de mora. A parte sobrante, se houbese, será posta ao dispor do garante ou de quen corresponda legalmente.

Nos supostos de dispensa parcial ou de insuficiencia sobrevinda da garantía, poderase continuar o procedemento de prema sen necesidade de agardar á execución da garantía. No suposto de insuficiencia sobrevinda deberá quedar motivada no expediente a continuación do procedemento de prema.

CAPÍTULO 9º. EXECUCIÓN DO APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO.

Artigo 42.- Pago.

Mensualmente enviaranse ás entidades bancarias as correspondentes ordes de cargo de conformidade co calendario de vencementos aprobado.

As entidades cargarán os importes das ordes nas contas sinaladas en cada caso polos debedores e os ingresarán na conta restrinxida sinalada ao efecto, remitindo

aos seus clientes os xustificantes da operación realizada.

Os titulares das contas serán responsables da existencia nelas de efectivo suficiente para cubrir os correspondentes importes no momento de realizarse os cargos.

Artigo 43.- Consecuencias da falta de pago dos vencementos.

A falta de pago dalgún dos vencementos acordados terá as consecuencias seguintes:

1. Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período voluntario e non se trata do último ou único vencemento, iniciarase o período executivo respecto do dito vencemento e formularase requirimento de pago polos seguintes conceptos:

- 1) Importe do vencemento non pagado, incluídos os xuros de mora.
- 2) Recarga executiva do cinco por cento (5%), calculada sobre o importe do vencemento non pagado.

O ingreso deberá realizarse no prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei xeral tributaria.

De non realizarse o ingreso nese prazo, as consecuencias serán as seguintes:

- 1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o fraccionamento.
- 2) Iniciarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.
- 3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.
- 4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.
- 5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e ditarase resolución de non admisión dos que estivesen tramitándose.
- 6) O debedor non poderá obter un novo aprazamento ou fraccionamento ata que as débedas incluídas nos aprazamentos ou fraccionamentos cancelados deixen de figurar pendentes de pago.

2. Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período executivo ou se trata do último ou único vencemento:

- 1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o aprazamento ou fraccionamento.
- 2) Iniciarase ou continuarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.
- 3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.
- 4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.
- 5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e denegarase os que estivesen tramitándose.
- 6) O debedor non poderá obter un novo aprazamento ou fraccionamento ata que as débedas incluídas nos aprazamentos ou fraccionamentos cancelados

deixen de figurar pendentes de pago.

Artigo 44.- Incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

O incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos acordados, establecidas neste Regulamento ou na resolución de concesión, terá as seguintes consecuencias:

- 1) A denegación do aprazamento ou fraccionamento, se estaba en trámite.
- 2) A cancelación do aprazamento ou fraccionamento, se xa estaba concedido.
- 3) O levantamento da suspensión das débedas.
- 4) A continuación do procedemento recadatorio e a execución da garantía, se a houbese.
- 5) A liquidación e esixencia dos xuros de mora que procedan.
- 6) A cancelación de calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e a denegación dos que estivesen tramitándose.
- 7) A imposibilidade de obter un novo aprazamento ou fraccionamento ata que as débedas incluídas nos aprazamentos ou fraccionamentos cancelados deixen de figurar pendentes de pago.

CAPÍTULO 10º. DÉBEDAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN CONCURSAL.

Artigo 45.- Solicitudes en situación preconcursal.

Se o debedor acredita a comunicación ao xulgado do inicio de negociacións para alcanzar un acordo preconcursal de refinanciamento, poderá solicitar aprazamento ou fraccionamento das súas débedas, que se tramitará coas seguintes particularidades:

- 1) Poderá solicitarse o aprazamento ou fraccionamento das débedas pendentes á data na que se produciu a dita comunicación ao xulgado.
- 2) A referencia temporal do aprazamento ou fraccionamento poderá axustarse aos termos do acordo de refinanciamento e superar os prazos máximos fixados con carácter xeral, pero sen exceder dos corenta e oito (48) meses dende a data da comunicación ao xulgado.
- 3) Poderá solicitarse a reconsideración dos aprazamentos ou fraccionamentos anteriores en trámite ou concedidos, para axustalos segundo o disposto no apartado anterior.
- 4) No caso de que se declarase o concurso do debedor, archivaranse as solicitudes en trámite e cancelaranse os aprazamentos ou fraccionamentos concedidos, por perda sobrevinda do obxecto dos mesmos.

Artigo 46.- Tramitación.

1. Ao estar sometidas ao que resulte do proceso concursal, o aprazamento ou fraccionamento das débedas concursais non será admitido, por manifesta falta de obxecto da solicitude.

2. O aprazamento ou fraccionamento das débedas contra a masa non será admitido por prohibilo expresamente o artigo 65.2 da Lei Xeral Tributaria.

3. As débedas post-concursais, entendidas como tales as orixinadas con posterioridade á aprobación do convenio, poderán ser aprazadas ou fraccionadas. Na tramitación da solicitude teranse en conta as seguintes particularidades:

- 1) O debedor deberá estar cumprindo no seu tempo e forma as obrigas de pago recollidas no convenio acordado. Especialmente, deberá ter satisfeito previamente o pago das débedas contra a masa e das débedas concursais privilexiadas, agás que teña acadado acordo singular coa Deputación Provincial da Coruña. De non ser así, o aprazamento ou fraccionamento non será admitido e proporase ao órgano competente que inste á autoridade xudicial a declaración do incumprimento do convenio.
- 2) O convenio aprobado en vigor e cumpríndose no seu tempo e forma considerarase xustificación suficiente da existencia das dificultades económico-financeiras transitorias.
- 3) No caso de que o concurso remate con liquidación, as débedas post-concursais pasarán a ter a cualificación de débedas contra a masa, e os aprazamentos ou fraccionamentos concedidos sobre elas serán cancelados inmediatamente, sen necesidade de comunicación ao debedor. Na resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento a debedores concursados incluírase unha cláusula advertindo desta posibilidade.

Artigo 47.- Solicitudes anteriores á declaración de concurso.

As solicitudes presentadas con anterioridade á declaración de concurso nas que aínda non se ditase resolución serán arquivadas en canto se teña coñecemento del, por perda sobrevinda do obxecto do procedemento, segundo dispón o artigo 103.2 da Lei Xeral Tributaria.

Cando o aprazamento ou fraccionamento estivera xa concedido á data de declaración do concurso será cancelado inmediatamente.

O arquivo ou cancelación comunicarase ao debedor para os únicos efectos do seu coñecemento.

CAPÍTULO 11º. DESENVOLVEMENTO E ENTRADA EN VIGOR.

Artigo 48.- Desenvolvemento.

Facúltase á Presidencia para ditar resolucións con instrucións de desenvolvemento das normas contidas neste Regulamento e, particularmente, para aprobar os modelos oficiais de documentos que se mencionan nel.

Unha vez aprobadas, as ditas resolucións serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia e no sitio web da Deputación Provincial da Coruña, para xeral coñecemento.

Artigo 49.- Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia unha vez producida a súa aprobación definitiva, e aplicarase tanto ás novas solicitudes que se reciban con posterioridade como a aquelas presentadas con anterioridade respecto das que non se formulara aínda a proposta de resolución e a aquelas que deban volver a tramitarse con posterioridade á entrada en vigor deste Regulamento.

Artigo 50.- Disposición derogadora.

A entrada en vigor deste Regulamento suporá que queden derogados e sen efecto todos os preceptos que regulen esta mesma materia, contidos en calquera norma anterior de igual ou inferior rango no ámbito da Deputación Provincial da Coruña.

2º.- Expor ao público o presente acordo durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, no taboleiro de anuncios desta Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, e 17 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

No caso de que se presenten reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno da Corporación, que adoptará o acordo definitivo que proceda.

Se non se presentase ningunha reclamación ou suxestión no período de información pública, o acordo inicial considerarase elevado automaticamente a definitivo sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

3º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro do acordo definitivo que resulte, para a súa entrada en vigor.

12.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal para financiar o proxecto " Mercado e Festa do Mar 2022 na Coruña"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade,

igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar o convenio de colaboración coa "ASOCIACIÓN REDES DE SAL", CIF G70549118 para o financiamento do proxecto "Mercado e Festa do Mar 2022 na cidade da Coruña", cuxo orzamento estimado de gastos ascende a 48.333,00 €, cunha achega de 30.000,00 €, que supón un coeficiente de financiamento do 62,06939 %.

3. Autorizar á Asociación Redes de Sal para que poidan concertar, ata o límite do 40%, a execución do obxecto da subvención con entidades e/ou persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220032212, da aplicación orzamentaria 0520/92052/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Incluír esta subvención nominativa no Plan estratéxico de subvencións da deputación da Coruña.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Achégase como Anexo a Ficha de subvención nominativa para incluír no Plan estratéxico de subvención da deputación da Coruña.

Número /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN REDES DE SAL PARA FINANCIAR O PROXECTO "MERCADO E FESTA DO MAR 2022 NA CORUÑA"

Na Coruña a ... de de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación Redes de Sal

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal consideran de gran interese para a provincia favorecer a concienciación ambiental, fomentar a produción local sostible e o consumo responsable e apoiar a comercialización de produtos e servizos de empresas e entidades que empregan os recursos mariños e o mar dun xeito sustentable.

Que os fins da Asociación Redes de Sal son a promoción do patrimonio cultural marítimo e pesqueiro de Galicia, o fomento e a divulgación do ambiente, a tradición e a cultura mariñeira, o ambiente costeiro e/ou seus produtos á cidadanía, a educación sobre os valores do patrimonio cultural marítimo e natural, a sensibilización dos problemas socio-culturais marítimos e pesqueiros así como o traballo na recuperación da relación das persoas co territorio que habitan e as tradicións propias deste, coa sostenibilidade e a preservación como eixes fundamentais.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, reconece a importancia do labor que a Asociación Redes de Sal desenvolve, sobre todo no que se refire ao compromiso no coidado dos mares, poñer en valor a súa riqueza, concienciar sobre as ameazas que a poñen en perigo e a necesidade dun cambio na nosa relación co medio mariño.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao “Mercado e Festa do Mar 2022 na cidade da Coruña”, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación Redes de Sal acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Redes de Sal (NIF: G70549118) para financiar o proxecto “ Mercado e Festa do Mar 2022 na cidade da Coruña”, no que se integran as actividades de captación, deseño, dinamización, organización e comunicación necesarias para a celebración do dito evento.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación Redes de Sal desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO GASTOS	IMPORTE
Arrendamentos	
Aluguer Infraestruturas (16 carpas 3x3;1 carpa igloo 100m2, mobiliario, valado perimetral, montaxe e desmontaxe)	9.680,00€
Aluguer Instalacións eléctricas e xerador	3.478,75€
Aluguer Equipamento audiovisual	2.625,70€

Primas de seguros	
Seguro responsabilidade civil	995,00€
Publicidade	
Comunicación off e online	9.559,00€
Contratacións externas	
Ambientación	726,00€
Actuacións Musicais, degustacións-showcooking e outras actividades de dinamización	4.295,50€
Limpeza, seguridade e persoal técnico audiovisual	3.484,80€
Organización do evento	11.495,00€
Soldos, salarios e seguridade social	
Persoal para atención a público e expositores durante evento	700,00€
Outros servizos	
Permisos ocupación	900,00€
Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)	
Papelería, menaxe cartón, outrosf unxibles	393,25€
TOTAL	48.333,00€

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **62,069394 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Redes de Sal obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Poderase contratar as actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria cumprindo os seguintes requisitos:

- a. Presentación no momento da solicitude de autorización de execución parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade.
- b. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.
- c. Que o importe subvencionable non exceda do coste incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do coste se realizará na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.
- d. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cento do orzamento subvencionado que se ha de xustificar, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 68,2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, e-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago;

tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de marzo de 2022 e o 30 de novembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Redes de Sal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á

Asociación Redes de Sal para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Redes de Sal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Redes de Sal na documentación presentada no prazo máximo de catro meses.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación Redes de Sal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Redes de Sal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Redes de Sal deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Redes de Sal poderá ser escolleito

pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Redes de Sal queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 150, do 10 de agosto de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 150, do 10 de agosto de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2023 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de marzo de 2022.

2. Para o caso de que a Asociación Redes de Sal non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña
Sal

Pola Asociación Redes de

Asdo:

Asdo:

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña
Asdo.

ANEXO

FICHA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

Subvención nominativa	Mercado e Festa do Mar 2022 na cidade da Coruña
Área	Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible
Servizo / Sección	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica Sección de D. Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Beneficiario/CIF	Asociación Redes de Sal / G70549118
Competencia desenvolvida	Medio Ambiente
Obxectivo xeral	Concienciación medioambiental e fomento da produción local sostible
Finalidade	Programa de o apoio á comercialización de produtos e servizos de empresas e entidades que empregan os recursos mariños e o mar dun xeito sustentable e favorecer a concienciación ambiental individual e colectiva sobre o coidado dos océanos.
Motivación	Interese provincial no potenciamento do medio ambiente. Promoción medioambiental. Este proxecto ademais está en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible – ODS marcados pola ONU na Axenda 2030: <ul style="list-style-type: none"> • ODS 14 (conservar e utilizar sostiblemente os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible), • ODS 12 (garantir modalidades de consumo e produción sostible), • ODS 13 (adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos) e • ODS 17 (fortalecer os medios de execución e revitalizar a alianza mundial para o desenvolvemento sostible).
Excepcionalidade	Non existencia de convocatoria específica. Singularidade
Normativa de xestión	Convenio específico
Mecanismo de concesión	Convenio
Prazo de xestión	2022/2023
Custo previsible	40.333,00 €
Importe da achega	30.000,00 €

Coeficiente financiamento	62,06939 %
Aplicación orzamentaria	0520/92052/481
Fontes financiamento	de Propia
Indicadores seguimento	de N° entidades que interveñen N° concellos que interveñen N° estimado de participantes

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control, mocións. A primeira presentada polo grupo provincial Marea Atlántica en petición dun plan sectorial para o monte galego.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición dun plan sectorial para o monte galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O verán de 2022 xa é o peor verán en canto a superficie queimada dende aquel negro verán do 2006. Aínda con todo setembro por diante, son xa 43.000 hectáreas calcinadas pola vaga de lumes que vimos sufrindo, cos dous maiores incendios documentados da historia de Galicia, os vividos no Courel e en Valdeorras, con 11.100 e 10.500 hectáreas queimadas respectivamente

A provincia da Coruña está sufrindo tamén con intensidade esta vaga de lumes. O incendio do Barbanza, iniciado en Boiro, e que afectou tamén aos concellos da Pobra do Caramiñal e de Ribeira, comezou a primeira semana de agosto e estivo activo sete días. O lume arrasou con 1.593 hectáreas de monte raso e outras 607 de arborado, 2.200 hectáreas en total, máis superficie que a queimada en toda a provincia da Coruña durante todo 2020 producindo desaloxos temporais de poboación e a evacuación do cámping Ría de Arousa con máis de 700 persoas afectadas. Ademais deste gran incendio, son varios os lumes que afectaron e ameazan á provincia, con focos próximos a núcleos urbanos e grandes poboacións, como o sufrido na Zapateira e Elviña na cidade da Coruña.

As consecuencias humanas e medioambientais son terribles. Espazos de importancia ecolóxica calcinados, afectación a superficies de uso humano ou produtivo e a dor causada a todas as vítimas directas ou indirectas son dificilmente calculables e reparables. Aínda así, cómpre traballar dende as institucións públicas para atopar as causas primeiras e poñer en marcha políticas públicas efectivas de prevención e reparación.

Xa ninguén debería dudar da relación directa entre a emerxencia climática e algunhas das catástrofes naturais que asolagan o noso planeta. O mes de xullo deste

ano foi, segundo a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), o mes máis cálido do Estado español dende que existen rexistros. As temperaturas extremas sumadas a un dos meses máis secos da serie histórica medida son consecuencia directa do mal chamado cambio climático, que máis que cambio, é unha verdadeira emerxencia climática á que debemos atender con urxencia e firmeza. Son innumerables os estudos, revisións e informes científicos que alertan sobre o impacto da emerxencia climática na vida humana, entre outras causas, polo aumento de fenómenos meteorolóxicos extremos.

O Informe Cambio Climático 2022: impactos, adaptación e vulnerabilidade advirte de que se precisan actuacións “inmediatas e profundas” para frear unha perspectiva aínda evitable pero perigosa: o dun futuro inhabitable. O informe advirte sobre os perigos e riscos para a biodiversidade, a vida humana e as migracións sociais e económicas derivadas nas que nos veremos envoltos e que xa estamos comezando a padecer se non se toman medidas urxentes. O IPCC ou Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático, foi gañador do premio Nobel da Paz en 2007 e leva décadas publicando informes realizados polos máis prestixiosos científicos e expertos na materia.

Pero ás medidas de freo á emerxencia climática non son exclusivamente medidas macro e de necesario acordo entre a comunidade internacional. Dende as administracións locais, autonómicas e estatais precísase dedicar esforzos e recursos mancomunados á prevención e reparación das consecuencias da emerxencia climática e dos lumes que ano tras ano continúan asolando Galicia e a nosa provincia.

No que respecta ao monte galego e á prevención de incendios, a competencia directa é da Xunta de Galicia como se recolle na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Por desgraza, a Xunta de Galicia leva anos sen atender ás razóns de fondo dos incendios e poñendo parches insuficientes a cada vaga de lumes. Faltan políticas estruturais contra a emerxencia climática. Faltan políticas ambiciosas de ordenación e custodia do territorio, unha política forestal e agraria que atendas as necesidades do país, atendendo e que aposte pola vexetación máis húmida, polos usos mixtos, forestal e gandeiro, por unha paisaxe en mosaico e por uns bosques autóctonos, que sabemos arden menos que os monocultivos extensivos de eucalipto que tanto lle interesa fomentar á Xunta de Galicia. Falta unha política pública eficaz de apoio á poboación e á economía rural, xa que sen investimentos fortes e decididos no rural a despoboación complica a prevención. E faltan políticas públicas decididas para dotar ás brigadas de incendios recursos económicos, materiais e humanos que se precisen para lograr frear os incendios

É cuestión de prioridade e dedicación, hai exemplos dabondo de políticas públicas estruturais efectivas que reducen comparativamente os incendios respecto á Galicia. Só compre vontade política e interese.

Afortunadamente, este desinterese polo monte galego non pasa desapercibido. A Plataforma Por un Monte Galego con Futuro, da que forman parte decenas de asociacións ecoloxistas do país, denunciou este agosto ante a Fiscalía e a Valedora do Pobo o desleixo do goberno da Xunta de Galicia ante a vaga de lumes que teñen producido graves efectos nos montes e ecosistemas de máis valor de Galicia. A denuncia, enfocada na inacción da Consellería de Medio Rural pide que se investigue en profundidade a actuación do goberno galego na prevención e extinción dos incendios forestais para o esclarecemento das responsabilidades penais. Recollen na

denuncia a inexplicable baixa execución do Plan de prevención de incendios forestais presentado o 5 de maio de 2022 por Alberto Núñez Feijoo, cun orzamento de máis de 180 millóns de euros.

Tanto na denuncia da Plataforma Por un Monte Galego con Futuro como as centrais sindicais e o persoal afectado denuncia unha falta de medios técnicos, materiais e de persoal que impide un traballo normal para quen trata de frear o lume ano tras anos. A precariedade estrutural do sector é sen dúbida unha das principais responsables da situación, contratos temporais e de moi pouca duración imposibilitan un traballo de prevención e preparación completo para os meses do verán. Sumada a esta precariedade, as centrais sindicais denuncian a falta de contratación de máis persoal, e unha necesaria renovación e incremento de medios técnicos e materiais para a prevención.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar a súa solidariedade con todas as persoas afectadas pola vaga de lumes deste verán.
2. Instar á Xunta de Galicia a deseñar, en colaboración cos axentes sociais implicados -sindicatos agrarios, comunidades de propietarios, universidades- un plan sectorial para o monte galego que contemple as necesarias medidas de ordenación, planificación e custodia do territorio, baseado na prevención do lume, nos aproveitamentos mixtos e na promoción das especies autóctonas.
3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente.

Dicir que somos conscientes de que nos enfrontamos a un problema estrutural que, desde logo, non estamos pretendendo que sexa de solución simple. Por iso na parte resolutiva da moción non se propón tanto unha listaxe de medidas concretas, senón a elaboración dun plan, a elaboración dun plan sectorial cos axentes sociais implicados para tentar coutar algo que creo que comeza realmente a ser preocupante, como vén sendo a dinámica dos incendios, o aumento, tanto do número como da intensidade, dos incendios forestais no noso país.

Dicía que estamos ante unha cuestión estrutural, que ten causas de fondo, como son o cambio climático ou mesmo o despoboamento do rural e tamén o peso do sector primario na nosa economía, que talvez non sexan realmente solucionables desde unha entidade política local como pode ser a Xunta de Galicia. Pero hai outras cuestións que nós consideramos que si son materia planificable e materia de política na que a Xunta de Galicia debería aumentar ou mudar radicalmente a súa concepción da política forestal e de combate do lume ata este momento.

Nós pensamos que a política de extinción de incendios nunca funcionou. Eu

creo que era un modelo basicamente temporal, desde o punto de vista do emprego, precarizador, e tamén desde o punto de vista da actuación a longo prazo, pois nin tan sequera estaba dentro da súa planificación, era un modelo que se baseaba unicamente, insisto, en atallar, tentar apagar os incendios na temporada de verán.

Pero isto que nunca funcionou, estas políticas probablemente do século XX, que non funcionaban xa daquela agora son manifestamente, non digo insuficientes, digo que manifestamente case, case simbólicas, con independencia de cal sexa o investimento que se faga nelas cada ano. Eu creo que cómpre revisar a axenda política para adaptala a este século XXI.

Aquí nesta mesma sala debateuse hai un par de sesións acerca da auga, a auga vai ser protagonista pola súa escaseza das políticas públicas do século XXI, non o foi no XX en período de abundancia. E o lume, por mor do cambio climático, e tamén por mor do despoboamento do rural, pensamos que tamén debe pasar a ser tamén protagonista da axenda política do século XXI. Pensamos, por tanto, que hai que ir xa a modificar radicalmente a axenda política para afrontar este problema coa seriedade e coa exixencia que formula.

Nós pensamos que unha das cuestións clave neste problema pasa pola cuestión da propiedade. Vimos dun modelo no que o monte é público soamente cando arde, cando arde facemos un investimento de fondos públicos destinados a apagar ese lume, pero despois o monte, cando chega a hora de vender, por exemplo, a madeira que nel se vai producindo, vólvese privado. Entón creo que estamos realmente equivocando o destino dos nosos fondos públicos. O monte debe ser coidado, non só desde o punto de vista do seu rendemento para os seus propietarios, senón desde o punto de vista da seguridade para a contorna social da que forma parte. Polo tanto, pensamos que un monte limpo é un monte seguro e que as administracións públicas deben garantilo, con independencia de cal sexa o título de propiedade que ostente en cada caso.

Por tanto, pensamos que hai que atinxir este problema do lume atacando directamente tamén a cuestión que acabamos de dicir da propiedade, pero facendo tamén –pensamos– unha política de ordenación do territorio. Pensamos que é evidente que unhas especies resisten mellor o lume que outras. Aquí hai moi pouco tempo, no tremendo incendio do Courel, soubemos que aquelas fragas, aqueles soutos de carballos e tamén doutras especies autóctonas, resistiron moito mellor o lume que aquel monte do Courel onde unicamente a especie maioritaria era por exemplo o pino, especies que, como sabemos, son pirófitas.

Tamén entendemos que habería que ir a unha explotación mixta, a un uso mixto do monte galego. Pensamos que a súa redución unicamente á provisión de madeira para as industrias é insuficiente para atallar a enorme proliferación da biomasa. Hai usos que eran propios da sociedade máis rural que fomos un día, que era o uso de pastoreo, o uso gandeiro do monte, que é evidente que non se vai recuperar de xeito natural porque a sociedade mudou, probablemente mudou felizmente cara a outro tipo de modelos de vida, pero isto conleva un abandono do rural, por tanto un abandono do monte, que recupera o seu estado primario selvático e hai que atallalo dalgún xeito.

Nós propoñemos, por exemplo, que se recuperen eses usos de pastoreo que,

se non se recuperan de xeito natural, por empregar ese termo, pois deben ser as propias administracións as que se encarguen de facelo. Hai iniciativas noutros lugares que van por ese camiño, desde incluso a propia concesión de espazos de monte en común para o pastoreo de quen queira usalo pensando que ás veces é simplemente máis valioso o custo da propia limpeza que outros retornos que se lle poden tirar ao monte.

En definitiva, non propoñemos un catálogo de solucións porque sabemos que estamos ante un problema complexo. Pensamos que estamos ante un problema que vai adquirir maior protagonismo nas décadas que veñen. Nós entendemos que debe ser xa considerado unha política estratéxica, que debe ser considerado unha política protagonista na axenda política deste século, e o que propoñemos, por tanto, é un plan sectorial no que participen os distintos axentes implicados, desde as comunidades de propietarios ata as propias industrias, ata tamén, por suposto, os sindicatos e organizacións ecoloxistas e agrarias, e tamén admitimos a proposta que nos chega feita desde o Partido Socialista e o BNG no sentido de mellorar as prestacións e os auxilios que desde a Administración autonómica se lle prestasen a aquelas persoas que padecesen os incendios neste verán pasado.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e a todas.

Evidentemente, si consideramos que abordar un debate sobre a lamentable situación en relación aos incendios vivida este verán, pero tamén os anteriores, merece toda a nosa atención, por suposto. E reincidir na solidariedade cara a todas aquelas persoas que padeceron nos seus bens, medios de vida, as consecuencias terribles dos incendios ao longo do verán. E, evidentemente cómpre facer a reflexión de que os incendios se corresponden a unha realidade complexa, multifactorial e que reclaman dun novo modelo que merece a reflexión e a participación de diferentes axentes, tal e como reflectimos na emenda que se propón a respecto deste proceso de elaboración dun novo plan sectorial, entendiamos que o papel dos concellos era fundamental para aportar a súa visión e as súas achegas.

Evidentemente, pola súa presenza reiterada no tempo e nos veráns, hai que consideralo unha problemática estrutural e, como xa dicía, hai múltiples causas e factores que inciden. Evidentemente, o feito do cambio climático fai que nos enfrontemos a un tipo de incendios diferente, máis virulento, que cómpre analizar tanto na necesidade de medios dispoñibles como tamén no factor de prevención, que consideramos un dos máis importantes nos que incidir. Estender os labores de prevención durante todo o ano como unha medida para minimizar as consecuencias dos lumes. Pero tamén outras causas estruturais que están identificadas xa en numerosos estudos que, evidentemente teñen que ver co abandono, a despoboación e a carencia de actividade vinculada a moita terra agraria e, evidentemente, unha reflexión e unha planificación do territorio e da súa actividade orientada a contribuír tamén á prevención.

Na emenda que presentamos tamén poñiamos o foco en dúas cuestións que son máis inmediatas e que enlazan coas consecuencias directas dos lumes do verán,

como son: ampliar a contía das axudas dirixidas á reconstrución de infraestruturas afectadas ao 100%, que tamén inclúa a recuperación dos medios de vida; pero tamén ao que é a prevención das consecuencias secundarias, por dicilo así, dos incendios que teñen que ver coa erosión e as consecuencias da mesma, así como tamén previr o arrastre de cinzas coas consecuencias terribles que pode ter a nivel ecolóxico e tamén económico.

Polo tanto, nós imos expresar o noso voto favorable á moción.

Máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, bo días a todos e a todas.

Unha vez aceptada a emenda presentada polos dous grupos do PSdG-PSOE e do BNG, que procedo a dar lectura para que conste na videoacta, engadir no punto 1 o seguinte texto despois “deste verán”, que sería: “neste senso, instar a Xunta de Galicia a que as axudas destinadas ás persoas afectadas cubran o 100% dos gastos de construción, reconstrución e de recuperación dos medios de vida afectados”.

Punto 2. Engadir aos concellos, quedaría redactada da seguinte forma: “Instar a Xunta de Galicia a deseñar en colaboración cos concellos e cos axentes sociais implicados (sindicatos agrarios, comunidades de propietarios, universidades, etc.) un plan sectorial para o monte galego que contemple as necesidades, medidas de ordenación, planificación e custodia do territorio baseado na prevención do lume, nos aproveitamentos mixtos e na promoción de especies autóctonas”.

E no punto 3 engadir: “Instar a Xunta á activación dun plan de axudas para a prevención, neste caso erosión, arrastre, etc., das consecuencias inmediatas do lume dos territorios afectados”.

Agora, tras a vaga de lumes, cómpre facer unha reflexión entre todos e todas sobre cales son os aspectos que levaron a unha situación que provocou un dos peores lumes que se recordan na nosa comunidade autónoma. É verdade que houbo unha seca este verán, pero é verdade tamén, como ben dicía a Sra. Muíño, que o abandono do rural e neste caso unha falta dunha política que teña en conta un mellor aproveitamento dos montes e que faga unha mellor distribución neste caso dos fondos necesarios para iso e para fomentar que eses montes poidan estar explotados, porque poden estar explotados e xerar beneficios, pero dunha forma que sexa moito máis garantista desde en punto de vista ambiental e loxicamente de prevención, pois está claro que a situación que acabamos de vivir meses atrás evidencia que iso non está así. Non hai unhas políticas neste caso, ou non as houbo ou non as está a haber, como digo, de explotación do monte, de organización deses montes e do territorio que nos permita paliar, porque evitar, loxicamente, os lumes sabemos que nunca se van evitar, loxicamente máis aqueles que poidan estar intencionados ou que cando hai unha tormenta poida plantar lume cun raio, pero se efectivamente o monte está moito máis coidado, se hai unha mellor distribución dese monte e se fomenta a plantación doutro tipo de especies que non sexan tan combustibles desde ese punto de vista, loxicamente as cousas irán bastante mellor.

Por tanto, nós compartimos o fondo e a forma desta moción, presentamos estas emendas neste caso que cremos que enriquecen os acordos que establece a mesma e por tanto anunciamos noso voto favor.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Grazas. Bo día, presidente, compañeiras e compañeiros de Corporación.

Vendo a exposición de motivos da moción de Marea Atlántica, eu quería volver reler algún deles. Falando do lume que afectou ao Barbanza a primeira semana de agosto, aos concellos de Boiro, A Pobra e Ribeira, fálase de 1.593 hectáreas de monte raso e 607 hectáreas de arboredo, máis que a superficie queimada en toda a provincia da Coruña durante o ano 2020. Isto indica, desde o meu punto de vista, dúas cousas: primeira, que o monte produtivo arde menos que o monte non produtivo; e, segunda, que este ano foi un ano excepcional, pois só este incendio fala de que ardeu máis neste só incendio, que en todo o ano 2020 na provincia da Coruña.

Fálase tamén de que este ano foi, segundo a axencia AEMET, o máis cálido do Estado español desde que existen rexistros, este é outro dato obxectivo, que non é opinable.

Fálase tamén de que se avoga por unha paisaxe mosaico, con bosques autóctonos, que sabemos que arde menos que os monocultivos extensivos de eucalipto que tanto lle interesa fomentar á Xunta, cando a Xunta de Galicia ten limitado e prohibido novas plantacións de eucaliptos nuns anos e estase fomentando a plantación de especies autóctonas.

Este é un tema bastante controvertido en bastantes zonas da provincia da Coruña. Eu aconsellaría que fixese unha rolda de consultas por aí adiante sobre este tema e daría moito que opinar, unha zona onde é alcalde o señor presidente, ou onde é concelleira a señora Muíño, na zona norte da provincia de Coruña, no Eume, Ortegal, na zona de Betanzos, etc., este é un tema bastante controvertido, pero a min gustárame que vostede tamén se parase un día a mirar cantas hectáreas arderon de eucalipto nas zonas de plantación onde se vive do eucalipto, onde hai unha cultura de plantación de eucalipto, fronte a outros sitios de monte baixo; por exemplo, en Ourense, cando arden hectáreas e hectáreas, cando hai menos eucaliptos en toda a provincia de Ourense que só no concello das Pontes ou no concello de San Sadurniño ou de Cedeira. Este é un dato que eu penso que vostede tamén tiña que analizar.

Respecto ás medidas que ten tomado a Xunta de Galicia –logo falaremos tamén das emendas que presentou o Goberno da Deputación–, eu penso que, estes son datos que lle vou pasar a ler para que se non ten constancia deles, que a Xunta desenvolve todos os anos un plan de prevención de lumes que no ano 2022 está a supoñer un investimento de máis de 33 millóns de euros, que permite actuar en 59.000 hectáreas de superficie e preto de 6.000 km de pistas e outras vías de comunicación. Ao mellor tamén desde a propia emenda que ten presentado o Goberno da Deputación tiña que engadir que as administracións locais, a Deputación, nas súas pistas, nas súas vías de comunicación, os propios concelleiros, debían facer

un labor, e así están a facer os concellos a maioría deles, de prevención de desbroce con tempo suficiente, e non como este ano, que na Deputación os desbroces se fixeron na meirande parte dos concellos da provincia da Coruña a partir da segunda quincena de agosto. Este é un dato; quero dicir que igual habería que engadir este tema na emenda porque, efectivamente, a prevención é parte de todos, dos propietarios e das distintas administracións. Evidentemente, unhas pistas desbrozadas, unhas pistas en condicións , un desbroce coa obriga que teñen os propietarios de desbrozar, así por lei, e así como as administracións, facilitaría moito isto.

Respecto ao dispositivo de incendios deste ano: 7.000 efectivos, 380 motobombas e tractores, e máis de 30 medios aéreos, incluídos os que aporta o Goberno do Estado. A rede de vixilancia que se ten promovido este ano previa nos montes, con máis de 148 cámaras, que cobren arredor do 70% da superficie galega. Iso o que fai tamén é falar de que o monte galego arde, o monte galego non arde, o monte galego normalmente quéimano, normalmente. Pero este ano en concreto houbo unha situación excepcional, que foi a da tormenta eléctrica de finais de xullo, que provocou dous dos incendios máis grandes posiblemente, os de Valdeorras e do Courel, cunha tormenta seca e unhas situacións excepcionais fronte a outros anos que nunca sucederan, isto realmente son situacións excepcionais e así as hai que recoñecer.

Vostede déase conta dunha cousa, este ano, eu son veciño de Santiago de Compostela, está a señora Castro aquí, o río Tambre chegou a límites que nunca se viran, xamais. E penso, é máis, nós penso que todos tivemos a preocupación de se podería haber nalgún momento ter restricións de augas en Santiago polo baixo nivel de auga que ten o río Tambre. En Santiago cáptase directamente do río, en Santiago nós non temos un sistema de retención de auga como pode ter aquí o concello da Coruña coa presa de Cecebre, ou como ten a zona de Ferrolterra coa presa das Forcadas. Por certo, a presa de Cecebre, que pasou a titularidade de Emalcsa, co Goberno do señor Negreira da cidade da Coruña e As Forcadas, que pasou a ser do concello de Ferrol a partir do goberno do señor Rey Varela no Concello de Ferrol. En Santiago non temos esta opción, ao mellor tamén temos que empezar a prever situacións excepcionais que poidan pasar de agora en diante.

É dicir, o sistema galego de prevención de incendios é un sistema modélico non só para Galicia, e nós entendémolo así, senón que o veñen copiar moitas comunidades autónomas do conxunto do Estado e incluso países de fóra, do resto da Comunidade Europea. É un sistema modélico, ao longo do tempo que se ten vido adaptando e que este ano foi o ano no que máis cartos se investiron na prevención e en extinción de incendios, nunha situación que entendemos que foi excepcional.

E hai que falar tamén do intenso traballo e a prevención que se vén desenvolvendo en Galicia nos últimos anos a través da ordenación da masa forestal e da limpeza dos montes, en concreto neste ano a Xunta leva a cabo labores de prevención en case 59.000 hectáreas e preto de 6.000 km de pistas e outras vías de comunicación.

Repito, ao mellor o que temos que facer é desbrozar a tempo. Cando se fala de que os incendios do verán se empezan a apagar no inverno, nós mesmos temos que ser conscientes de que desde a deputación temos que facer o desbroce e a

limpeza de pistas a tempo.

Eu podería falar aquí de 40.000 iniciativas, pero aquí en Galicia cando fala vostede de aproveitamento e fomentar a produción dos montes, doutro tema, aquí está o Plan de pastos. Que se pretende co Plan de pastos? Co Plan de pastos preténdese que a superficie agraria medre en comparación coa superficie forestal, porque en Galicia hai unha superficie forestal moito maior en comparación coa superficie agraria que no resto do conxunto do Estado. Que se vén promovendo con isto? A diminución dos incendios e a mellora do equilibrio entre superficie agraria e forestal en Galicia co Plan de pastos, refírome: “Aumento da superficie agraria dispoñible para a gandería existente e que demanden ou para a implantación de novas explotacións; aumento da extensión das explotacións que redundan na súa viabilidade económica e no benestar dos animais; mellora dos ecosistemas agroforestais, ao ofrecer máis variedade de usos na fauna silvestre; diminución do número de incendios forestais pola súa produción en superficies abandonadas e infrautilizadas”.

E tamén hai que falar da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. É dicir, nós o que temos en Galicia é unha serie de iniciativas que se están a levar a cabo que penso que están e van dar o seu froito no futuro. Este ano foi un ano excepcional e, desde logo, ao referirme ao BNG teño que dicirlle que o seu modelo de xestión dos incendios xa o vimos, xa sabemos cal foi, o modelo de Suárez Canal evidentemente non foi o modelo máis recordado, admirado e querido ou máis, digamos, efectivo que se ten procurado en Galicia, non? Vostede xa se lle probou e é evidente que non é o seu este tema.

Estas, fronte ao que pasou aquí en Galicia, que evidentemente foi lamentable, hai unha serie de medidas inmediatas, inmediatas, que se puxeron en valor ao día seguinte das vagas de lumes, inmediatas. Voume referir a elas: reposición ou reparación da vivenda ou instalacións complementarias, vivenda habitual, 100% do custo ata 122.400 euros; vivenda non permanente, 100% do custo, máximo de 61.200 euros; danos sufridos polo enxoval doméstico de primeira necesidade, primeiras vivendas 100% dos gastos, ruinosas, máis de 15.000 euros, se non máximo de 7.000 euros; vivenda non permanente 5.000 euros e, se non, 3.000 euros; danos en locais e explotacións de empresas en colaboración cos concellos, cubrirase o 100% como máximo 600.000 euros; locais comerciais e turísticos e industrias explotacións forestais e gandeiras; e colaborarase cos concellos para reparar as instalacións municipais afectadas.

Isto foi algo inmediato, na semana dos grandes incendios do Courel e Valdeorras estas medidas tomáronse no Consello da Xunta de forma inmediata e espero que se teñan aboado ou que se aboen coa rapidez precisa e non, por exemplo, como pasou noutros sitios, como co tema do volcán da Palma, que se anuncian moitas medidas e despois as medidas que se anuncian as leva o vento e os veciños seguen onde estaban naquel momento e aínda non cobrou nin Dios, con perdón da expresión. Esta é a realidade dos cartos que investimos os galegos en prevención e extinción de incendios: Galicia 180 millóns de euros no sistema de prevención e extinción de incendios; Cataluña 118 millóns de euros; Castela-A Mancha 95 millóns de euros; Extremadura 92 millóns de euros; Cantabria 6 millóns de euros. Esta é a realidade, os galegos, o Goberno galego está comprometido co monte galego, cun monte produtivo, cun monte ordenado, cun monte sostible e, por certo,

cun monte que non arda. Pero neste ano si é certo que gran parte dos incendios se provocaron pola tormenta seca de finais de xullo, pero normalmente o monte non arde, o monte quéimano, e hai tamén que traballar e perseguir para que aquela xente que comete estas tropelías paguen as penas que corresponden.

Pola miña banda máis nada. Moitas grazas, nós imos votar en contra da moción.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas pola resposta, Sr. Ben. A ver, eu parto da base de que efectivamente estamos nun ano tan excepcional como que arderon casas, iso non é o habitual. Pero esa excepcionalidade penso que no futuro se vai reproducir, a evolución do cambio climático apunta a que vai haber máis anos excepcionais e que, pola situación de abandono do rural, probablemente, e pola gran densidade arbórea do país, probablemente os lumes cheguen cada vez máis cerca das casas.

Polo tanto, esta é unha moción que creo que carece de demagogia, é unha moción que parte da concepción do problema como un problema profundo, complexo, e en parte alleo á responsabilidade da Xunta de Galicia, ou alleo creo que á total responsabilidade. O cambio climático desde logo é un problema global e o despoboamento, ben, é un problema máis local, pero en todo caso tamén pensamos que forma parte dun ciclo económico máis amplo. Agora ben, esta excepcionalidade vai ser común nos anos que veñan por diante. Creo que é a primeira vez que a Xunta de Galicia inclúe nunha orde das súas subvencións a reposición de vivendas, e iso creo que chama a atención sobre a gravidade do asunto.

Entón, nós o que dicimos é que a política de prevención non funcionaba no pasado e vai funcionar menos aínda no futuro, entre outras cousas porque a política de prevención, de extinción, perdón, é unha política pirófitas tamén, é unha política que se alimenta do lume. É dicir, hai un interese tamén, non é casual que ás veces aparezan brigadistas implicados en episodios de prenda de lumes; evidentemente, con toda a miña comprensión cara a eles, están defendendo o seu traballo; pero tamén é unha política pirófitas, unha política de extinción que se basea na necesidade de que haxa lume. As políticas de prevención creo deben de ir por outro camiño.

A cuestión do eucalipto que vostede sinalaba, que vai incluída na parte expositiva e non na resolutiva. Non é esta unha moción que incida na demonización do eucalipto *per se* ou que o vincule directamente co lume, entre outras cousas porque o eucalipto é unha especie que precisa abundancia hídrica, precisa un clima húmido. Por tanto, naquelas zonas do país onde se planta eucalipto, que son as costeiras e as do norte, zonas máis húmidas, aínda que non se plantase eucalipto, probablemente non arderían por seren tamén zonas máis húmidas. Pero é un debate complexo, eu non son científico, o que si sabemos todos é que hai bosques máis húmidos e bosques máis secos; os bosques frondosos son máis húmidos, creo que o sabe isto todo o mundo.

Fala vostede dunhas cifras, dicía vostede antes 33 millóns de euros, non? Eu non sei dicirlle se isto, comparativamente con outras comunidades é unha cifra boa ou mala, eu o que digo é que non atende as necesidades actuais do problema e moito menos as futuras. Polo tanto, entendo que haberá que reaxustar os orzamentos e

reequilibrar tamén as prioridades políticas e, igual que falaba vostede con anterioridade da cuestión da auga e da seca, que é un problema gravísimo, pois este é un problema que probablemente no século XX non ocupaba a axenda política, pero que vai ter que ocupala necesariamente, pola mesma dinámica que o lume ata a do cambio climático, o lume debe pasar agora e, por tanto, o coidado do bosque a ser unha prioridade política, e están ademais directamente relacionados o un co outro. Se a xestión da auga ten que ter maior protagonismo, maior peso nos orzamentos públicos, tamén a xestión do monte debe telo.

A min chámame a atención, a min realmente 33 millóns de euros, creo que os orzamentos teñen que ter relación coas necesidades; non son absolutos, se poñemos eses datos así, digamos extrapolados, digamos do que fan relación, poden parecernos moito. A min a verdade é que non me parecían moito; dígoo porque, por exemplo, se temos en conta o que inviste a Xunta anualmente no mantemento da Cidade da Cultura, son cifras semellantes, non? son cifras semellantes, digo eu; ou o que se inviste por exemplo tamén no Xacobeo. Non quero dicir aquí que teñamos que facer unha cousa ou outra, digo que hai unhas urxencias, hai unhas emerxencias, a política de extinción de incendios da Xunta de Galicia creo, para min, para a miña idea, fracasaba xa en situacións nas que non se agudizara tanto o cambio climático, pero está claro que a futuro vai ser moito peor esta situación, vai ser moitísimo peor, e que imos ter que inverter a orde de prioridades, e que vai haber que ir a unhas políticas de prevención moi fortes, moi profundas, que teñen que ir, partir da base da ordenación do territorio, teñen que atinxir á cuestión da propiedade, é evidente que se hai zonas de monte inmensas en Galicia descoidadas porque os seus donos non poden ou non queren, ou simplemente existe un abandono, un desleixo, iso supón un perigo para a saúde pública que hai que atinxir, que hai que ocuparse del, aínda que sexa unha cuestión, iso, digamos de propiedade, que tamén máis adiante neste Pleno volveremos falar de propiedade, propiedade privada, propiedade pública e demais.

Eu penso que estamos ante unha proposta política moi ponderada, creo que non é excesivamente crítica coa Xunta, aínda que penso que podería selo. Partimos da situación de excepcionalidade deste ano pero creo, pensamos que é unha excepcionalidade que se vai converter en normal nas décadas que veñen e propoñemos simplemente que se abra un proceso de diálogo e que se estableza un plan profundo e ambicioso a longo prazo, que se basee na ordenación do territorio e tamén por suposto na defensa daquelas especies que ademais son autóctonas, que se sabe que ofrecen maior resistencia ao lume.

Sr. García Seoane

Parece que o lume é unha cousa de agora. Eu recordo cando andaba na música ver arder Galicia polos catro costados, de suspenderse festas polos incendios, etc., etc. Os incendios non son de agora, tan grandes ou máis. Quen non viu arder o Barbanza toda desde unha beira do mar á outra?, desde Cangas ata a beira do Atlántico? Iso era constante. Quen non viu arder a provincia de Ourense por todos os costados? Parece que aquí agora os incendios son unha cousa nova. O que hai é un montón de incompetentes na Administración pública, iso é o que hai, hai un montón de incompetentes e que, cando se xoga con estes temas, se xoga coas subvencións, pobriño que perdeu isto, que perdeu aquilo, doulle 3.000 euros, doulle 5000 euros... Iso é unha miseria, esas son políticas miserentas, de compra de vontades, que lamentablemente se dan na política moitísimo, moitísimo.

Pero é alarmante ver que durante décadas, e eu falo de décadas, non se abordara ningún plan concreto para que o lume non prendera nos montes galegos. Dirán: non, é que antes había máis xente no rural. Si, pero eu non falo de antes, de hai un pouco e de agora. Por tanto, hai forma de parar todo iso. Por que na zona, unha das zonas que ardía moi pouco en Galicia e que segue sen arder, e oxalá siga así, era a zona norte da provincia da Coruña, era unha das máis densas en poboación de piñeiros e eucaliptos. Pero por que? Porque os donos, aínda que estaban na Coruña –eu tiña dous compañeiros de orquestra que eran de Ortigueira–, tiñan montes, pero coidábanse de coidar os montes, porque eran deles e producían, e estaban na Coruña e vivían na Coruña, e eran cidadáns que deixaran xa o seu lugar de residencia na aldea.

Por tanto, o que fan falta son políticas serias, o que non fai falta son políticas de subvencións; as políticas de subvencións son compra de votos, compra de xente, ademais doutras cousas porque, claro, a política de subvencións para limpar os montes: ou tes unha finca de 10.000 metros ou ti non podes limpar o monte. E, por tanto, hai o terratenente do pueblo, que ten unha finca de 10.000, de 15.000, de 20.000 e non teñen ningún problema, danlle a subvención. Pero hai un veciño que ten 8.000, 6.000 ou 3.000, e ao mellor ten 10 montes de 3.000, 2.000, 1.000 e 1.000, e resulta que non lle dan un patacón. É que é tremendo, isto é a día de hoxe, que non se fale de subvencións, as subvencións son sempre para os mesmos, e ao final incluso moitas destas subvencións non se invisten, e ninguén vai comprobar se se investiron ou non. Eu sei no caso das Pontes, e non ten nada que ver co alcalde, o presidente da deputación, pero eu sei no caso das Pontes de quen pedía diñeiro para limpar o monte e logo plantaba eucaliptos; dábanlle diñeiro para limpar o monte, que tiña hectáreas e hectáreas e hectáreas, pero despois dábanlle diñeiro tamén para plantar eucalipto, as dúas cousas á vez. Iso está aí, nos libros da economía, na liquidación dos presupostos da Xunta de Galicia, e hai nomes e apelidos que non vou dar aquí, pero iso é a política que se fai de subvencións, subvencionar aqueles que teñen un millón de metros cadrados ou dous, iso dá para todo. Cando lle dás unha subvención para limpar o monte é unha subvención exaxerada, iso dá para todo, para o que vai mirar, para o que vai certificar, iso é unha marabilla como funciona. Por tanto, esas políticas non valen para nada, iso é miserento. A política que hai que aplicar é a política contando cos concellos, Xunta e concellos, en vez de investir 180 millóns, como se acaba de dicir aquí, para o tema do fogo, hai que investir a metade, un cuarto ou a décima parte e tense Galicia como un xardín. Con quen?, cos concellos. En todos os concellos segue habendo homes con tractores, non vemos máis que accidentes, que encima morren co tractor, porque lles caeu por un terraplén, persoas maiores... Pero hainos xoves tamén, e por tanto hai que recorrer a eses concellos que teñen cidadáns, que teñen infraestrutura, que teñen arados, que teñen grades, que poden limpar os terreos, e a esa xente pagarlle ao longo do ano por limpeza, por metros cadrados e dentro do seu municipio. Porque ese señor, ese alcalde, pode falar cos seus veciños e dicirlle “mira, vou entrarche na finca”. Porque ese é outro tema, as fincas privadas, ah, pero cando arden non son privadas e pagamos todos. Non, o que dicías ti hai un rato, cando arden non son privadas.

Por tanto, hai que facer políticas serias nese aspecto e a única política seria que se pode facer é cos concellos, cos cidadáns que aínda viven nos concellos e coa Xunta de Galicia coordinados os tres e limpar Galicia durante o inverno, para que non arda no verán e facer de Galicia un xardín.

Iso é o que hai que facer e o resto é palabrería. Que se vén a..., que se vén non sei quen... Os que saben do terreo son os que o pisan, os que o pisan son os que saben do terreo e do que o teñen que facer, e por tanto hai que contar con eles, cos alcaldes, cos municipios, que son os principais actores e os principais interesados na defensa do seu territorio e por tanto esa é a política que hai que levar adiante. O outro é palabrería e o outro é clientelismo; sigan por esa liña e veremos arder Galicia durante anos.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente, escoitando as razóns esgrimidas polo voceiro do Partido Popular para non votar a favor da moción, entendo que a responsabilidade do lume deste ano foi primeiro por unha situación de seca cunhas altas temperaturas, porque lle plantan lume, entendo que tamén porque a Deputación non limpa as cunetas suficientemente e porque..., penso que nada máis. E, si, argumentou que a Xunta investiu máis que nunca, pero, ben, se se inviste máis que nunca e arde máis que nunca, pois igual é que non estamos gastando ben, isto non é unha cuestión de gastar moito, senón de gastalo ben. E despois hai que mirar datos anteriores, é dicir, é verdade que no 2022 con respecto ao 2021 arderon moitísimas máis hectáreas, no 2021 foron 4.400, pero é que no ano 2020 foron 14.800, pero é que no ano 2017 foron 62.000, e non houbo unha vaga de calor ou de seca como neste ano. Polo tanto, algo se estará facendo mal, porque, escoitándoo a vostede, parece que todo se fai ben, gastamos moito pero a culpa é de que non chova, que faga calor e que a xente lle plante lume. Penso que é simplificar moito a situación e, seguramente detrás desa simplificación de cal é a situación e do seu porqué estea a propia situación en si; porque, claro, se simplificamos reducindo a que vai moita calor, non chove e a xente lle planta lume, loxicamente vai ser moi difícil que adoptemos medidas encamiñadas a loitar contra a situación e pois poder garantir que o monte non arda coa frecuencia e intensidade coa que o fai. Porque, repito, non foi este o único ano no que arderon moitísimas hectáreas.

E sobre a limpeza das vías provinciais, fanse varias ao ano, eu no meu municipio teño vías tamén autonómicas das que vostede nunca fala, non se limpan máis que as provinciais, desgraciadamente. Di vostede que se fixo unha limpeza a mediados de agosto, pero fíxose outra na primavera; a mesma limpeza que fixo a Xunta, polo menos nas vías do meu concello, que entendo que non as atrasará por ser eu quen son, que as fará igual que no resto, tamén se fixo a finais de agosto. Non sei se o lume só cruza as vías provinciais e as autonómicas non, para alí. Pero o outro día que fun ata Portugal puideren ver como cruzaba a autovía, que é moito máis ancha que calquera vía provincial das que temos aquí. A limpeza dunha cuneta, todos sabemos que non é suficiente e é un argumento bastante pobre para impedir que haxa un incendio forestal. Por tanto, ese argumento igual sobra aquí. Está ben que vostede o meta cando falamos de vías e obras, pero aquí quizais non sexa, e neste tema que estamos a tratar, pois moi acaído, tendo en conta, como repito, que hai moitas vías de titularidade autonómica que están exactamente igual que as de titularidade provincial. Por tanto, nós lamentamos loxicamente que o Partido Popular non se sume a esta moción e a vota favorablemente.

E, bueno, recordaba vostede outra vez a xestión dos lumes do bipartito, todos recordamos aquela imaxe do señor Feijóo precisamente naqueles lumes con zapato castellano e unha mangueiriña, espero que ese non sexa o sistema de prevención de

lumes e o modelo da Xunta da Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nada, unha vez que expresáramos xa o noso voto a favor, quería pechar con esta última intervención, lamentando que por parte do Partido Popular se intentara derivar un debate en relación á necesidade de revisar un modelo que si que é verdade que mobiliza moito diñeiro, pero evidentemente non funciona, pois a esa análise ou apoloxía da cultura do eucalipto, cando o que resulta evidente, e hai datos obxectivos que din que, ante o cambio climático, o incremento de hectáreas de territorio rural abandonado e a despoboación, é necesario revisar cara a onde hai que dirixir maiores esforzos e incentivar pois políticas que realmente incidan e contribúan a unha mellor prevención.

Pero isto non o digo eu, nin o di o BNG, senón que resulta chamativo escoitar o Partido Popular aquí na deputación pois case contradicir as reflexións que facía o presidente Rueda a 6 de agosto nunha entrevista, na que el mesmo analizaba que, efectivamente, a realidade en relación aos lumes, aos cambios, era obxectiva, que había que incidir moito máis en políticas de prevención, seguramente ampliar efectivos e brigadas de prevención conducindo cara a unha maior profesionalización e ampliar o persoal dispoñible, que é unha liña construtiva, ben diferente da que empregou o Partido Popular naquel verán do 2006, unha liña construtiva á que se introducía aquí neste debate de, efectivamente, pois enfrontar un proceso de análise, de diálogo, introducindo aqueles factores necesarios para mellorar a prevención.

Dos 180 millóns mobilizados, só o 20% foron destinados a prevención. Aí é onde temos que poñer o foco para evitar que, chegado o momento de producírense lumes, sexa por tormentas eléctricas, por xente que prende lume, esteamos en mellores condicións para evitar unhas consecuencias tan catastróficas.

En relación ás axudas, dicir que o que se introduce na emenda é que alcancen o 100% dos custos da reconstrución sen límite, e tamén introduce o aspecto de previr as posibles consecuencias da erosión e o arrastre de cinzas, que probablemente, se non se axiliza a actuación neste sentido, en tres meses teñamos que lamentar a contaminación de moitas das nosas rías.

Máis nada.

Sr. Ben Otero

Gracias, respecto al tema de las cenizas, lo que creemos que es lógico es que, una vez que los incendios estén extinguidos, sean los técnicos los que hagan un balance y efectivamente que trabajen en la prevención de este tema. Eso es obvio, todos los años se ha hecho, todos los años se intenta, y creo que en ese tema no hay ninguna duda de que podemos coincidir en que se trabaje en esa cuestión, como creo que se está haciendo siempre.

Sr. Presidente

Vamos á votación.

Sr. Ben Otero

No, pero, por favor, es que yo no le he limitado el tiempo a nadie.

Sr. Presidente

Perdona, pensei que acabaras.

Sr. Ben Otero

No, si no pasa nada.

Sr. Presidente

Toma o tempo que queiras.

Sr. Ben Otero

Vamos a intentar recuperar los 12 minutos con los que empezamos de retraso, vamos a hacerlo rápido entre todos sin problema ninguno.

Es decir, yo lo que creo es que, hablando con los alcaldes donde se producen incendios de vez en cuando en la zona de Barbanza, ellos mismos dicen que les llama la atención una cuestión: que los incendios suelen ser en sitios similares en circunstancias similares, que hay un señuelo de un foco y luego hay otros más donde se enciende, es decir, hay una intencionalidad en estos incendios. Lo dicen los propios alcaldes.

Los alcaldes, señor García Seoane, tiene usted razón, pero tienen una labor fundamental, que es primero de instar a limpiar las pistas que les corresponden y las parcelas municipales que en muchos casos y en muchos ayuntamientos ni siquiera lo hacen y, segundo, pedir a los vecinos que limpien las suyas. Y efectivamente, efectivamente, deberíamos entrar a limpiar la propiedad privada y luego pasar el coste de esa limpieza al propietario de la propiedad porque, si no, tiene dos sistemas: un sistema muy claro, que es el banco de tierra o La ley de recuperación de tierras agrarias de Galicia, y el plan de pastos. Oiga, si tenemos sistemas para trabajar en este tema, oiga, pero que con dinero público limpiemos o desbrocemos propiedades privadas y que lo paguemos todos, no, oiga, tienen obligación legal de hacerlo los ayuntamientos, las parcelas de titularidad municipal y las propiedades de forestales tienen que limpiar sus parcelas, obviamente.

Que hay trabajar en prevención?, por supuesto, pero es verdad que este año con el fenómeno este, sistema convectivo de mesoescala, esto es algo sin precedentes lo que pasó en Galicia. Aquí hablan de que este episodio climático originó una intensa tormenta entre las 20.00 horas de la tarde y las 8.00 horas de la mañana siguiente con una cantidad de rayos, 6.000 rayos, provocando 52 fuegos, esta es la realidad. Oiga yo...

Y, respecto al señor Fernández, yo no digo que la no limpieza o que se haya limpiado tarde los viales de la Diputación haya provocado incendios, eso no lo he dicho en ningún caso, ni lo he querido decir. Lo que digo es que entre todos, la suma de los esfuerzos de todos en la prevención ayudará a que las cosas vayan mejor, es lo único que he querido decir y lo digo con claridad.

Y le voy a recomendar una cosa: si la Xunta de Galicia no tiene correctamente adecuados sus viales, yo le insto a usted a que le pida a la Xunta de Galicia que cumpla con la obligación que tiene, igual que yo le pido a ustedes que cumplan con la obligación que tienen, en ningún caso digo que la Xunta sea perfecta en este caso. Si no lo hacen, usted debe instarles a que lo hagan. Ahora sí, presidente, voy a acabar, porque no vaya a ser que me ya vuelva a decir. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición dun plan sectorial para o monte galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O verán de 2022 xa é o peor verán en canto a superficie queimada dende aquel negro verán do 2006. Aínda con todo setembro por diante, son xa 43.000 hectáreas calcinadas pola vaga de lumes que vimos sufrindo, cos dous maiores incendios documentados da historia de Galicia, os vividos no Courel e en Valdeorras, con 11.100 e 10.500 hectáreas queimadas respectivamente

A provincia da Coruña está sufrindo tamén con intensidade esta vaga de lumes. O incendio do Barbanza, iniciado en Boiro, e que afectou tamén aos concellos da Pobra do Caramiñal e de Ribeira, comezou a primeira semana de agosto e estivo activo sete días. O lume arrasou con 1.593 hectáreas de monte raso e outras 607 de arborado, 2.200 hectáreas en total, máis superficie que a queimada en toda a provincia da Coruña durante todo 2020 producindo desaloxos temporais de poboación e a evacuación do cámping Ría de Arousa con máis de 700 persoas afectadas. Ademais deste gran incendio, son varios os lumes que afectaron e ameazan á provincia, con focos próximos a núcleos urbanos e grandes poboacións, como o sufrido na Zapateira e Elviña na cidade da Coruña.

As consecuencias humanas e medioambientais son terribles. Espazos de importancia ecolóxica calcinados, afectación a superficies de uso humano ou produtivo e a dor causada a todas as vítimas directas ou indirectas son dificilmente calculables e reparables. Aínda así, cómpre traballar dende as institucións públicas para atopar as causas primeiras e poñer en marcha políticas públicas efectivas de prevención e reparación.

Xa ninguén debería dudar da relación directa entre a emerxencia climática e

algunhas das catástrofes naturais que asolagan o noso planeta. O mes de xullo deste ano foi, segundo a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), o mes máis cálido do Estado español dende que existen rexistros. As temperaturas extremas sumadas a un dos meses máis secos da serie histórica medida son consecuencia directa do mal chamado cambio climático, que máis que cambio, é unha verdadeira emerxencia climática á que debemos atender con urxencia e firmeza. Son innumerables os estudos, revisións e informes científicos que alertan sobre o impacto da emerxencia climática na vida humana, entre outras causas, polo aumento de fenómenos meteorolóxicos extremos.

O Informe Cambio Climático 2022: impactos, adaptación e vulnerabilidade advirte de que se precisan actuacións “inmediatas e profundas” para frear unha perspectiva aínda evitable pero perigosa: o dun futuro inhabitable. O informe advirte sobre os perigos e riscos para a biodiversidade, a vida humana e as migracións sociais e económicas derivadas nas que nos veremos envoltos e que xa estamos comezando a padecer se non se toman medidas urxentes. O IPCC ou Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático, foi gañador do premio Nobel da Paz en 2007 e leva décadas publicando informes realizados polos máis prestixiosos científicos e expertos na materia.

Pero ás medidas de freo á emerxencia climática non son exclusivamente medidas macro e de necesario acordo entre a comunidade internacional. Dende as administracións locais, autonómicas e estatais precísase dedicar esforzos e recursos mancomunados á prevención e reparación das consecuencias da emerxencia climática e dos lumes que ano tras ano continúan asolando Galicia e a nosa provincia.

No que respecta ao monte galego e á prevención de incendios, a competencia directa é da Xunta de Galicia como se recolle na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Por desgraza, a Xunta de Galicia leva anos sen atender ás razóns de fondo dos incendios e poñendo parches insuficientes a cada vaga de lumes. Faltan políticas estruturais contra a emerxencia climática. Faltan políticas ambiciosas de ordenación e custodia do territorio, unha política forestal e agraria que atendas as necesidades do país, atendendo e que aposte pola vexetación máis húmida, polos usos mixtos, forestal e gandeiro, por unha paisaxe en mosaico e por uns bosques autóctonos, que sabemos arden menos que os monocultivos extensivos de eucalipto que tanto lle interesa fomentar á Xunta de Galicia. Falta unha política pública eficaz de apoio á poboación e á economía rural, xa que sen investimentos fortes e decididos no rural a despoboación complica a prevención. E faltan políticas públicas decididas para dotar ás brigadas de incendios recursos económicos, materiais e humanos que se precisen para lograr frear os incendios

É cuestión de prioridade e dedicación, hai exemplos dabondo de políticas públicas estruturais efectivas que reducen comparativamente os incendios respecto á Galicia. Só compre vontade política e interese.

Afortunadamente, este desinterese polo monte galego non pasa desapercibido. A Plataforma Por un Monte Galego con Futuro, da que forman parte decenas de asociacións ecoloxistas do país, denunciou este agosto ante a Fiscalía e a Valedora do Pobo o desleixo do goberno da Xunta de Galicia ante a vaga de lumes que teñen producido graves efectos nos montes e ecosistemas de máis valor de Galicia. A denuncia, enfocada na inacción da Consellería de Medio Rural pide que se investigue

en profundidade a actuación do goberno galego na prevención e extinción dos incendios forestais para o esclarecemento das responsabilidades penais. Recollen na denuncia a inexplicable baixa execución do Plan de prevención de incendios forestais presentado o 5 de maio de 2022 por Alberto Núñez Feijoo, cun orzamento de máis de 180 millóns de euros.

Tanto na denuncia da Plataforma Por un Monte Galego con Futuro como as centrais sindicais e o persoal afectado denuncia unha falta de medios técnicos, materiais e de persoal que impide un traballo normal para quen trata de frear o lume ano tras anos. A precariedade estrutural do sector é sen dúbida unha das principais responsables da situación, contratos temporais e de moi pouca duración imposibilitan un traballo de prevención e preparación completo para os meses do verán. Sumada a esta precariedade, as centrais sindicais denuncian a falta de contratación de máis persoal, e unha necesaria renovación e incremento de medios técnicos e materiais para a prevención.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar a súa solidariedade con todas as persoas afectadas pola vaga de lumes deste verán. Neste senso, instar á Xunta que as axudas destinadas ás persoas afectadas cubran o 100% dos gastos de construción, reconstrución e de recuperación dos medios de vida afectados.
2. Instar á Xunta de Galicia a deseñar, en colaboración cos concellos e cos axentes sociais implicados -sindicatos agrarios, comunidades de propietarios, universidades- un plan sectorial para o monte galego que contemple as necesarias medidas de ordenación, planificación e custodia do territorio, baseado na prevención do lume, nos aproveitamentos mixtos e na promoción das especies autóctonas.
3. Instar á Xunta que active un plan de axudas para prevención (erosión, arrastre etc) das consecuencias inmediatas do lume dos territorios afectados.
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia."

Sr. Presidente

A outra moción, presentada polo Grupo do Partido Popular, para loitar contra a ocupación ilegal e mellorar a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para loitar contra a ocupación ilegal e mellorar a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España e continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

A vivenda protéxese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación (okupación, como popularmente coñécese a estas accións ilegais), tanto desde a perspectiva penal como civil e administrativa. A ocupación, en efecto, é a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilegítima e ilegal, en contra da vontade do propietario ou posuidor con título ou dereito.

O Código penal contén, en primeiro lugar, o delito de usurpación no artigo 245 CP, como medida evidentemente desalentadora do movemento da denominada ocupación (en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 720/2018, do 13 de decembro de 2018).

Esta resolución tamén indica que concorrendo espazos de protección superpostos a vivenda protéxese na vía civil a través dos procesos sumarios de protección do dereito real rexistrado (art. 250.1.7 LAC en relación co art. 41 LH), interdictales (art. 250.1.4 LAC en relación co 446 CC) ou do desafuzamento por precario (con forza de cousa xulgada, e por iso con plenitude de coñecemento e medios probatorios, relativo ao ámbito posesorio de cuxa recuperación trátase), con fundamento no dereito á posesión real do titular, coas consecuentes facultades de exclusión e de recuperación posesoria, derivados do CC e da LAC (sen que poida opoñerse a posesión clandestina e sen coñecemento do posuidor real que, conforme ao art. 444 CC non afectan á posesión).

A defensa contra actos que perturben a posesión dun inmovible destinado a vivenda que se contén no mencionado art. 250.1.40 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, foi modificado pola Lei 5/2018, do 11 de xuño, con resultados moi positivos en canto ao acortamento de prazos e agilización de procedementos, cun tratamento especial do xuízo verbal para o exercicio do interdicto de recobrar a posesión, permitindo pedir a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viu privada dela sen o seu consentimento a persoa física que sexa propietario ou posuidor legítimo por outro título e as entidades sen ánimo de lucro con dereito a posuír a vivenda e as entidades públicas propietarias ou posuidoras legiestafas de vivenda social.

En terceiro lugar, a vivenda protéxese administrativamente a través da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá na que se recolle como infracción leve no art. 37 do seu texto a ocupación de calquera inmovible, vivenda ou edificio alleos, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre o mesmo, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito á vivenda (que é un principio reitor do art. 47 CE) e o dereito á propiedade privada sen esquecer a función social determinada legalmente desta (que é un verdadeiro dereito contido no art. 33 CE, no Capítulo Segundo do Título Primeiro, referente aos dereitos e liberdades, que se sitúa entre os dereitos e deberes dos cidadáns da Sección 2.a).

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión legiestafa e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección

efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben jurídico a protexer que ata o de agora non tivo debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma prodúcese comportando unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor legítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento jurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalaron os ocupantes ilegais. Ás veces por ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que se conviven con títulos jurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento jurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso ha de unirse un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, había quedado ata o de agora sen mención jurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de flagrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos para que se poidan tomar medidas cautelares; así como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinar beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

Así como deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un okupa non se lle desafiuzar, desalóxaselle, e ao vulnerable protéxeselle, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún destes dous casos.

Por iso, o Grupo Popular da Deputación da Coruña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Deputación insta o Goberno da Nación a que proceda a:

1. Modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código penal para endurecer as penas en caso de ocupación da vivenda ou inmovible, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.
2. Incluír novas medidas procesuais na Lei de Xuizamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovible co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viron privados da mesma sen o seu consentimento. Proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.
3. Modificar a Lei 49/1960 sobre propiedade horizontal para que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
4. Incluír un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de

Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

Así como solicitar que esta inscrición considérese nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os Concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tivesen coñecemento diso.

5. Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas.

Así mesmo, acorda dar traslado desta moción ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Xustiza, á Ministra de Transporte, Movilidad e Axenda Urbana, así como aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais, e á Xunta de Goberno da FEMP.

Sra. Gallego Neira

Bueno, muy buenos días a todos. Yo voy a ser breve, voy a hacer un resumen de la moción a ver si así recuperamos el tiempo perdido.

En los últimos años ha aumentado el fenómeno de la ocupación ilegal de viviendas por parte de las mafias en España y ha continuado el incremento de las denuncias por allanamiento y ocupación de domicilios según el Ministerio del Interior. La vivienda es verdad que se protege en el ordenamiento jurídico español para evitar la ocupación, pero está claro que, con los datos que tenemos, pues no es suficiente. El ordenamiento debe ser adaptado y mejorado para permitir una protección efectiva de los titulares de los derechos y además ha de tener en cuenta un bien jurídico a proteger que hasta ahora no ha tenido la debida consideración, que es la convivencia vecinal pacífica y respetuosa en aras de la seguridad de las personas y de las cosas. Se trata de situaciones muy comunes en las que la ocupación de una vivienda de manera ilegal se produce llevando consigo una alteración de la convivencia vecinal, es decir, no se entiende únicamente perturbado el derecho del propietario, sino también que se provoca una inseguridad en los vecinos no solo del edificio, sino de los comerciantes y en barrios enteros. Lo estamos viendo todos los días, porque se realizan actuaciones prohibidas, peleas, trapicheos, etc.

Las consecuencias –como ya he dicho– son no solo para la propiedad, sino para la seguridad que tienen estas situaciones de ocupación y deben ser corregidas desde todos los ámbitos: legislación penal, legislación civil y legislación administrativa, que es lo que nosotros proponemos.

En definitiva, asegurar el desalojo inmediato de la vivienda ocupada en caso de que la situación sea de flagrante delito y, en caso de que no lo sea, en 24 horas por parte de la policía; recuperar el delito de usurpación de bienes con penas de entre 3 y 5 años para que se puedan tomar medidas cautelares; así como la imposibilidad de que se puedan empadronar y tener acceso a determinados beneficios, y endurecer las penas en caso de que se trate de mafias organizadas, así como deslindar con claridad, y esto es importante, las situaciones de vulnerabilidad o exclusión social por motivo de vivienda y la protección de las familias en situación de emergencia social

con el fenómeno de ocupación ilegal por parte, como ya decía, de estas mafias o de personas conflictivas.

A un okupa no se le desahucia, a un okupa se le desaloja, y la vulnerabilidad se protege, pero se tiene que proteger desde las administraciones y no por parte de los particulares, que, obviamente, no tienen culpa de que las administraciones no hagan su trabajo.

No vamos a aceptar la enmienda socialista porque yo creo que, con los datos que se maneja y que después comentaré, hay que dejarse de comisiones de estudio, porque yo creo que el tema está más que estudiado y hay que trabajar, hay que ponerse manos a la obra y aprobar, al señor Sánchez le encantan los reales decretos, pues el competente obviamente es el Gobierno. En todo caso, nos da igual el Parlamento, que instar al Gobierno, pero lo que no podemos aceptar es una enmienda de sustitución en la que planteamos en una moción puntos muy concretos por un nada, una comisión que no lleva a ninguna parte. Gracias.

Sr. Lema Suárez

Eu debo confesar que a primeira vez que lin esta moción do Partido Popular levei unha alegría; dixen eu: está o Partido Popular propoñendo modificar unha lei de 1960 do franquismo. Dixen, caramba estamos aquí ante un Partido Popular case, case nun acto de memoria histórica ou algo así, ou sexa, o Partido Popular modificando a lexislación franquista. Claro, modificándoa para endurecela. Eu creo que despois xa vin que a cousa non ía por aí, que a miña alegría era infundada, claro.

Están vostedes propoñendo endurecer as condicións de protección da propiedade privada da Lei horizontal de 1960 do franquismo, coidado! Ou sexa, que nada menos. Parten vostedes dun suposto incorrecto, que non é a proliferación ou non proliferación da dinámica de ocupación de vivenda –que creo que desde logo é algo que responde a intereses políticos, xa falaremos diso máis adiante–, senón que a propiedade privada, a vivenda está desprotexida na lexislación, e iso é completamente falso, está moi protexida, está moi protexida, existe o desaloxo express nas seguinte 24 horas a que se denuncia unha ocupación. Por tanto, como, non sendo isto certo, non sendo certo que estea desprotexida a vivenda na lexislación, a propiedade da vivenda na lexislación, protexida desde os 60 –insisto– que ten aí quen firmou esa lei foi nada menos que Franco en persoa, entón, o que temos é que aquí o que hai –creo– é unha vontade de desviar o problema da vivenda cara a outro lugar, que é cara á cuestión da defensa da propiedade fronte a unha ameaza enorme, supostamente, que é a da ocupación, cando o problema que temos de vivenda é o de acceso á vivenda, temos un problema de acceso á vivenda enorme, un problema de acceso á vivenda que está ademais garantido ou recollido na Constitución española como un dereito, aínda que non estea por suposto desenvolvido mediante lei orgánica. Pero o que si hai son responsabilidades políticas sobre este tema.

E, falando das cuestións que nos ocupan aquí en Galicia, onde a Xunta ten atribuídas competencias en materia de vivenda, xa tivemos aquí ademais algún debate sobre esta cuestión con anterioridade, atopámonos con que o nivel de promoción de vivenda pública en Galicia é irrisorio. Dous datos por si mesmo clamorosos, son tan clamorosos que parecen mentira; ou sexa, que os fun comprobar

ás contas oficiais para ver se son así: no ano 2009 construíronse 2.000 vivendas de protección oficial pública en Galicia; no ciclo 2016-2017, 9 vivendas, 9 vivendas; o 0,17% do total do Estado. Claro, aquí xa nos atopamos, pasamos da ficción, desas supostas mafias unha vez máis que veñen ocupar a vivenda pública, que insistimos en que non negamos que exista, pero que é unha cuestión residual e que a vivenda, a propiedade privada conta cunha altísima protección na lexislación española, vimos desviar o foco cara a aquí da responsabilidade propia que temos non dando, non poñendo no mercado, non regulando o mercado de aluguer e tampouco facendo a vivenda pública que corresponde facer. E ademais o que din os datos é que a evolución neste sentido da Xunta de Galicia é catastrófica. Estamos falando dun rexistro de demandantes de vivenda de 15.000 na Xunta de Galicia; no ano 2020 construíronse 81 vivendas de protección oficial, e ten unha porcentaxe de execución do orzamento que non chega nin ao 40%. Entón, pasemos desa, eu creo que moi ben construída ficción política do medo, sempre é moi eficaz apelar ao medo, todo o mundo por suposto ten unha vivenda e ten medo a que lla rouben ou a que lla ocupen, pasemos diso a algo que é a responsabilidade nosa, ou sexa, que é responsabilidade política, que non é construír un relato estremecedor ou de película de terror de que nos van ocupar a vivenda, senón que é a deixación das políticas públicas de vivenda neste país, onde o parque inmobiliario, o sector inmobiliario se construíu politicamente, ou en termos de política económica, veu substituír a nivel de investimento aqueles recursos que debería ter consumido a industria nun país normal. Neste país a industria desaparece, desaparece no proceso de conversión industrial de anos 70, anos 80, e é o parque inmobiliario o que se converte no gran negocio. Todo iso teoricamente demostra a súa ineficacia co estoupido da burbulla no 2006, pero, pouco a pouco, entendemos que se vai recuperando o sector e que volvemos crear discursos sobre este tema.

Non quero estenderme tanto no meu expositivo, nós imos votar en contra. Dicar que a vivenda está moi ben protexida, moi protexida na lexislación; que o problema que temos é un problema de acceso á vivenda de xente que ten vontade de pagala, vontade de pagar a hipoteca, vontade de pagar o aluguer, pero que non pode porque non hai vivenda dispoñible; e que as administracións públicas, nomeadamente a Xunta de Galicia, ten competencias e ten tamén recursos para atallar esta situación.

Sra. Muíño Filgueira

Este non é nin moito menos un debate novo e eu penso que, por responsabilidade, cómpre ser pedagóxicos, verdade? É verdade que estamos sometidos a un bombardeo constante arredor da realidade das ocupacións ilegais de vivenda que podería facer sentir ou percibir á poboación xeral que está en constante perigo de que ocupen a súa vivenda, cando os datos obxectivos din que non é así, que a incidencia destes delitos é bastante minoritaria. Falamos, por exemplo, dun 0,14% de afectación a vivendas en Galiza.

Polo tanto, ante unha problemática, que non é nin moito menos maioritaria nin atinxe á maioría da poboación, resulta chamativo esta insistencia. Tamén si que é verdade que aí hai que parabenizar a persoa que redactou a moción, na que si se mestura de xeito moi intelixente o que son delitos que están tipificados, recollidos e con consecuencias ben definidas na lexislación e que, polo tanto, non deixan lugar a dúbidas da protección da primeira vivenda, da segunda vivenda, e na que se recolle que estas son actuacións ilegais ante as que hai xa actuacións ben definidas, pois

aquelas cuestións que teñen que ver cos problemas de convivencia. Si que é verdade que onde se concentran este tipo de actividades, case sempre vivendas baleiras, infravivendas sen servizo en moitas ocasións, poden darse problemas importantes de convivencia, pero sempre vinculados a actividades que son consideradas á súa vez tamén ilegais. Facía referencia a Sra. Gallego coa palabra trapicheo. Efectivamente, actividades vinculadas a narcotráfico e actuacións violentas tampouco se corresponden con cuestións que non estean tipificadas.

Pero a cuestión é que, por un lado, estamos falando de actuación de mafias, que é unha actuación ilegal que ao que se dedican é a manipular e a aproveitarse de persoas que están en situación altamente vulnerable, con severas dificultades para acceder a unha vivenda. Estamos falando de que estamos nun momento económico no que as familias están altamente penalizadas pola inflación, na que os prezos da vivenda non baixan, na que os alugueres están polas nubes, no que cada vez vai ser máis difícil afrontar estes custos da vivenda e no que, sen embargo, queremos poñer o foco novamente nunha realidade que é bastante minoritaria e deixamos de lado os datos preocupantes, efectivamente, de numerosas persoas que están á cola de solicitude de vivenda pública e non se constrúe nin se pon á disposición esta vivenda pública, ou de persoas que se van enfrontar a dificultades severas para manter o custo da súa vivenda ou tan sequera acceder a unha vivenda en situación digna.

Entón, parece certamente perverso utilizar este discurso, desviar a atención de onde realmente está o problema vinculado á vivenda e, por outro lado, o perigoso que parece magnificar este problema coa conseguinte desinformación e preocupación un pouco dirixida á poboación xeral.

E, polo tanto, evidentemente, o noso voto non vai ser favorable.

Sr. García Seoane

Eu teño utilizado en máis dunha ocasión, desde que hai democracia, unha comparación odiosa pero real, do franquismo. Sempre digo que o franquismo na súa última etapa fixo máis vivendas sociais que en toda a democracia española. E iso lamentablemente é triste, é triste. En corenta e pico de anos de democracia que levamos non se fixeron as vivendas que o franquismo fixo nos últimos dez anos da existencia desa ditadura tan horrible para España.

Entón, claro, un ve estas cousas e di: pero en que país estamos?, por que loitamos?, que lle dicimos á xente na rúa? Pois dixémoslles cousas que non cumprimos, porque tanto monta, monta tanto, tanto dá que governe o PP como o PSOE en Madrid ou en Santiago, porque as políticas de vivenda se foron ao tacho. Neste momento todos os que estamos aquí sabemos que non hai política de vivenda en Galicia nin no Goberno español. Neste momento preténdese aprobar unha lei onde que constrúan os promotores, que non o Estado, que constrúan os promotores e que fagan vivendas de alugueiro por 50 anos. Non vai haber un promotor que faga vivendas de alugueiro porque non vai tirar os cartos que gañou co seu traballo. Por tanto, quen ten que facer as vivendas de alugueiro, quen ten que axudar as familias que non teñen casas? O Estado, porque vén na Constitución, vén na Constitución: "Todo ciudadano tiene derecho a su vivienda", que é tamén un título moi bonito, pero que hai que levar á práctica despois. Pero se non llelo podemos dar a todos, podémosllelo dar a algúns, a bastantes, se se fixesen políticas... Eu fixen unha

política de vivendas de protección no concello de Oleiros, con esas parcelas que me tiñan que entregar os promotores das urbanizacións, eu fixen 752 vivendas, desde que estou no Concello, de protección social, e adxudicáronse a familias que tiñan menos recursos, non se lle adxudicaron a ningún rico, a familias que tiñan menos recursos. Por tanto, non hai neste país políticas de vivenda, e as que neste momento se están debatendo, que non se atreven a sacalas adiante, porque a promoción, os empresarios non están de acordo. É dicir, eu non lle vou a substituír a vostede, que é vostede quen ten a obrigaón, pois resulta que nos encontramos con que hai unha cantidade de persoas...; que hai que separar cando falamos de ocupación, hai que separar, que é ocupación? Ocupación é unha familia que está nunha casa alugada e porque lle viñeron todas do revés non ten para pagar, esa é unha ocupación? Non é unha ocupación. A iso hai que buscarlle unha solución desde a Administración, desde os concellos, desde a Xunta, colaborando con esa familia para que poida pagar durante un tempo esa renda e que non o boten á rúa nin a el nin aos seus fillos. Iso non é unha ocupación. Ocupación son as mafias asquerosas, consentidas, toleradas polos tribunais, polos tribunais, que non fan nada ao respecto, aplican a lei cando lles dá a gana, e tamén polos políticos.

Entón, aí eu creo que non hai un concello que estea na periferia dunha cidade que non teña vivendas ocupadas. Iso é moi grave, porque unha familia que traballou toda a súa vida e ten unha casa e veu o seu pai, herdouna e el está noutra e quedalle esa casa e que lla ocupen, cando esa casa é del, iso é un delito flagrante, e iso non se pode consentir, iso é unha ocupación. A eses había que collelos ao momento de entrar na casa, entrar alí, meterlles unha cadea, arrastralos para fóra e metelos no cárcere. Iso é o que hai que facer, contra todo este tipo de xentuzza que está vivindo do medo dos cidadáns que neste momento están empezando a ter moitísimas familias, moitísimas familias. Agora xa ninguén se atreve a alugar nada por esas campañas que hai, e resulta que hai familias que queren alugar, que son traballadores, que son inmigrantes, que van pagar, que non teñen ningún problema, pero ninguén lles aluga, e ninguén lles aluga porque teñen medo, din: eu prefiro ter a vivenda baleira antes de que ao final se me ocupe. Pero é que realmente o que lla ocupa vén despois, o que lla ocupa vén despois cando se entera de que esa vivenda está baleira.

Por tanto, hai unha demagoxia tremenda na política, tremenda, e non se pode seguir por estes derroteiros. España necesita de vivenda de protección. Hai familias que non son ricas, nin son adiñeiradas, nin teñen ingresos como para permitirse facer un chalé en Oleiros ou un piso en calquera outro lugar da comarca. Hai familias que necesitan vivir cun teito, e iso é o que temos os políticos a obrigaón de mirar.

Por tanto, temos que atacar as mafias, temos que dicirlle ao Goberno da nación e á comunidade autónoma que hai que cambiar urxentemente as leis que avalan estes delincuentes, que avalan estes delincuentes que se apropian do alleo e que lles fan a vida imposible a moitas persoas. Había que ver, eu vino recentemente, nós estes días, onte fomos a unha ocupación e resulta que están aí, metéronse dentro da casa, xa se meteran noutra casa na Ponte Pasaxe, piden cartos, “se vostede me dá 3.000 € eu marcho mañá”. Pero a onde chegamos? A onde chegamos? Extorsionando o dono... E seguro que cando lle deixei a casa lla vai deixar feita uns farrapos, e a quen lle vai pedir o arranxo? É que algo moi grave está pasando neste país e temos que deixarnos de facer políticas de campanario, políticas demagóxicas, e que soan ben aos oídos e facer políticas serias en defensa dos cidadáns. Iso é o

que temos que facer e deixarnos, xa digo, eu vou votar esta moción. Hai matices nesta moción en que eu non estaría de acordo pero eu vou votala.

Porque, por outro lado, temos, o Sareb, que é o Sareb?, o banco malo, o banco ao que lle pagamos nós, o Estado español pagoulle a ese banco todas as hipotecas que había sobre eses terreos, e son vivendas. Eu teño un edificio no Seixal, de 30 e tantas vivendas, está en ladrillo, leva 10 anos, desde o 2008, 11 xa, leva uns anos aí, estase deteriorando totalmente. Por que non se fan políticas da Xunta neste caso, ou desde Madrid ou ambos os dous, para que esas vivendas que están aí se acaben, porque xa se pagaron, se acaben cun gasto engadido e se poñan a uso dos veciños? Está Carral, que ten..., a metade das vivendas do centro de Carral están desocupadas e destruíndose, as que están pegadas ao campo da festa non hai máis que ir por alí e ver como se están destruíndo, como están caendo as ventás de edificios recentemente feitos, que non levan 8 anos feitos.

Claro que hai políticas que facer, claro que se poden fai moitas cousas. E ademais é que xa gastamos os cartos. Sacarlle ao Sareb, porque que fai o Sareb?, o Sareb agora o que colle, busca aquilo que está menos mal busca alguén e regálallo a un prezo e enchen os petos uns cantos e punto, e o resto vai quedando todo por aí. E iso é o que hai que atacar, hai que atacar os delincuentes, atópense onde se atopan.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Nós lamentamos loxicamente que non se acepte a nosa proposta de emenda, que me sorprende que a voceira do Partido Popular diga que isto está suficientemente estudado e que esta proposta que un estudo que non é nada. Sobre todo tendo en conta algún dos acordos que se propoñen na moción; primeiro porque o dereito de usurpación xa está contemplado no Código penal actualmente, existe no Código penal, se mal non recordo creo que é o 245 o artigo.

Fala tamén de modificar a Lei de propiedade horizontal para que se habilite as comunidades de propietarios como persoas xurídicas, algo que moitos xuristas precisamente, maxistrados, de feito podo ler aquí varios dos que recollín as súas declaracións, e están totalmente en contra. Podo ler o argumento que dá algún deles por se o queren ter vostedes máis claro. "Por tanto, reitero mi postura totalmente contraria" –este é o maxistrado dun dos tribunais de Madrid– "a que la Comunidad de Propietarios tenga facultades para actuar, pues no hay base legal alguna y no se puede pasar responsabilidad a las mismas para llevar a cabo una acción de este tipo cuando el titular ocupante de la vivienda no lo hace, que es el único que dispone de facultades para ello, bien por vía penal o bien por vía civil. En definitiva, que la comunidad no tiene ni puede tener legitimación, capacidad y competencia por el mero hecho de que en un piso haya okupas, ya que no puede alegar el mencionado allanamiento de morada y que se aplique el Código penal –artículo 202 y otros concordantes–, pues desconoce realmente la conexión con la propiedad y no tiene facultades para ello, salvo que, como he dicho antes, la actividad de los residentes en el piso sea contraria a los estatutos, dañosa para la finca y que contravenga las disposiciones generales sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, peligrosas o ilícitas, como establece la ley". Pero de ningunha maneira se pode cargar a comunidades que lleven ningún proceso directamente que tenga que ver con el uso

do piso do local, sobre todo porque hai estudos, e os propios maxistrados o din tamén algún que teño por aquí, que na maioría dos casos en que non se actúa é porque son propiedade dos bancos, e son os propios bancos os que non actúan. É dicir, a lei xa establece mecanismos para que se poida desaloxar, pero o propio banco, porque non quere gastar, e, como dicía o Sr. García Seoane, a moitos deles os pisos lles caeron regalados, pois prefire non investir. Pois non podemos cargar ás comunidades.

Despois outra cousa na súa moción que me chama a atención, o seguinte punto que fala de incluír un novo apartado no cuarto artigo 18 da Lei 7/1985, de abril, das bases de réxime local, para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal. Home, eu son alcalde, non sei o resto dos que están aquí, pero poderanme corrixir: no meu Concello non empadroamos ninguén en ningunha vivenda se non ten autorización do propietario. Non sei, Calvelo ou algún dos que estades por aquí sentados, se nos vosos concellos empadroades xente nunha vivenda; non estou a falar desa modificación legislativa que permite que alguén se poida empadroar debaixo dunha ponte ou nunha chabola, digo nunha vivenda. Nun concello, se non tes autorización do propietario asinada, non se empadroa ninguén, polo menos no meu, e non creo que sexa o único. Por tanto, non sei esa información que loxicamente acaba desembocando neste punto que inclúen vostedes aquí de onde sae.

Por tanto, á vista de que polo menos hai un par deles ou tres que non se corresponden moito coa realidade e que poden estar incluso equivocados, penso que si que sería necesario ese estudo que propoñemos, sobre todo tendo en conta que é unha cuestión moi complexa, e, como dicía o Sr. García Seoane, que aínda que apoia a moción, daba un argumento que é verdade, é dicir, hai moitos casos e moi diversos, hai moitas variantes dentro da ocupación das vivendas, moitas e moi distintas. Os propios xuristas din que a maioría dos casos non son unha ocupación dunha vivenda en que ti saes a facer a compra e de repente aparece unha familia alí dentro. Eses son os menos, cóntanse. É dicir, que pasa?, loxicamente, son os que ten máis repercusión nos medios porque non estamos habituados a ese tipo de prácticas, pero non son a maioría delas, ao contrario, son unha minoría, de feito. A maioría de ocupacións son de pisos baleiros, como dicíamos antes, moitos deles de promoción que quedaron abandonadas. En todo caso, iso non quere dicir que esteamos defendendo a ocupación. O que estou a dicir con isto é que hai moitas realidades moi distintas que merecen dunha reflexión moi máis profunda desta problemática, e sobre todo partindo tamén de algo que comentaba o voceiro da Marea, que é o dereito da xente a ter unha vivenda, e unha vivenda digna, sobre todo nun país no que temos moitas baleiras, como ben dicían antes, que foron a parar ao Sareb con todo o que iso conleva e que acababan de explicar.

Polo tanto, nós cremos que este é un tema o suficientemente transcendente como para que non se aprobe unha moción que ademais inclúe cuestións que creo que non se corresponden coa realidade, como estas que acabo de nomear, e que entendiamos que ten que ser o Parlamento, nesa comisión que se constituía, na que, con expertos na materia e con todas as partes afectadas, se poida estudar máis polo miúdo.

Hai un artigo tamén que saía en *El País* recentemente no que se cita outro maxistrado, non lembro o nome, pero podo buscalo tamén por aquí, se non, dóllelo despois, hai unha serie de preguntas e pon:

- "Se puede echar a alguien que se mete en tu casa?"

- “Es inmediato”, contesta o xuíz.
- “Son posibles esos casos que salen en la tele de alguien que vuelve la casa y se encuentra con gente dentro?”.
- “Son muy raros; aunque se presenten como habituales, la realidad es que la inmensa mayoría de las ocupaciones son en pisos vacíos, muchos de ellos de bancos y entidad jurídicas donde la justicia sí tarda más, pero no crean alarma social, salvo si son ocupantes conflictivos”

De hecho, la proposición de ley del PP, de julio de 2020, en el que se centra es en facilitar el desalojo en esos casos, porque lo otro, echar un okupa de la casa habitual o de una segunda residencia ya es inmediato con una ley de desalojo exprés de 2018 aprobada precisamente por el PP y Ciudadanos, que dejaron en esa ley fuera del texto los pisos vacíos de los bancos.

Por tanto, xa existen mecanismos aprobados polo seu propio partido no seu momento para poder realizar neste caso concreto do que estamos a falar de residencias habituais ese desaloxo express.

Por tanto, repito, cremos que o tema é o suficientemente importante como para que se faga unha reflexión profunda sobre o mesmo e se adopten medidas e non se traian mocións a golpe de titular e de meterlle o medo á xente no corpo. Efectivamente, magnificando o que é unha realidade, que existe pero magnificándoa, algo que nós non compartimos e por tanto, se non se acepta a nosa emenda, que comparte o fondo da moción e o interese por que se poida regular mellor, pero non a forma, loxicamente non poderemos votala.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Vamos a ver, no se trata ni de meter miedo ni de legislar a golpe de titular. Es que los titulares están ahí, esa es la realidad que hay. Es que yo hablando de A Coruña: Mallos, Barrio de Las Flores, Falperra, calle Barrera, la Gaitera, la Zapateira, que encima los okupas, mafias, se hacían vídeos en tremendos chalets y los ponían en redes sociales. O sea, estamos hablando de realidades y de realidades que ya no solo es que entren en un domicilio, claro, que el propietario vaya a juicio y que los desalojen, es que generan problemas en el vecindario: los comerciantes se quejan, los vecinos se quejan, hay peleas, hay inseguridad ciudadana, es la pescadilla que se muerde la cola, porque eso de hecho está creciendo.

Habla el señor Lema de la Ley de propiedad horizontal de Franco. Dios mío, qué obsesión! Es que ya se reformó muchas veces, la última vez en junio de este año, en junio de este año, para mejoras de la eficiencia energética.

Problema de vivienda, la Marea Atlántica, los pisitos, que lo firmó usted, no quiero volver con ese tema, pero realmente un piso, un piso.

Desviar el tema para no defender la ocupación abiertamente, que es lo que hacen subliminalmente.

Bombardeo constante decía el BNG, 0,14 por cierto de incidencia; no sé con

respecto a qué, pero bueno. Que no es una problemática mayoritaria también lo decía el señor Fernández. Y yo digo: si ustedes ahora cogen el coche o como se vayan a su casa, y llegan y se encuentran que les han ocupado la vivienda, ¿es una problemática o no lo es? Es. Si encima esa gente que ha entrado ha destrozado el portal y está molestando a los vecinos, ¿es una problemática o no lo es? ¿Habrá que solucionarla o no? La realidad es que hoy viene en el periódico, lo voy a leer. En Lugo son los vecinos los que han montado patrullas ciudadanas para conseguir echar a los okupas, a estas mafias. No hagan demagogia hablando de gente que no puede pagar el alquiler. Obviamente que hay un problema de vivienda que habrá que solucionar, la Administración, no un particular. Aquí en el Barrio de Las Flores también fueron los vecinos los que tuvieron que echar a los okupas. Entonces, no sé de qué estamos hablando.

Nosotros lo que decimos es que una persona que entra por la fuerza en una vivienda hay que echarla al momento, hay que echarla al momento. No situaciones vulnerables que hay que solucionar por parte de la Administración, no por parte de un particular. Eso es de lo que estamos hablando el Partido Popular y eso es de lo que habla esta moción, que lo deja muy, muy, muy claro...

Sr. Lema Suárez

Eu, señora Gallego, é que a parte resolutive do seu texto fai referencia a unha Lei orgánica 49/1960, e non pon o apelido franquismo, pero é unha lei que se decretou durante o franquismo. Entón, non teño aquí ningunha cuestión visual, ou sexa, os que sabemos un pouco de historia quen está daquela legislando, e vostedes propoñen que se lexisle con maior dureza da que se lexislaba daquela. Non está mal, non está mal.

Cita vostede unha serie de casos de vivendas ocupadas na Coruña. Moi ben, desas vivendas que vostede cita, cantas tiñan dentro alguén vivindo?, unha familia... Cantas tiñan alguén vivindo dentro? Ningunha, ningunha, ningunha. Vale? Entón, vamos ser un pouco... Falábase aquí antes na moción anterior do lume, ningún empregou o termo demagogia. A min gustaríame saber que faría o Partido Popular se estivese na oposición ante unha vaga de incendios como a que houbo este verán en Galicia. Xa se citou antes: saír cunha manguera de xardín apagar lumes supostamente. Non fagan vostedes demagogia tampouco agora. Desas vivendas que vostede citou, que eu lamento que se ocupasen, ningunha tiña un propietario vivindo nela, ningunha, ningunha, vale? Existe, está moi protexido, está súper ben protexido de feito o desaloxo en caso de ocupación. Falábase de 24 horas, exactamente, 24 horas. Pero é que eu non teño referencia de ningunha familia que estea vivindo na súa vivenda habitual na Coruña, que vostede di, que se vise con ese problema que vostede acaba de describir.

Fala vostede en referencia aos pisitos; os pisitos de Marea Atlántica eran 6 que no caso de que se fixese eficaz a súa compra serían tanto como o 60% da promoción de vivenda pública da Xunta de Galicia no ano 2020, que foron 9 vivendas. Entón, vamos aquí poñernos un pouco serios, vamos aquí un pouco a dicir cal é a vontade política de cadaquén. Vostedes están creando unha alarma, vostedes din "ocupáronse non sei cantas vivendas". Moi ben, é certo, láméntoo moito, e hai que facer algo e crean alarma social. Non lle chamaría mafia, non, non son exactamente mafias, porque ás veces son determinados grupos étnicos, determinados problemas

que hai detrás que non son exactamente mafia, porque mafia entendo que son grupos organizados cunha finalidade determinada. Eu creo que non é exactamente iso, pero non pasa nada, é un problema e hai que recoñecelo. Pero non é o caso que vostede expón, non é a vivenda habitual de alguén o caso que vostede expón.

O que si hai é unha absoluta deixación de funcións da Xunta de Galicia a este respecto. Comentaba antes o compañeiro García Seoane a cuestión da Sareb que foi aquí de batida. Caramba! aí temos milleiros, centos non, ducias de milleiros de vivenda pública desocupada no país que por que non está posta no mercado? Iso é algo que di a Constitución española. Agora ben, a vivenda que é?, un ben ou un dereito? As dúas cousas, pois haberá que garantir as dúas. Vostedes están moi ocupados, moi preocupados pola vivenda como ben, preocúpense un pouquiño pola vivenda como dereito porque, ademais de ser un ben, tamén é un dereito. Entón, non fagan demagogia con esta cuestión, vale? Nós non a fixemos no capítulo anterior, creo que iso nos dá lexitimidade para pedirilles a vostedes que non a fagan agora.

Sr. Fernández Piñeiro

Adolfo Carretero, maxistrado titular do Xulgado de Instrución número 47 en Madrid: “Es mentira que no se pueda actuar. Si el dueño presenta el título de propiedad, es en el acto desalojo cautelar y en el juicio ya se verá”. É dicir, o que comentabamos antes, nós non negamos que haxa esa realidade, pero hai que saber en todos eses casos que vostede citou, cantos deles foron denunciados polo propietario? É que o problema é que eses veciños que teñen que actuar, é verdade, moitas veces para desaloxar eses okupas o fan porque o propietario non actúa, porque moitas veces os bancos, que son propietarios de moitas desas vivendas, non denuncian e non utilizan os mecanismos que a lei pon ao seu dispor para poder executar ese desaloxo.

Por iso dicimos que hai que fiar un pouco máis fino; é dicir, hai moitas variables moi distintas, e loxicamente pode haber casos nos que alguén que teña unha segunda vivenda e que non sexa un banco e que se lle metan dentro e non os dea botando ou que os boten e volvan entrar?, seguramente tamén. Incluso haberá algún caso, aínda que sexa mínimo, porque todos os xuristas, os que polo menos todos os que puiden mirar a través de Google, recoñecen que son casos puntuais, pero alguén que sae da súa casa e se poida meter a alguén dentro cando chegue outra vez a ela, pois efectivamente, como iso tamén pode ser unha realidade por mínima que sexa, nós propoñemos que se estude ben o problema e que se lexisle acorde a cada un deses casos. A súa proposta non nos parece que vaia nese senso. Dános a impresión de que a proposta está moi ben para cubrir o expediente pero que non vai solucionar en ningún dos casos o problema, porque volvemos ao mesmo: se non denuncia o propietario e non hai base legal para que o faga unha comunidade de propietarios, pois imos ter bastantes problemas para poder chegar ao fin que todos e todas perseguimos, que é que aquelas mafias que poidan ocupar unha vivenda sexan desaloxadas. Porque é verdade que hai que ver, e despois imaxínome que vostedes tamén terán matices, entre unha familia que ocupa unha vivenda, como dicía García Seoane, que non ten capacidade para pagar un alugueiro, e aquel que se mete ou que é unha mafia, ou como ese vídeo que seguramente vimos todos e todas, que pagou 2.000 € por unha chave e quedou cunha casa. Bueno, pois iso loxicamente non se pode consentir. De aí que a nosa proposta vaia no senso de que, entendendo o fondo da súa moción e compartíndoo, deberíamos ser un pouco máis rigorosos e por

tanto basearnos nun estudo moito máis profundo para poder adoptar decisións que sexan o máis xustas e o máis eficaces posibles, que creo que a proposta que vostedes traen a pleno non o é.

Nada máis moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (13 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 15 deputados/as (11 do PSOE, 3 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Seguinte moción, dos Grupos Provinciais PSdeG e BNG en defensa da frota pesqueira e da pesca de fondo galegas.

3.Moción dos Grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG en defensa da frota pesqueira e da pesca de fondo galegas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é a primeira rexión pesqueira europea, é máis, a importancia da pesca transcende ao seu impacto económico como actividade clave para o desenvolvemento do país, pois constitúe tamén un elemento da nosa identidade.

Como demostrou a crise da COVID-19, trátase dun pilar esencial para garantir a soberanía alimentaria.

En termos xerais, a frota galega representa ademais case a metade de toda a frota española, pescando en diferentes augas a nivel estatal, europeo e internacional, sendo exemplo de respecto aos convenios e normativas rexionais e internacionais, que, no caso europeo, plásmanse na Política Pesqueira Común (PPC), ao tempo que nos últimos anos está a desenvolver iniciativas enfocadas á mellora da sustentabilidade da súa actividade.

Non é casualidade que a situación dos caladoiros onde opera a nosa pesca se atope en rendemento máximo sostible, e os niveis de biomasa estean en máximos, un 50 % por enriba de hai 15 anos atrás.

Así e todo, nos últimos tempos, a frota pesqueira galega está a vivir tempos complexos, padecendo os efectos de problemas estruturais e conxunturais da pesca, dende a alza de prezos dos combustibles ata o cambio climático, os problemas de relevo xeracional, o Brexit, ou recentemente a pandemia de COVID-19, ao que se suma a guerra en Ucraína, circunstancias que están a configurar un contexto especialmente difícil que resucita a pantasma de amarres da frota.

A esta situación, engádese agora a intención da Comisión Europea de prohibir todas as actividades relacionadas coa pesca de fondo (arrastre, palangre, anzol) en 94 zonas de pesca en caladoiros de Francia, España, Portugal e Irlanda.

O denominado acto de aplicación para a protección de ecosistemas mariños vulnerables (VMEs=Vulnerable Marine Ecosystems), equivalente comunitario a unha orde ministerial en España, do regulamento comunitario sobre acceso a augas profundas e que, na última votación ante o Consello da Unión Europea, obtivo unha maioría insuficiente co non de España e Irlanda.

O "acto de aplicación" podería afectar a máis de 300 pesqueiros españois, entre os cales, mediante sistemas de xeolocalización (VMS), podemos saber que os buques que pescan con palangre de fondo, arrastre de fondo e volantas no Gran Sol afectados directamente poderían ser 75, dado que frecuentan estas zonas.

As frotas afectadas por esta decisión esténdense por todo o litoral galego, pero especialmente nas áreas de Burela e Celeiro (zonas que lembremos, se atopan afectadas polo peche das plantas de Alcoa e Siemens Gamesa), nos casos de palangre de fondo e volantas, como o de Vigo, no caso de arrastre, así como outros portos como Coruña, Ribeira, etc.

Trátase por tanto dun tema de alta preocupación para o sector e para a economía de Galicia que non se pode pasar por alto, e que, de aplicarse, terá un impacto moi relevante para a pesca galega.

Fronte a todo isto, é preciso destacar que o sector non cuestiona a necesidade de conservación dos "ecosistemas mariños vulnerables (EMV)", pero si o xeito en que se aplica esta medida, toda vez que debe basearse en informes rigorosos e aplicarse de xeito razoable.

A pesca, como calquera actividade humana, ten un impacto ambiental e o sector pesqueiro é consciente da necesidade de aplicar medidas de protección, pero estas deben basearse en informes científicos rigorosos, no diálogo cos consellos e entidades consultivas, e aplicarse co maior consenso posible.

A información na que se sustenta a presente decisión, non obstante, parte de información achegada polo ICES que o sector cualifica de incompleta, pois non se pararon na información máis detallada sobre os fondos mariños, feito que podería dar unha visión máis completa da situación.

Así mesmo, a proposta non diferencia as zonas nin os tipos de arte pesqueiro, o que tamén é outra eiva importante desta, así como as medidas de protección que cada Estado xa aplica sobre as zonas citadas, o que amosa un escaso ou inexistente grao de ponderación das medidas, que remata impactando de xeito global no sector.

A frota galega de Gran Sol representa un activo chave para a pesca e a economía de Galicia. Os buques de palangre de fondo, volanta e arrastre que pescan nas zonas afectadas por esta decisión, levan anos apostando pola mellora da selectividade das súas artes, a eficiencia, a sustentabilidade social e económica dunha actividade que, repetimos, atópase en situación de rendemento máximo sustentable, e aplicando todas as normativas de xeito rigoroso e comprometido.

Unha frota que é exemplo internacional de boas prácticas e que, con esta decisión, vai ver acurtada unha parte fundamental dos seus caladoiros de pesca mediante unha medida desproporcionada, pouco fundamentada, e de xeito indiscriminado para todas as artes e frotas.

É por elo, que mediante a presente moción, pretendemos amosar á Unión Europea o

noso rexeitamento a esta medida, polas seguintes razóns obxectivas:

a) A decisión debe fundamentarse en informes científicos ben fundamentados e aceptados, así como mediante un claro e sinxelo debate cos organismos consultivos e co propio sector pesqueiro.

b) A decisión aplícase de xeito indiscriminado a todas as artes de pesca e frotas, sen ter en conta a sistemática de pesca ou a selectividade destas, o que debe terse en conta.

c) Todas as artes de pesca da frota galega afectada, levan anos impulsando medidas de mellora da súa selectividade así como de mellora da súa eficiencia enerxética, xestión de residuos, consumos, etc.; para seguir mellorando a súa pegada de carbono e impacto ambiental, xa de por si, baixo, respecto a outras actividades humanas relacionadas coa produción de proteína animal.

d) A frota galega cumpre de xeito claro e rigoroso, todas as normativas de aplicación á súa actividade, dende os regulamentos europeos ata os nacionais ou internacionais, así como coas súas obrigas pesqueiras en relación cos TACs e cotas de aplicación, obrigacións de desembarque, descartes, etc.; o que fai dela, unha frota de referencia a nivel internacional.

e) A decisión non ten en conta tampouco, as medidas de protección xa existentes por parte dos países soberanos, o que fai dela un acordo desproporcionado, que non admite gradacións de ningún tipo, o que é totalmente inaceptable. Protección que agora se quere impoñer en zonas nas que a frota leva décadas pescando coas artes que agora se queren prohibir, sen que os pescadores detectaran a presenza destes ecosistemas mariños vulnerables, que por outra parte, subsisten a pesar da suposta presenza histórica de tal actividade pesqueira.

f) A decisión ten un impacto económico e social claro nas frotas afectadas, sen alternativa ou compensación ningunha, o que amosa ademais, unha escasa planificación de impacto social e económica, aspecto que toda política pública debería ter en conta. Por todo isto, as entidades asinantes, amosamos a nosa oposición a esta medida.

O sector pesqueiro galego é o máis interesado en mellorar o estado ecolóxico dos nosos mares para que o pesqueiro siga a ser un sector de presente e de futuro, capaz de seguir poñendo nas nosas despensas produtos de máxima calidade e mínima pegada de carbono.

Polo exposto, o Grupo Provincial Socialista e o Bloque Nacionalista Galego propoñen a adopción do seguinte acordo:

Transmitir ao Parlamento Europeo, aos Grupos Parlamentarios nel presentes e a DG Mare e Comisión Europea:

1. O seu rexeitamento ás propostas normativas ou de opinión que leven á minoración ou eliminación de emprego de artes de fondo, entendendo que o seu emprego pode ser respectuoso cos hábitats mariños nos que traballan e sinalando o impacto social e económico que estas medidas propostas poden ter, especialmente sobre a frota costeira artesanal.

2. A necesidade de elaborar todos os estudos necesarios, fundamentados en datos

científicos e técnicos rigorosos e solventes, sobre as artes de fondo, que permitan iniciar un proceso de diálogo co sector pesqueiro e cos membros do Consello Europeo, antes de tomar ningunha decisión ao respecto; e sobre o impacto socioeconómico que provocaría calquera decisión sobre a limitación ou eliminación das artes de fondo na frota e no noso país.

3. Que as limitacións e interpretacións das recomendacións científicas dispoñibles expoñen unha extensión desmesurada das áreas xeográficas que se van protexer en función dos achados ou da probabilidade da súa presenza nas zonas.

4. Que debe de considerarse no regulamento final unha gradación e tratamento de acordo coas diferentes artes de pesca, que permitan unha aplicación menos lesiva.

Sr. Fernández Piñeiro

Non vou dar lectura da moción porque todos e todas temos copia da mesma.

Saben vostedes, imaxino que xa o saberían con anterioridade a esta moción incluso, dende a Unión Europea fórmulase a prohibición da pesca de fondo, sen ningún tipo de matiz, incluíndo artes como pode ser o arrastre, o palangre, o anzol, sen diferenciar entre elas e sen ter en conta ademais a propia lexislación que cada un dos países ten establecido para a protección do medio mariño. Polo tanto, entendemos que esta proposta que se fai dende a parte da Unión Europea a raíz dun estudo realizado polo ICEX, non é xusta sobre todo cos intereses da frota galega. Estaríamos a falar de que habería máis de 300 pesqueiros galegos que se verían afectados por esta prohibición e que loxicamente isto conlevaría o seu amarre definitivo, nun sector que como todos e todas sabemos leva padecido moito ao longo dos últimos anos.

De aí que por parte deste grupo e do grupo do BNG, sensibles con esta situación, se presente e se traía a Pleno esta moción que propón os seguintes acordos dos que vou dar lectura a continuación:

O primeiro deles: Transmitir ao Parlamento Europeo, aos grupos parlamentarios presentes, á Comisión Europea:

1. O noso rexeitamento ás propostas normativas ou de opinión que leven á minoración ou eliminación do emprego de artes de fondo, entendendo que o seu emprego pode ser respectuoso cos hábitats mariños nos que traballan e sinalando o impacto social e económico que estas medidas propostas poden ter especialmente sobre a frota costeira artesanal.

2. A necesidade de elaborar todos os estudos necesarios, fundamentados en datos científicos e técnicos rigorosos e solventes, sobre as artes de fondo, que permitan iniciar un proceso de diálogo co sector pesqueiro e cos membros do Consello Europeo antes de tomar ningunha decisión ao respecto e, sobre todo, o impacto socioeconómico que provocaría calquera decisión sobre a limitación ou eliminación das artes de fondo da frota no noso país.

3. Que as limitacións e interpretacións das recomendacións científicas

dispoñibles expoñan unha extensión desmesurada das áreas xeográficas a protexer en función dos achados ou xa probabilidade da súa presenza nas zonas.

4. Que debe considerarse no regulamento final unha gradación e tratamento de acordo coas diferentes artes de pesca que permitan unha aplicación menos lesiva

Como dicía, creo que todos somos conscientes desta actuación, da importancia e relevancia que a aprobación desta normativa por parte da Unión Europea tería dende o punto de vista económico e, lóxicamente, cunhas consecuencias moi negativas para este sector que é tan importante para a economía de todos os galegos e as galegas, e, por tanto, solicitamos neste caso o apoio de todos os grupos desta Corporación a esta moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós compartimos a moción, imos apoiala. Lembrar que esta moción no seu contido tamén se asemella a unha que xa temos traído aquí tamén respecto da defensa do sector pesqueiro fronte á ameaza que supoñen os parques eólicos mariños, e que esta deputación e a súa presidencia ten pendente esa xuntanza proposta nesa moción aprobada, se non lembro mal, no mes de marzo, de xuntarse con representantes do sector pesqueiro para analizar a problemática que supoñen, a ameaza que supoñen para eles os parques eólicos mariños. Entón, para que conste en acta, lembrar que está aínda por celebrarse esa xuntanza.

Sr. Galego Feal

Ben, pois moi rapidamente e anticipando xa que o Partido Popular, evidentemente, vai votar a favor desta moción, si queremos facer tres ou catro matizacións que cremos que son bastante necesarias.

En primeiro lugar, polos propoñentes, porque creo que de verdade moito, moito non tiveron que traballar, porque simplemente copiar o acordo do Parlamento de Galicia do día 12 de xullo do ano 2022, no que se aprobou por unanimidade precisamente tres puntos, esa iniciativa, esa PNL foi proposta polo Grupo do Partido Popular no Parlamento de Galicia, que ao mesmo tempo foi emendada en parte polo BNG, aínda que o BNG aquí fala de 94 áreas pesqueiras, polas informacións que temos nós son 87 áreas pesqueiras, por tanto había aí un erro. E que, ao final, simplemente o Partido Socialista engadiu, onde di “Dirección Xeral Mare, para amosar” debe dicir Dirección Xeral Mare e a Comisión Europea para amosar”, por tanto, isto está máis que consensuado e máis que falado.

Pero a min con estas mocións que veñen así agora á deputación, e xa a touro pasado, pois paréceme un pouquiño como querer facer como a femia do cuco cando vai poñer o ovo ao niño, para beneficiarse do traballo dos demais. Ese traballo está feito, está feito no Parlamento de Galicia, está feito por unanimidade e, por tanto, non vexo eu por que se quere capitalizar por parte do BNG e por parte do PSOE unha resolución do Parlamento de Galicia que foi unánime.

E, dito isto, simplemente tamén dúas pinceladas: ou sexa, eu creo que a Unión

Europea, cando se lle presentan alí as ONG e co tema da Axenda 2030 é que se deshace, se deshace e moitas veces sen coñecemento de causa, porque evidentemente do que se está falando nesta moción e o que se está a ver é da forma en que se traballa, non só na zona costeira de Galicia, pero ímonos limitar aquí, porque tamén inclúe máis zonas da Comunidade Económica Europea, Países Baixos, a Bretaña, en fin... pero cada un no seu. E esas artes que se están utilizando por parte dos nosos mariñeiros son artes que están perfectamente regulamentadas, perfectamente estruturadas e, loxicamente, utilizadas legalmente, como as hai que utilizar, e non imos falar dos furtivos porque se ao raño lle cerras os dentes, pois evidentemente colle cría, iso está claro, pero non se trata diso. Trátase de que a Unión Europea coñeza a forma na que se traballa aquí e advertindo que, evidentemente xa se advirte por parte da Consellería do Mar, díxose moitas veces porque nese sentido creo que a nosa conselleira do mar é bastante activa para todo iso, xa se advertiu moitas veces que esa era unha medida que estaba tomada sen consenso, por outro lado, cun escaso apoio por parte dos membros da Comisión e que tampouco estaba consensuada precisamente cos axentes que levan e que desenvolven as tarefas dese sector.

Dixo o Sr. García Seoane: “cos que hai que falar é cos que están a pé de terra”, e neste caso a pé de ribeira. E que pense a Unión Europea, porque seguramente a metade, o 90% da xente que está alí no tiene ni *pajolera* idea do que se fai con esas artes menores, que non son destrutivas, porque non son destrutivas en absoluto, ao contrario; así como os montes hai que coidalos e a terra hai que labrala, o mar hai que traballalo. E para exemplo, e vostede, señor Fernández, tamén o sabe, porque é da zona e está nun concello que é marisqueiro, pode lembrar a cantidade de botes a flote que había da Confraría de Barallobre no concello de Fene, que había máis de 130 mariscadores a flote, sen contar despois os mariscadores a pé. Hoxe escasamente quedan seis ou sete, pero por que?, porque se deixou de traballar a ría. Cando ían co raño movían a cría, movían as algas, movían tal. Se a terra non se move, que é o que fan estes rastros, mover a terra basicamente, o palangre non, que son anzois, pero estes rastros fan mover o fondo mariño, e están movendo as algas tamén, están oxixenando e están levantando do fondo mariño todas esas algas que ocultarían e que non deixarían pasar a luz e que non se reproduciría o marisco. É que é tan lóxico como iso, o que pasa é que, tristemente, a Unión Europea, cando se lle poñen diante as ONG e cando se pon en plan ecoloxista, sempre, sempre vai gañar esa postura, sen baixar á terra e ver a socioeconomía que xeran precisamente esas actividades e a forma en que se fan, porque precisamente onde están actuando toda esta xente que traballa con estas artes menores e incluso xa máis doutra forma, un pouco máis masiva, e falo xa da pesca e de grandes buques, naqueles sitios onde están traballando neses caladoiros, os rexistros son bos, é dicir, estase sempre na media sostible, rendemento máximo sostible. Por tanto, creo que hai que instar á Comunidade Económica Europea a que de verdade mire as cousas e que estude ben as cousas.

E si me sorprende un pouco a firma desta moción por parte do BNG, porque o BNG en Europa está pedindo que se acelere esta decisión, iso, estao pedindo. E ningún de vostedes estaba precisamente cando se estaba falando do TAC, do total admisible de captura da merluza, e estábao debatendo e pelexando a nosa conselleira en Bruxelas, vostedes estaban ausentes.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, dicía, afeábanos o representante do Partido Popular que moito non traballou o grupo propoñente, porque isto é unha copia dunha moción presentada no Parlamento. Menos traballaron vostedes que nin iso, porque nin sequera a traen aquí. Polo menos nós tomamos a molestia en tal caso, de ser certo o que vostede di, de copiala. Vostedes aínda traballaron menos ca nós, porque nin sequera a copiaron nin a presentaron. E, se é por unha cuestión de que a presentou antes o Parlamento galego, home pois pódolle responder se quere coa mesma argumentación: a moción no Parlamento galego sobra porque o ministro de pesca xa lle trasladou á Comisión Europea o 6 de xullo, é dicir, pois aproximadamente uns 8 ou 9 días antes de que o Parlamento galego aprobara esa moción, esa petición de non aprobación ou polo menos..., voulo a ler exactamente: "Planas pide al comisario europeo de pesca que se abandone el veto a la pesca de fondo". Iso fíxoo días antes de que o Parlamento aprobase esa moción. Non por iso a ninguén se lle ocorre dicir que o Parlamento galego non traballa porque o que está propoñendo xa o propuxo antes o ministro. Ben, pois benvidos sexamos. Parece que é malo cando non coincidimos e segundo vostede cando coincidimos tamén. Pois igual ten que facelo mirar, se ten algún tipo de animadversión por aqueles que non son do seu grupo, visto o argumento.

En todo caso, alégrome de que poidamos compartir o fondo desta moción e de que vostedes a vaian votar, independentemente de que nós teñamos traballado pouco e vostedes nada.

Nada máis, moitas grazas.

(Abandona o salón o Sr. Rodríguez Martínez).

Sr. Galego Feal

Creo que se confunde un pouquiño, porque a PNL eu creo que foi promovida polo Partido Popular no Parlamento de Galicia. E perdoe pero o seu ministro fixo o que fixo forzado, ou polas circunstancias que naquel momento lle esixiron, non por *motu proprio*, non por *motu proprio*, porque precisamente todo o que se pida aquí en Galicia digamos que ten o non por resposta.

Grazas.

Sr. Presidente

Eu soamente, non por defender o BNG, pero como non se defenden eles, vouche facer un apunte: o BNG aquí ten unha postura e no Parlamento Europeo dis que está a promovendo iso, descoñézoo, pero quero recordarche que quen propón prohibir este tipo de pesca é a Comisión Europea, presidida pola responsable do Grupo Popular Europeo, Úrsula von der Leyen.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de

Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/

Abstéñense: 1 deputado (PP - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción dos Grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG en defensa da frota pesqueira e da pesca de fondo galegas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é a primeira rexión pesqueira europea, é máis, a importancia da pesca transcende ao seu impacto económico como actividade clave para o desenvolvemento do país, pois constitúe tamén un elemento da nosa identidade.

Como demostrou a crise da COVID-19, trátase dun pilar esencial para garantir a soberanía alimentaria.

En termos xerais, a frota galega representa ademais case a metade de toda a frota española, pescando en diferentes augas a nivel estatal, europeo e internacional, sendo exemplo de respecto aos convenios e normativas rexionais e internacionais, que, no caso europeo, plásmanse na Política Pesqueira Común (PPC), ao tempo que nos últimos anos está a desenvolver iniciativas enfocadas á mellora da sustentabilidade da súa actividade.

Non é casualidade que a situación dos caladoiros onde opera a nosa pesca se atope en rendemento máximo sostible, e os niveis de biomasa estean en máximos, un 50 % por enriba de hai 15 anos atrás.

Así e todo, nos últimos tempos, a frota pesqueira galega está a vivir tempos complexos, padecendo os efectos de problemas estruturais e conxunturais da pesca, dende a alza de prezos dos combustibles ata o cambio climático, os problemas de relevo xeracional, o Brexit, ou recentemente a pandemia de COVID-19, ao que se suma a guerra en Ucraína, circunstancias que están a configurar un contexto especialmente difícil que resucita a pantasma de amarres da frota.

A esta situación, engádese agora a intención da Comisión Europea de prohibir todas as actividades relacionadas coa pesca de fondo (arrastre, palangre, anzol) en 94 zonas de pesca en caladoiros de Francia, España, Portugal e Irlanda.

O denominado acto de aplicación para a protección de ecosistemas mariños vulnerables (VMEs=Vulnerable Marine Ecosystems), equivalente comunitario a unha orde ministerial en España, do regulamento comunitario sobre acceso a augas profundas e que, na última votación ante o Consello da Unión Europea, obtivo unha maioría insuficiente co non de España e Irlanda.

O "acto de aplicación" podería afectar a máis de 300 pesqueiros españois, entre os cales, mediante sistemas de xeolocalización (VMS), podemos saber que os buques que pescan con palangre de fondo, arrastre de fondo e volantas no Gran Sol afectados directamente poderían ser 75, dado que frecuentan estas zonas.

As frotas afectadas por esta decisión esténdense por todo o litoral galego, pero

especialmente nas áreas de Burela e Celeiro (zonas que lembremos, se atopan afectadas polo peche das plantas de Alcoa e Siemens Gamesa), nos casos de palangre de fondo e volantas, como o de Vigo, no caso de arrastre, así como outros portos como Coruña, Ribeira, etc.

Trátase por tanto dun tema de alta preocupación para o sector e para a economía de Galicia que non se pode pasar por alto, e que, de aplicarse, terá un impacto moi relevante para a pesca galega.

Fronte a todo isto, é preciso destacar que o sector non cuestiona a necesidade de conservación dos "ecosistemas mariños vulnerables (EMV)", pero si o xeito en que se aplica esta medida, toda vez que debe basearse en informes rigorosos e aplicarse de xeito razoable.

A pesca, como calquera actividade humana, ten un impacto ambiental e o sector pesqueiro é consciente da necesidade de aplicar medidas de protección, pero estas deben basearse en informes científicos rigorosos, no diálogo cos consellos e entidades consultivas, e aplicarse co maior consenso posible.

A información na que se sustenta a presente decisión, non obstante, parte de información achegada polo ICES que o sector cualifica de incompleta, pois non se pararon na información máis detallada sobre os fondos mariños, feito que podería dar unha visión máis completa da situación.

Así mesmo, a proposta non diferencia as zonas nin os tipos de arte pesqueiro, o que tamén é outra eiva importante desta, así como as medidas de protección que cada Estado xa aplica sobre as zonas citadas, o que amosa un escaso ou inexistente grao de ponderación das medidas, que remata impactando de xeito global no sector.

A frota galega de Gran Sol representa un activo chave para a pesca e a economía de Galicia. Os buques de palangre de fondo, volanta e arrastre que pescan nas zonas afectadas por esta decisión, levan anos apostando pola mellora da selectividade das súas artes, a eficiencia, a sustentabilidade social e económica dunha actividade que, repetimos, atópase en situación de rendemento máximo sustentable, e aplicando todas as normativas de xeito rigoroso e comprometido.

Unha frota que é exemplo internacional de boas prácticas e que, con esta decisión, vai ver acurtada unha parte fundamental dos seus caladoiros de pesca mediante unha medida desproporcionada, pouco fundamentada, e de xeito indiscriminado para todas as artes e frotas.

É por elo, que mediante a presente moción, pretendemos amosar á Unión Europea o noso rexeitamento a esta medida, polas seguintes razóns obxectivas:

- a) A decisión debe fundamentarse en informes científicos ben fundamentados e aceptados, así como mediante un claro e sinxelo debate cos organismos consultivos e co propio sector pesqueiro.
- b) A decisión aplícase de xeito indiscriminado a todas as artes de pesca e frotas, sen ter en conta a sistemática de pesca ou a selectividade destas, o que debe terse en conta.
- c) Todas as artes de pesca da frota galega afectada, levan anos impulsando medidas de mellora da súa selectividade así como de mellora da súa eficiencia enerxética,

xestión de residuos, consumos, etc.; para seguir mellorando a súa pegada de carbono e impacto ambiental, xa de por si, baixo, respecto a outras actividades humanas relacionadas coa produción de proteína animal.

d) A frota galega cumpre de xeito claro e rigoroso, todas as normativas de aplicación á súa actividade, dende os regulamentos europeos ata os nacionais ou internacionais, así como coas súas obrigas pesqueiras en relación cos TACs e cotas de aplicación, obrigacións de desembarque, descartes, etc.; o que fai dela, unha frota de referencia a nivel internacional.

e) A decisión non ten en conta tampouco, as medidas de protección xa existentes por parte dos países soberanos, o que fai dela un acordo desproporcionado, que non admite gradacións de ningún tipo, o que é totalmente inaceptable. Protección que agora se quere impoñer en zonas nas que a frota leva décadas pescando coas artes que agora se queren prohibir, sen que os pescadores detectaran a presenza destes ecosistemas mariños vulnerables, que por outra parte, subsisten a pesar da suposta presenza histórica de tal actividade pesqueira.

f) A decisión ten un impacto económico e social claro nas frotas afectadas, sen alternativa ou compensación ningunha, o que amosa ademais, unha escasa planificación de impacto social e económica, aspecto que toda política pública debería ter en conta. Por todo isto, as entidades asinantes, amosamos a nosa oposición a esta medida.

O sector pesqueiro galego é o máis interesado en mellorar o estado ecolóxico dos nosos mares para que o pesqueiro siga a ser un sector de presente e de futuro, capaz de seguir poñendo nas nosas despensas produtos de máxima calidade e mínima pegada de carbono.

Polo exposto, o Grupo Provincial Socialista e o Bloque Nacionalista Galego propoñen a adopción do seguinte acordo:

Transmitir ao Parlamento Europeo, aos Grupos Parlamentarios nel presentes e a DG Mare e Comisión Europea:

1. O seu rexeitamento ás propostas normativas ou de opinión que leven á minoración ou eliminación de emprego de artes de fondo, entendendo que o seu emprego pode ser respectuoso cos hábitats mariños nos que traballan e sinalando o impacto social e económico que estas medidas propostas poden ter, especialmente sobre a frota costeira artesanal.

2. A necesidade de elaborar todos os estudos necesarios, fundamentados en datos científicos e técnicos rigorosos e solventes, sobre as artes de fondo, que permitan iniciar un proceso de diálogo co sector pesqueiro e cos membros do Consello Europeo, antes de tomar ningunha decisión ao respecto; e sobre o impacto socioeconómico que provocaría calquera decisión sobre a limitación ou eliminación das artes de fondo na frota e no noso país.

3. Que as limitacións e interpretacións das recomendacións científicas dispoñibles expoñen unha extensión desmesurada das áreas xeográficas que se van protexer en función dos achados ou da probabilidade da súa presenza nas zonas.

4. Que debe de considerarse no regulamento final unha gradación e tratamento de acordo coas diferentes artes de pesca, que permitan unha aplicación menos lesiva."

Sr. Presidente

Seguinte moción, moción presentada polo Partido Socialista de Galicia e o BNG en defensa do servizo básico esencial de educación pública.

4.Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG en defensa do servizo básico e esencial da educación pública

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días a comunidade educativa galega inicia un novo curso académico. Trátase sen dúbida dun curso especialmente complexo tanto para as familias como para o profesorado e o alumnado.

Dunha banda as familias afrontan con dificultade o novo curso cunha perda de poder adquisitivo debido ao incremento xeralizado dos prezos en toda Europa derivado da guerra en Ucraína e as súas consecuencias sobre a enerxía e as administracións. As familias terán que facer fronte ao inicio de curso máis caro da historia cun custe medio nos centros públicos e concertados que supera os 480 euros por neno/a (libros de texto e material escolar).

A política actual do Partido Popular límitase a axudas mínimas ás rendas baixas (ate 10.000 euros, máximo 210 euros por neno), e alumnado con NEAE (65% discapacidade, 275 euros), e a unha axuda ridícula para material escolar de 50 euros ás rendas iguais ou inferiores a 6.000 euros; axudas que nin cubren os custes totais dos libros de texto, nin son universais. Podesé dicir que a Xunta de Galicia ten abandonado as familias ante o curso máis caro da historia, pois nin ten actualizado as contías das axudas nin tampouco os umbrais que permiten o acceso a elas. E todo isto, a pesar dos fondos recibidos por parte do goberno do Estado, que o pasado 21 de agosto aprobou unha partida de 58 millóns de euros para este fin.

Resulta preciso contrastar este modelo coa gratuidade universal dos libros de texto implantada polo Goberno Bipartito, cuxa derogación no ano 2009 os/as galegos/as debemos ao específico empeño do Sr. Feijóo e ao seu primeiro goberno, do que, recordemos, tamén formaba parte o actual presidente da Xunta, o Sr Rueda. Un sistema de gratuidade universal para todos os/as usuarios/as de centros educativos sostidos con fondos públicos; medida que hoxe posúen comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra, e coa que sen dúbida todas as familias estarían hoxe protexidas fronte aos efectos da inflación no acceso a un dereito como é o dereito á educación.

Este é tamen un inicio de curso complexo para os docentes pola posta en marcha da reforma do sistema educativo propiciado pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOMLOE), que é clave para a modernización da educación deste país.

O profesorado afronta un reto fundamental que require todo o apoio e axuda da Xunta de Galicia, para o que se precisan recursos e colaboración. Nembargantes, a resposta da Consellería de Educación é novamente a de facer recortes, dando as costas ao profesorado e ao estudantado.

Neste sentido, a Orde publicada o pasado día 12 agosto, de modificación de unidades e postos de traballo de docentes dos centros públicos amosa novamente a vontade

de deteriorar a oferta pública galega con 100 docentes e case 60 unidades menos respecto ao curso anterior en Infantil e Primaria. Recortes que afectan a centros nos que o número de alumnado mantense, ou nalgún dos casos incluso medra.

Os novos recortes aplicados cara o inicio do presente curso 2022-23 supoñen:

- peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.
- A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable e con necesidades específicas de apoio educativo.
- aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "record" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos por aula.
- A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.
- aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden os orientadores.
- A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes novos recortes efectuados cara o inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos que abundan na súa deteriorización. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación. Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento.

Faise preciso tamén denunciar o groseiro uso político que tanto o conselleiro Rodríguez como o presidente Rueda veñen facendo da necesaria adaptación da ensinanza no noso país á reforma educativa en vigor, mediante un alarmante deixamento das súas funcións, pois somos unha das sete comunidades autónomas que aínda non ten aprobados os decretos de adaptación á LOMLOE (catro delas gobernadas polo PP). É dunha grave irresponsabilidade facer oposición ao Goberno do Estado tomando como reféns ao estudantado de Galicia.

Por último, esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que faga público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG e do BNG propoñen a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.
2. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.
3. A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Traemos esta moción a Pleno froito da situación vivida neste inicio de curso da que, independentemente do que nos vaian comentar na bancada de en fronte, dá boa mostra sen ir máis lonxe os distintos titulares que puidemos ver onte na prensa, o primeiro deles de *La Voz de Galicia*: “Comienza el curso con 5.000 alumnos menos; protestas de padres y profesores”, isto a toda páxina en *La Voz de Galicia*, que non é sospeitosa. “El alumnado de bachillerato del IES de Cedeira protestará contra los recortes durante los recreos”, tamén de *La Voz de Galicia* de onte xoves, neste caso na área de Bergantiños: “Cee acoge una protesta contra los recortes de profesorado en la comarca”. Aquí tamén en Sociedade: “La comunidad educativa gallega protesta por los recortes de la Xunta. Padres, profesores y sindicatos piden una bajada de los ratios y más docentes para la mejora de la educación pública”. Outro de *La Voz de Galicia*: “Sigue la sangría en colegios con 268 alumnos menos en Infantil y Primaria”, “Protesta en A Picota del AMPA Barcoma del colegio de A Picota, convocó una concentración para denunciar la reducción de un profesor y medio con respecto al curso pasado”.

Bueno, o que estamos a facer con esta moción é traer un pouco a voz de todos eses cidadáns que consideran que se está recortando nun servizo básico fundamental para garantir o noso presente, pero, sobre todo, o noso futuro, como é a educación, algo que os distintos grupos, algúns grupos vimos demandando e denunciando desde hai xa varios anos en Galicia.

Loxicamente, estamos ante a perda de aulas no rural, ante a perda de profesorado de apoio, as ratios máis altas do Estado, que superan nalgúns casos incluso os 30 alumnos por aula, redución da oferta formativa, aumento de centros e alumnado atendidos polos orientadores, implantación de módulos FP sen especialistas nesa materia e o gasto por alumno que sobe entre un 8% e un 12% fronte á Xunta de Galicia, que as axudas que tiña establecidas para as familias as mantén. A verdade é que din que se incrementa o gasto, pero é importante tamén ter en conta que a Xunta presume dun incremento do 47 % do gasto en axudas en libros

texto e de material escolar, pero non é así, porque dos 7,7 millóns de euros de incremento, dese total 13 destináronse ao fondo de libros de 2022 e só 5,5 millóns das axudas á compra de libros no 2022. Polo tanto, a Xunta só estaría aportando 2,5, por que?, porque dese 5,5 tres son transferidos polo Estado; é verdade que diso nunca se acorda a Xunta de Galicia, de nomear o Estado cando lle transfere fondos. Todo o que inviste é grazas á gran xestión e a fondos da Xunta, ou iso é o que pretende trasladar, cando non é certo, pero aí non falamos do Estado, iso parece que xa non lles interesa tanto.

Polo tanto, facéndonos eco, como digo, das demandas dos distintos colectivos e de todo o sector da educación ou dunha gran parte del, dende AMPAS, como digo, ata o propio profesorado, traemos esta moción ao pleno cos seguintes acordos dos que vou dar lectura a continuación:

“Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar a Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.

2. Recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.

3. Que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Goberno do Estado”.

É importante salientar que hai comunidades autónomas, como poden ser Andalucía, Valencia ou Navarra, que teñen incluída a gratuidade universal dos libros de texto. Todos e todas sabemos, porque se nos recordou recentemente no debate do Senado entre o presidente do goberno e o señor Feijóo, que foi o Señor Feijóo cando chega á Xunta de Galicia quen elimina esa gratuidade universal dos libros de texto, e que segue mantida loxicamente polo actual presidente, o señor Rueda. Polo tanto, hai unha clara decisión, neste caso do Partido Popular á fronte desa institución, de non colaborar coas familias, e este ano, ademais, como dicimos, as contías das axudas son as mesmas que as de 2021, a pesar desa inflación da que tamén o Partido Popular fala tanto, pero só cando está na oposición, porque cando está no Goberno non vemos tampouco que estean a aprobar grandes medidas para poder combatelas.

Hai 100 docentes menos en Infantil e Primaria e case 60 unidades menos tamén. Somos ademais, iso tamén é importante salientalo, unha das 7 comunidades de todo o Estado español que aínda non se adaptou á nova lei educativa, a LOMLOE, e iso é casualidade?, non; casualmente esas sete comunidades son do Partido Popular, e iso é porque o Partido Popular utiliza neste caso as administracións, que representan todos os cidadáns, para facer política neste caso e de ariete contra o Goberno do Estado intentando non acatar e xerar problemas sobre todo no inicio do curso a unha lei aprobada e que cumpre loxicamente con toda a lexislación vixente a ese respecto.

É unha lei de obrigado cumprimento, pero parece que hai certo interese en non adaptarse para que cando empece o curso pois loxicamente a adaptación sexa

moito máis complexa e traumática do que debese ser e poder botarlle a culpa á lei e non a quen ten a obriga de adaptarse a mesma. É como se antes que falabamos das obrigas dos concellos en canto ás medidas para adoptar para o control da biomasa e a limpeza dos montes, que emanan dunha lexislación, neste caso de carácter autonómico, os concellos non mandásemos nada, aquilo estivese feito un desastre e lle botásemos a culpa ás axudas da Xunta de Galicia porque esa normativa que ten non é boa e non funciona ben. Pois aquí estamos ante unha cousa parecida, que é non adaptarse a esa aplicación, a esa entrada en vigor da LOMLOE para poder dicir que non funciona ben. E, acórdense, non tardarán vostedes dous ou tres días en saír seguramente como Partido a dicilo.

Polo tanto, hoxe, repito, traemos esta moción aquí solicitando unha serie de medidas que cremos que van mellorar a situación da educación en Galicia e, como digo, algo do que depende o presente pero tamén o futuro da nosa sociedade e, polo tanto, esperamos poder contar co apoio de todos os grupos, incluído o Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Vou aproveitar e vou intentar ser sintética e breve despois da exposición do Sr. Fernández.

Realmente, hai unha cuestión fundamental pola que presentar esta moción, que é a defensa do dereito á educación de todo o alumnado de Galiza na educación pública, unha educación pública que debe garantir a igualdade de oportunidades en todo o territorio do país e que debe ofrecer a máxima calidade.

Por desgraza, un setembro máis hai que facerse eco das diferentes incidencias a nivel de todo o territorio no recorte de medios profesionais e de investimento, o cal indica unha folla de ruta que conduce á deterioración e á desigualdade. Unha falta de sensibilidade tamén cara ás familias nunha situación, como xa houbo que dicir no Pleno de hoxe varias veces, moi penalizadas as economías familiares polo impacto da inflación, e sen ningún tipo de sensibilidade nin anticipación por parte da Consellería de Educación para adaptarse nas súas axudas para o estudo cara a esta situación.

Entón, en defensa dun ensino público de calidade para todos e todas, creo que é suficiente xustificación e motivación para presentar esta moción.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar tamén a moción, pero ao fío do debate hai algunhas cuestións que nos gustaría sinalar.

Fálase aquí de recuperar a gratuidade universal dos libros de texto e aparecía tamén como unha proposta do presidente da deputación. Eu creo que a dereita cando chega ao poder fai a súa política, pero creo que na esquerda debemos facer a nosa. Eu penso que o reparto de función dos fondos públicos debe ter en conta criterios de renda. Penso que cando nós falamos de igualdade de oportunidades ou de garantir a

igualdade, recuperando medidas como a universalidade da entrega dos libros de texto, non estamos tendo en conta este factor. Eu entendo que hai que empregar os fondos públicos tratando de auxiliar, de garantir a igualdade de oportunidades e, polo tanto, a aqueles que dispoñen de menos medios. Eu penso que sempre a asignación de fondos públicos desde a esquerda, cando menos, debe ter ese criterio de renda.

Eu estou en contra, insisto, desa universalidade, porque, se non, facemos unha política semellante á que fai a dereita. É dicir, cando o señor Feijóo anuncia que a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos en Galicia en calquera situación, claro, está dicíndolles a aqueles pais, por certo está financiando as escolas infantís de 0 a 3 anos privadas con ata 300 € e as públicas con ata 169. Xa estamos aquí vendo claramente como se discrimina ou como se diferencia. Claro eles están facendo unhas políticas nas que a aqueles que teñen capacidade para pagar unha escola infantil de 200-300 € se lles financia desde o público, cando eu penso que non debe ser así. O público debe estar para defenderse a si mesmo, aquelas deben ter un criterio social polo cal nós financiamos ou defendamos os intereses daquelas familias que teñen máis dificultades de acceso neste caso á educación infantil. Sospeito que os que teñen posibilidade de pagar unha educación de gardería de 300 € ao mes non precisan tanto do auxilio da Administración pública como aqueles que non. Polo tanto creo que temos que ter coidado con non replicar certas medidas que desde a dereita, onde non teñen, non deben ter a mesma sensibilidade cos factores de clase e de renda coma nós, non replicalo nós desde a esquerda. Poño ese exemplo, acabamos de ver como nas ordes da Xunta de Galicia se financia con ata 300 € por praza as prazas nas garderías privadas, con 169 nas públicas. Entendo que, desde logo, non debe ser o noso modelo.

Sra. Villaverde Pais

Bos días a todos e a todas.

A ver, sería un mes de setembro atípico se non houberse este ruído en canto ao inicio de curso. A verdade é que eu me sentiría moi estraña. Pero tamén me parece, boto de menos, ou botei de menos cando estaban coa nova Lei de educación, coa LOLOMCE e había un retraso no currículo en que Estado o aprobou e o fixo público, no mes de maio pasaron as editoriais polos centros educativos para escoller os libros e non coñecían aínda ese currículo. A día de hoxe, que contactei con moitos centros, dinme que hai editoriais que aínda, polo retraso que fixo o Estado en facer ese currículo, que logo é como un efecto *boomerang*, o que fai é que as comunidades autónomas tamén teñan ese retraso. Xa saíu publicado o de educación infantil, van ser o máis rápidas posibles polo que eu estiven averiguando.

Pero si me gustaría que nos interesase de verdade o profundo da educación, como pode ser iso. Hai unha nova lei, hai unhas novas asignaturas, e o profesorado chega en setembro ao centro e ten que programar, ten unha nova plataforma que se chama Proel na que ten que meter as programacións, pero que programacións vai meter se aínda están chegando os currículos con atraso? A min gustaríame que no mes de maio aquí todos, incluso fose consensuada, que pedísemos que se acelerase iso e se tivese en conta o traballo dos profesionais que, para que sexa, con todo o seu esforzo, pero para que sexa a tempo e efectivo, ten que ter os instrumentos a tempo. Gustaríame iso, e tamén outras cousas.

A imaxe que se dá, que se intenta dar, da educación en Galicia a min non me gusta porque non é real, e non vou utilizar datos subxectivos, senón datos que están publicados en informes PISA e onde vostedes poidan consultar, que o coñecen perfectamente, non vou dicilos aquí un por un. Pero o incremento en investimentos dende, non podo falar de antes, pero dende o 2009 paulatinamente cada ano. O Incremento de profesorado. Por desgraza, a diminución de alumnado; acaban de mencionar canto alumnado menos hai, sen embargo, mantense o número de profesores de antes da pandemia. Fíxose contratación, logo pasarei a enumerar apartado por apartado. Pero é que me choca que se intente dar a imaxe do noso sistema educativo galego como se fose o peor do Estado, e non é certo.

Temos a rede de transporte público de educación máis grande de todo o país; temos as taxas universitarias máis baixas do Estado; somos a terceira comunidade en inversión por alumno, supérannos País Vasco e Navarra, xa saben vostedes por que, o réxime económico é diferente; 360 intervencións en obras, incluída a construción de dous novos centros nese plan plurianual que hai, que é 2021-2024, entre eles o CEIP de Ames que está incluído, o outro non é na provincia da Coruña, é en Navia, pero o CEIP de Ames incluído aquí.

O abandono escolar pasou do 26% que había a un 8%, creo que é un dato que podemos melloralo ata chegar ao 0%. Si que hai que mellorar en educación, pero non podemos dicir que é unha catástrofe, porque iso sería desleal co país, desleal co profesorado, desleal coa realidade. O informe PISA di que Galicia é a comunidade autónoma con mellores resultados do Estado, só a iguala outra comunidade autónoma, que creo que é Castela e León, pero non estou segura, co cal non o vou afirmar aquí. Ten a mellor taxa de inclusión Galicia de todo o Estado.

E a ratio que antes a que acabo de volver oír agora na exposición que fixo o señor García, volve falarme da ratio, nós temos das mellores de España, empatada con outras dúas comunidades autónomas, e dicirlle que a ratio, acaba de ser aprobada unha competencia estatal, acaba de ser aprobada unha nova lei, eu non vin esa modificación, acaba durante todo o verán en anuncios e tamén que podía haber algún decreto por medio, pero eu tampouco vin nada diso que en canto a ratios. Se queren cambiar a ratio, propóñanllo ao Estado e traémolo aquí e debaterémolo.

En canto á iso, a ratio é: nas aulas de Primaria, 20 alumnos e nas aulas de secundaria, 30 alumnos. Galicia está creo que no 10,2%, dareille o dato dentro dun momento seguro, e o resto do Estado creo que é un doce coma algo. A diminución e a crise demográfica grande que sabemos todos que temos, e que temos que facer un grande esforzo por invertela, ou polo menos que haxa unha recuperación paulatina, se non, témolo moi difícil, pois fai que haxa aulas con 10 alumnos; e tamén onde hai unha maior poboación, como pode ser o concello que antes mencionei, hai máis alumnado porque se concentra a poboación en certos núcleos, pero a media é esa.

Profesorado, axudas a libros, material, vale... Eu creo que a distribución e adxudicación de axudas de libros e material escolar por renda é a máis xusta e democrática que se pode facer. Tamén estiven indagando toda esta semana e nos centros educativos en diversas comarcas, o 90% das familias reciben axudas do fondo de libros. O fondo de libros, todos coñecerán como funciona: recóllense os libros ao final de curso, revísanse, cada titor, e pásaos a quen xestione ese fondo dentro do centro. Cando os fondos moitas veces hai máis libros dos que se van

necesitar para o alumnado que vén ao ano seguinte. Chega o inicio de curso, unha vez que está toda a matrícula completa, distribúense os libros a cada familia.

Logo hai axudas para material tamén por renda. Dan unha cifra incluso na exposición da moción que non sei se agora a mencionou, agora a verdade é que non a oín que, falando cunha familia que non ten dereito a axuda pola renda, dicíame que comprou o material e os libros da súa filla por non sei se me dixo 250 ou 270 €. Vamos supoñer que a media, porque en Secundaria é un pouco máis, e que a media chegue aos 300 e algo de euros, pero non 480. Sabemos que as familias o están pasando mal, pero a sensibilidade que piden eu pediríalles que a trasladasen ao Estado para moitas medidas que non tomou a tempo ou que nin sequera recoñecía que as había que tomar.

O noso voto vai ser en contra porque esta visión catastrofista da educación, non. E creo que todos deberamos reflexionar en que perdemos unha oportunidade e a volveremos a perder se non cambiamos a forma de facer política, e que hai áreas que deberan levarnos a facer pactos de Estado en certas cousas elementais, unha delas é a educación, outra podía ser a sanidade, outra podía ser outra importante, pero esas dúas primordialmente. Aí lévanos a que temos que ter unha arma arreboladiza para botar contra o contrario e non nos baseamos no que en realidade nos interesa, que é mellorar a educación, vale?

Entón, houbo, recordo perfectamente, creo que foi no ano 2009, no 2010, que se estivo falando –por fin, dicía eu, pero a verdade era unha ilusa, pero hai que ter utopías, hai que seguir soñando– debate sobre o pacto educativo, incluso recordo participar nun na Coruña no Hotel Finisterre. Ao final, non, porque deixamos que o que nos separa, que é moito menos do que nos une, sexa o que venza, porque en realidade noutros pactos volcamos moitísima enerxía, ou volcan moitísimas enerxía, pero neste tipo de pacto, que para min é fundamental para a sociedade de agora e do futuro, non hai ningún tipo de vontade para facelo.

Se queremos que a educación sexa aínda mellor, creo que temos sempre marxe de mellorar, eu nunca digo que haxa que ser triunfalistas e dicir isto é perfecto, non, non é perfecto, é imperfecto, sempre hai que mellorar en todos os aspectos da vida e en educación, en sanidade e en todo. Pero diso a dicir que somos un desastre, que temos as taxas máis baixas, que as ratios... Ben, eu supoño que iso sería un lapsus, porque sabe perfectamente o señor García que as ratios son unha competencia estatal e que a lei agora acaba de ser modificada e non se modificou.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Por comezar, voume dirixir ao señor Lema, cando cuestiona que se solicite, que se retome unha medida para o ensino público no que blinde á gratuidade. Claro, cando falamos de educación pública falamos dun dereito universal, e entrar a ese tipo de debates en relación a cuestións xa blindadas como dereitos universais, introducir se temos que pagar en función das rendas paréceme altamente perigoso.

Falar de gratuidade dos libros a través de diferentes mecanismos, porque a través da boa vontade dos profesionais da educación en moitos centros,

efectivamente, estase accedendo a materiais de xeito gratuíto, do que falamos é de estender a gratuidade a todo o alumnado que estea cursando etapa obrigatoria en centros públicos, ante un dereito recoñecido como universal e gratuíto para o alumnado que asiste a estes centros.

Claro, o paralelismo entre a etapa infantil de 0 a 3, que non está integrada ao 100% dentro do itinerario de educación, ou incluso valorar se as familias podemos ou non escoller acudir a unha escola infantil privada ou pública, ou os motivos polos que facemos, creo que é un pouco desviar o debate cara a outras cuestións. Moitas familias levan as súas crianzas a escolas infantís privadas porque non dispoñen de prazas públicas e, cando queremos conciliar e manter o posto de traballo, pois non queda outra.

Pero, retomando a cuestión en relación a se temos un bo ou mal sistema educativo, o que critica esta moción son as decisións políticas que se están tomando para manter a calidade e garantir a igualdade de oportunidades do alumnado galego nos nosos centros públicos. E si, é moi cuestionable. Hai que dicir que xogar coa baixada de número de alumnado? Efectivamente, o alumnado baixa tendo en conta unha situación demográfica obxectiva do país, pero a baixada de docentes non se corresponde coa baixada do número de matrículas, senón que se detraen profesores na etapa Secundaria cando se demostra que nestes anos se está mantendo o número de matrícula. Que pasa? Vou retomar iso de que, cando falamos, hai que falar a pé de territorio. Cando se reducen 11 docentes nun centro educativo de etapa secundaria, nun centro como o de Cedeira, realmente non se asocia a unha baixada de matrícula; ao que se asocia é a que un mestre dea a súa especialidade máis a especialidade afín. Redúcese o número de docentes, increméntanse horarios lectivos, redúcese a oportunidade de prestar apoio e atención a aquel alumnado que, por calquera causa, necesita de apoio e de atención educativa para que poida avanzar e ter éxito no sistema educativo. En resumidas contas, este tipo de decisións reducen calidade na atención educativa e oportunidades do alumnado.

Pero é que, ademais, pasa outra cousa: que naqueles centros que se sitúan en territorios con menor poboación, tamén se reducen docentes e aplícase tamén a cuestión de dar afíns. Daquela, cando te matriculas nun destes centros, en etapa posobrigatoria pública, cando te matriculas nun bacharelato e tes definido un itinerario profesional que che interesa, o feito de poder ter unha optativa ou outra condiciona o teu futuro baremo e o teu dereito a entrar nunha determinada carreira universitaria. Iso é futuro e iso está pasando nos nosos centros educativos, e sábeno as familias, as familias que se mobilizan e se manifestan, sábeno os docentes que se queixan das dificultades para levar adiante o seu traballo día a día e que, por certo, tampouco poden protestar nin elevar moi alto a súa voz porque van ser represaliados dende a Consellería, expedientados, etcétera, que o estamos vendo en diferentes centros educativos, non é o primeiro.

E o peor de todo, é que é tan surrealista a planificación, que vai chegar un momento en que, se por exemplo, e xa poño o meu concello de exemplo, naces en San Sadurniño, terás que ser de ciencias, porque non haberá itinerario de letras. E, se naces, e os rapaces que decidan facer un itinerario de humanidades en Sarria, non o van poder facer. E estas son as planificacións e as decisións que se están tomando. Por certo, mantendo o financiamento a centros concertados e públicos que realmente contribúe que a onde teñen que ir os recursos prioritariamente é a educación que é de

todos e todas, que é a educación pública.

Investimentos en educación? Pois si, claro, se os investimentos en educación contan os investimentos que están facendo en moitos centros para tombar paredes e crear aulas máis grandes que permitan concentrar máis alumnos e, por tanto, reducir aulas desdobladas; eliminar bibliotecas para crear aulas; eliminar laboratorios, co cal se perde a oportunidade de cursar a parte práctica dunha asignatura e habilitar unha aula; manter unha caldeira de máis de 20 anos con continuas reparacións e non substituíla? Pois ese tipo de investimentos si que faltan, solicitados reiteradamente.

Entón, claro que temos que denunciar o tipo de políticas que se están desenvolvendo en relación a blindar a educación pública galega. E non, grazas ao esforzo dos docentes, á implicación das familias e ao esforzo do alumnado, terán o resultado que teñan pero, dende logo, de seguirmos así, outro setembro e outro setembro máis tendo que presentar a folia de ruta de redución de recursos recortes do Partido Popular, máis cedo que tarde os resultados xa non nos van acompañar.

Sr. Lema Suárez

Eu teño curiosidade por saber a que se refería a voceira do Partido Popular cando dicía que había que botar unha man na crise demográfica. Deixouno así dito, cal sería a medida concreta que se propón para iso?

En segundo lugar, a ver, alguén pode ser usuario da educación pública e ter unha renda de 100.000 €. Finalmente, a universalidade da compra de material escolar é unha bolsa, unha beca. Entón, estamos propoñendo darlle esa bolsa a alguén que ten unha renda de 100.000 €?, porque iso tamén é o que propón Isabel Díaz Ayuso, e somos moi críticos. Entón, alguén pode gañar 100.000 € e levar os seus fillos á pública, perfectamente pode facelo, por que non? Tamén lle imos a pagar os libros escolares gratuítos? Vamos a ver, entendo que non, entendo que non. Entón, dá traballo administrativo ponderar criterios de renda e excluír os máis ricos que, como di a dereita, claro, dá traballo administrativo facer as táboas e repartir as axudas, claro, pero é que iso nos diferencian, entendo, porque o outro o fai a dereita. Por iso digo eu que se estamos replicando aquí modelos que non son nosos, porque a universalidade dos libros de texto é unha axuda, é unha bolsa e, cando propoñemos darlla tamén sen discriminación de renda a calquera, sen ter en conta ese criterio, pois estamos replicando políticas que ridiculizamos cando as protagoniza a presidenta da Comunidade de Madrid.

Sra. Muíño Filgueira

Ben, agora xa comprendín o punto no que non nos estabamos entendendo. A gratuidade que se aplicaba aos libro de texto era a través dun fondo de préstamo, é dicir, había un material nos centros educativos nos que as familias tiñamos os libros que correspondían a cada curso e que, ao final de curso, tiñamos que devolver no propio centro para que o utilizasen outros rapaces e rapazas, cuestión que, por outro lado, creo que aparelha outro tipo de conceptos educativos que non lle fan mal a ninguén teña a renda que teña. Evidentemente, con independencia da renda, debemos ter acceso e dereito á educación pública todos e todas, á sanidade tamén, por iso digo que coidado coas sendas de debate que queremos abrir en relación a esta cuestión.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, brevemente, incidindo niso, Sr. Lema, penso que aí te trabucas, se algo defendeu a socialdemocracia dende o seu inicio é a universalidade dos servizos públicos, nomeadamente a educación e a sanidade. A redistribución tense que facer a través dos impostos, porque se diferencia entre servizo público e beneficencia. Esa renda de 100.000 € xa paga impostos para financiar os servizos daqueles que non pagan impostos. Polo tanto, é xusto que esa persoa, que cos seus impostos está pagando eses servizos poida tamén desfrutar deles porque, se non, non sería tan xusto, porque, se non, tirando dese argumento, as estradas nacionais os que son de rendas baixas que vaian gratis e os que gañen moito que as paguen; non, porque xa está pagando de forma indirecta a través dos seus impostos. Iso é o que fai máis xusto unha sociedade, que o que máis ten máis paga, e iso é o que defende a socialdemocracia, non é a dereita. Por iso creo que aí estás errado, e de aí que nós defendamos esa universalidade dos servizos públicos. Os libros son á educación o que as medicinas son á sanidade, exactamente o mesmo. O que máis, ten máis impostos paga e despois todos os que somos membros da mesma sociedade desfrutamos dos mesmos servizos en igualdade. Iso é o que eu defendo neste caso, e o que defende neste caso o meu partido e a socialdemocracia, na que se basea gran parte do noso ideario.

Sobre o que comentaba antes a representante do Partido Popular de que a axuda por renda é o máis xusto, eu non estou de acordo, baseándome nisto que acabo de explicar, e a Xunta de Galicia, unha parte da Xunta de Galicia tampouco, porque acaba de aprobar a gratuidade nas escolas infantís, que non é ensinanza obrigatoria. É dicir, as escolas infantís son gratis para todos os usuarios, dá igual que gañen 300.000 € ao ano, que que gañen 1.500, que que non gañen nada. Entón ou unha cousa ou a contraria. Ou se é máis xusta para a gratuidade dos libros deberá selo tamén nunha ensinanza que non é obrigatoria, porque a dos libros o que non teña, terá que buscar as fabas, porque ese si que está obrigado a ter alí ao seu fillo, nunha escola infantil non. Por non falar tamén da discriminación que entendemos que non é xusta entre as privadas e as públicas, que as axudas son de 300 €, mentres que na pública son de cento e pico. Por tanto, aí hai certa contradición por parte da Xunta de Galicia en canto a que nun aspecto é totalmente universal, e no outro non o é. Entendo que será por non dicir "onde digo digo dije Diego", que como o primeiro que fixo o señor Feijóo pois foi cargarse esa universalidade, pois non lles gustará volver a esa medida e por tanto aplican noutros eidos. Benvidas sexan, nós compartimos e agradecemos que se teña adoptado esa medida nas escolas infantís, pero non así nos lamentamos de que non se faga no que se refire á gratuidade dos libros de texto.

E, sobre a ratio, é verdade, a ratio nos centros de Secundaria está en 30 pero é que a media española está en 25. Por tanto, algo estaremos a facer mal cando non somos capaces de converxer coa media española. Iso dígoo tamén porque, xa que moitas veces se presenta ultimamente o señor Feijóo como o gran xestor comparando a súa xestión coa do Goberno do Estado, pois tamén é importante ter en conta onde non converxemos, e na ratio de alumnos por aula é unha delas, nós estamos moi por debaixo aínda, ou moi por enriba, mellor dito, desa ratio de 25, que xa me parece excesiva, e é máis a media europea creo recordar que está entre 21 e 23. Repito, aquí estamos en 25 a nivel estatal e en Galicia a 30. Por tanto, algo non se estará

facendo ben na educación. E antes lin algúns titulares de representantes dos distintos sectores, dende AMPAS ata o propio profesorado, que están a denunciar o que están a denunciar. Nós facémonos eco diso, ninguén quere dicir que isto sexa desastroso nin a peor do mundo, pero dende logo boa non é porque, se non, non estaríamos na situación na que estamos.

E o despoboamento ten que ver tamén moito coa educación. É dicir, as políticas non son de compartimentos estancos. Se hai que facer algo para que non haxa despoboamento no rural, dende logo pechar escolas e, polo tanto, non poder prestar ese servizo non axuda a que alguén vaia instalarse no rural, senón máis ben todo o contrario.

E a educación non se pode sempre medir dende un punto de vista economicista, é dicir, pode haber unha escola unitaria nunha parroquia que teña 7 alumnos? Pero se hai que mantela, hai que mantela, aínda que o custo sexa moi elevado para eses alumnos, porque é a forma de garantir que aquelas familias que queiran trasladarse ao rural o poidan facer, porque, se non facemos así e pechamos as escolas, que vai pasar? Pois que van escapar para zonas urbanas e periurbanas, e iso loxicamente estaría totalmente en contra dese repoboamento que temos todos en mente do que tanto falamos do rural.

Por tanto, nós lamentamos que non respalden esta moción pero, por quedarme con algo positivo, comparto con vostede ao 100% e alégrome escoitalle tamén esa demanda de que cheguemos a acordos en cuestións esenciais da sociedade, neste caso un pacto de Estado sobre a educación, iso compártoo ao cen por cen e alégrome de escoitallo. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Villaverde Pais

Sei que non imos chegar a acordo porque cada un xa está posicionado e logo hai realidades que se poden mellorar, como algunha das expostas. Pero quero explicar que hai un catálogo de centros de Infantil e Primaria que establece as prazas de profesionais de todas as especialidades, ademais de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, que tamén son especialistas nos centros. Entón, segundo as unidades que hai nun centro, corresponden, e iso está lexislado, e é a competencia, vale, e iso supérase en moitísimos casos. Agora mesmo, cando empeza o curso, están cargando os datos e aínda non acabaron, que conste que o están facendo moi rápido, despois doulles outro dato para que tamén se sintan orgullosos con respecto ao resto do Estado, que creo que iso é bo para todos, en canto a cubrir as baixas, pero iso está no catálogo de centros, e o catálogo de centros cúmprese e mellórase. E diminuíu o profesorado, aumentou o profesorado, convocáronse un montón de prazas este ano, van convocar para o próximo, houbo unha convocatoria que foi a maior da historia no ano 2021 e todos os profesores son novos funcionarios, ou escaparon do país? Están aí. E o alumnado a menos. Despois, o que me volve a estrañar é que se nos fale de ratio outra vez e que se nos diga que Galicia ten 30 cando no resto doutros lugares do Estado teñen 25. Entón eu preguntome: que pasa, que o Estado permite que non se aplique a ratio en distintas comunidades? Ben, pois que decepción. Entón teremos que desobedecela todos. Pois, non. Eu de verdade creo no Estado de dereito, sa sei que ultimamente está saíndo moitos sitios que hai que desobedecer as leis; eu non creo nun país así, eu creo nun sitio no que haxa unha xustiza que sexa xusta, si creo que o intenta, e que o é na maioría dos casos, e

que temos, que nos gusten ou non, que acatar a lei; se non, claro, como lle digo, como lle dixen o outro día a un veciño no meu concello que tiña un taxi e non lle gusta a nova lei e que quedou sen a licenza de taxi porque a el non lle gusta a nova lei, e digo: hai tantas leis que a min non me gustan que as teño que acatar... E logo podo denuncialas, podo pedir que se cambien, pero mentres está vixente eu creo que non sei que pintamos aquí se non cremos que as leis as hai que aplicar para o territorio onde foron aprobadas, creo eu.

En canto á Educación Infantil, a Educación Infantil houbo un globo sonda que se lanzou que ía pasar a educación todo, de momento non forma parte do sistema educativo, de momento non forma parte, pero en todo o Estado. Prazas de Educación Infantil dependendo de onde vivas, hai pais que queren por proximidade ao seu posto de traballo, teñen máis cerca unha gardería que é privada, ou que quedan fóra e que non hai máis prazas públicas, que haberá que incrementalas e que teñen que recorrer a unha privada. E a comunidade autónoma galega, a Xunta, o que fixo foi que esa xente non quedase cos nenos na casa ou tendo que mandarlos á avoa e ter unha axuda para poder levalos a eses centros. Non intenta favorecer os privados sobre os públicos, senón que intenta, e está ofrecendo, recorden, escolas, hai oportunidade de escolas niño para que se pidan desde os concellos para ter onde hai poboacións moi dispersas, pode obtelas. Algúns temos un punto de atención á infancia que non sabemos por que, ou si, pero non é aquí o momento, que é pasado, e a min non me gusta remover cousas pasadas, pois por un capricho político nós quedamos fóra, e seguimos sendo pais e supón para o concello un desembolso grandísimo, incluso agora con esta medida. Por que se fai a medida de gratuidade? Pois para tentar favorecer que aumente a natalidade, que non sexa... Si, porque hai moitos pais e, aínda... Ir a casos particulares que coñezo non é, non o quero facer aquí, creo que non é o foro para facelo, pero se teñen gratuidade na escola pública de 0 a 3 para poder acceder ao traballo os pais, creo que é unha vantaxe que si teñen en conta, igual que teñen en conta que haxa Concilia nos colexios, os pais incluso veñen empadroarse a outros concellos porque teñen ese servizo que lles permite chegar a tempo ao traballo e non ter que renunciar a ese horario, a ese traballo, conciliación e educación van da man. Profesorado, axudas a libros de texto incrementadas cada ano, axudas para material escolar tamén, tamén para o alumnado que ten necesidade doutro material que non é o de todos os alumnos, xa saben a cales me refiro, de necesidades educativas especiais, e teñen axudas que chegan para comprar eses libros que doutro xeito non podían. Os libros que non se poden reutilizar pois hai axudas para eses libros. Cales non se poden reutilizar?, aqueles de primeiro de Primaria, segundo de Primaria, nos que se escribe no propio libro. Entón eses libros non son reutilizables, non poden ir ao fondo, co cal hai axudas á parte para eses centros.

En canto a un dato que o señor García creo que dixo que superabamos a ratio, ademais de que me descubriu que non se respectaba a lei en todos os sitios, cousa grave, dime que estamos por baixo da ratio estatal, non. Que somos os últimos; pois non, estamos no 10,2 e hai outra que nos segue co 12, e o resto do Estado doce coma algo. Ou sexa que ese dato debemos contrastalo porque seguro que onde o consultou non era correcto, e tamén eu o mirarei por se non é correcto o meu, pero de todos os xeitos moi parellos: 10-12. Non creo que o teña mal porque o mirei en varias fontes, pero, ben, a min non me gusta ir de perfecta porque non o son. Nada máis, que temos unha educación moi mellorable pero moi boa en comparación co resto do Estado.

Sr. Presidente

Por favor, intentemos manexar todos os tempos, na procura de ser máis eficientes.

(Abandona o salón o Sr. García Seoane).

Sra. Muíño Filgueira

Un matiz, porque, logo de escoitala e que estou segura de que ademais coñece moitísimo o sistema educativo por como fala, evidentemente, en relación ás ratios, existen uns máximos indicados que cada comunidade autónoma, ao ter a competencia en educación, pode rebaixar; de aí a diferenza. E que si que é verdade que as nosas medias é porque en moitos centros hai pouquiños nenos.

Máis nada.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (11 do PSOE, 3 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Votan an contra: 12 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños - en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG en defensa do servizo básico e esencial da educación pública"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días a comunidade educativa galega inicia un novo curso académico. Trátase sen dúbida dun curso especialmente complexo tanto para as familias como para o profesorado e o alumnado.

Dunha banda as familias afrontan con dificultade o novo curso cunha perda de poder adquisitivo debido ao incremento xeralizado dos prezos en toda Europa derivado da guerra en Ucraína e as súas consecuencias sobre a enerxía e as administracións. As familias terán que facer fronte ao inicio de curso máis caro da historia cun custe medio nos centros públicos e concertados que supera os 480 euros por neno/a (libros de texto e material escolar).

A política actual do Partido Popular límitase a axudas mínimas ás rendas baixas (ate 10.000 euros, máximo 210 euros por neno), e alumnado con NEAE (65% discapacidade, 275 euros), e a unha axuda ridícula para material escolar de 50 euros ás rendas iguais ou inferiores a 6.000 euros; axudas que nin cubren os custes totais dos libros de texto, nin son universais. Podesé dicir que a Xunta de Galicia ten abandonado as familias ante o curso máis caro da historia, pois nin ten actualizado as contías das axudas nin tampouco os umbrais que permiten o acceso a elas. E todo isto, a pesar dos fondos recibidos por parte do goberno do Estado, que o pasado 21

de agosto aprobou unha partida de 58 millóns de euros para este fin.

Resulta preciso contrastar este modelo coa gratuidade universal dos libros de texto implantada polo Goberno Bipartito, cuxa derogación no ano 2009 os/as galegos/as debemos ao específico empeño do Sr. Feijóo e ao seu primeiro goberno, do que, recordemos, tamén formaba parte o actual presidente da Xunta, o Sr Rueda. Un sistema de gratuidade universal para todos os/as usuarios/as de centros educativos sostidos con fondos públicos; medida que hoxe posúen comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra, e coa que sen dúbida todas as familias estarían hoxe protexidas fronte aos efectos da inflación no acceso a un dereito como é o dereito á educación.

Este é tamen un inicio de curso complexo para os docentes pola posta en marcha da reforma do sistema educativo propiciado pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOMLOE), que é clave para a modernización da educación deste país.

O profesorado afronta un reto fundamental que require todo o apoio e axuda da Xunta de Galicia, para o que se precisan recursos e colaboración. Nembargantes, a resposta da Consellería de Educación é novamente a de facer recortes, dando as costas ao profesorado e ao estudantado.

Neste sentido, a Orde publicada o pasado día 12 agosto, de modificación de unidades e postos de traballo de docentes dos centros públicos amosa novamente a vontade de deteriorar a oferta pública galega con 100 docentes e case 60 unidades menos respecto ao curso anterior en Infantil e Primaria. Recortes que afectan a centros nos que o número de alumnado mantense, ou nalgún dos casos incluso medra.

Os novos recortes aplicados cara o inicio do presente curso 2022-23 supoñen:

- peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.
- A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable e con necesidades específicas de apoio educativo.
- aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "record" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos por aula.
- A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.
- aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden os orientadores.
- A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes novos recortes efectuados cara o inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos que abondan na súa deteriorización. Os continuos

recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación. Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento.

Faise preciso tamén denunciar o groseiro uso político que tanto o conselleiro Rodríguez como o presidente Rueda veñen facendo da necesaria adaptación da ensinanza no noso país á reforma educativa en vigor, mediante un alarmante deixamento das súas funcións, pois somos unha das sete comunidades autónomas que aínda non ten aprobados os decretos de adaptación á LOMLOE (catro delas gobernadas polo PP). É dunha grave irresponsabilidade facer oposición ao Goberno do Estado tomando como reféns ao estudantado de Galicia.

Por último, esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que faga público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG e do BNG propoñen a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.
2. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.
3. A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Dos preguntas rápidamente, presidente. La primera es: varios clubs de la provincia se han puesto en contacto conmigo y con algunos de nuestros alcaldes y portavoces, clubs de fútbol, preguntando por qué no se había disputado la Copa Diputación este año y si realmente no se iba a volver a disputar. Lo que se decía hasta ahora de que era una cuestión por el tema de la pandemia y las restricciones que había este año yo creo que ha sido un año a todos los efectos normal. Si no se va a disputar, nos gustaría saber por qué y, si no, traeremos alguna propuesta respecto a esto.

Y la segunda es: los compañeros del Grupo Municipal del Partido Popular de Brión me mandan una noticia de diciembre del año pasado en que el presidente anunciaba con el alcalde: "A Deputación da Coruña construíra una senda peonil en Mourentáns e ampliará a estrada provincial DP-1301". Se decía que esto se iba a hacer entre el año 22-23 y a día de hoy *res de res*. Parece ser que no hay nada iniciado respecto a esto, y están inquietos por esta cuestión y trasladan que cuándo se va a dar inicio a estas actuaciónes.

Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Respecto á segunda pregunta, averiguaremos como está o expediente, o compromiso segue vixente evidentemente e pasarémosche a información.

E, respecto á primeira, dicir que é unha decisión política que o custo desa copa en medio millón de euros. É dicir, esa organización, medio millón de euros que decidimos mantelo no ámbito do fútbol base, da promoción do fútbol base, e dedicalo nas convocatorias que dedicamos á promoción do deporte base, porque entendemos que era unha cantidade que ía aportar moito máis que un só trofeo.

Pois moitas grazas a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:50 horas.